

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 38

Sesión plenaria
26 de maio de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación.)

Punto 4. Propositions non de lei

4.4 15635 (11/PNP-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

4.5 15692 (11/PNP-001510)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

4.6 15817 (11/PNP-001525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 5617 (11/INT-000380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

5.2 15700 (11/INT-000891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da paridade na composición dos órganos de toma de decisión do Consello de Administración da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021



5.3 15829 (11/INT-000901)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre a política do Goberno galego en materia de enerxía eólica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 16209 (11/POPX-000031)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co fortalecemento dos servizos públicos galegos como garantía fronte á crise sanitaria, económica e social da covid

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

6.2 16210 (11/POPX-000032)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención primaria fronte ao impacto da pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 8193 (11/POP-001129)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021

7.2 15842 (11/POP-002077)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**Sobre os motivos da Xunta de Galicia para efectuar as convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos *Next Generation* despois de remitirse a Bruxelas o Plan nacional de recuperación e resiliencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

7.3 15759 (11/POP-002066)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021



7.4 16207 (11/PUP-000180)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e dezanove deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa folla de ruta que deberán seguir as distintas administracións públicas de cara a garantir o mantemento do emprego e produción en ENCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

7.5 14142 (11/POP-001915)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os avances producidos respecto da dotación de novas tecnoloxías destinadas á diagnose e á mellora tecnolóxica dos bloques cirúrxicos no Sistema galego de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.6 15555 (11/POP-002042)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e trece deputados/as máis**

Sobre as melloras realizadas nas infraestruturas sanitarias e os servizos implantados nos centros hospitalarios da provincia de Lugo desde o ano 2010

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.7 15882 (11/POP-002082)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dunha unidade de desordes alimentarias en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

7.8 16201 (11/PUP-000179)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a reforma lexislativa que evite a incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia co ingreso mínimo vital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

7.9 7672 (11/POP-000998)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas de actuación do Goberno galego en relación coa fixación do prezo do leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co fortalecemento dos servizos públicos galegos como garantía fronte á crise sanitaria, económica e social da covid. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Pregunta a Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención primaria fronte ao impacto da pandemia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 27.) e *Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 30.)

O señor Bará Torres (BNG) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 33.)



Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 36.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 39.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 42.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. .)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 50.)
e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 53.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamento do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo plan sectorial eólico para Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e catro deputados/as máis, sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal: *rexeitada por 13 votos a favor, 42 en contra e 18 abstención.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)



Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abastención.* (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abastención.* (Páx. 60.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña: *aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abastención.* (Páx. 60.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

Pregunta de D^a Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán López (S).* (Páx. 61.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 62.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán López (S).* (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 64.)

Pregunta de D^a María Elena Candia López e dezanove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coa folla de ruta a seguir polas distintas administracións públicas de cara a garantir o mantemento do emprego e produción en ENCE. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santos Costa (P).* (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 67.)

Réplica do autor: *Sr. Santos Costa (P).* (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 69.)



Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 78.)

Interpelación de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da paridade na composición dos órganos de toma de decisión do Consello de Administración da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Varela (S).* (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Varela (S).* (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 87.)

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de enerxía eólica en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 92.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 97.)

Suspéndese a sesión ás tres e retómase ás catro e cincuenta e sete minutos da tarde.

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os motivos da Xunta de Galicia para efectuar as convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos *Next Generation* despois de remitirse a Bruxelas o Plan nacional de recuperación e resiliencia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 99.)

Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)* (Páx. 101.)



Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)* (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)* (Páx. 105.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances producidos respecto da dotación de novas tecnoloxías destinadas á diagnose e á mellora tecnolóxica dos bloques cirúrxicos no Sistema Galego de Saúde. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 109.)

Pregunta de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras realizadas nas infraestruturas sanitarias e os servizos implantados nos centros hospitalarios da provincia de Lugo desde o ano 2010. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 114.)

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dunha unidade de desordes alimentarias en Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 118.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para a reforma lexislativa que evite a incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia co ingreso mínimo vital. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 122.)



Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas de actuación do Goberno galego en relación coa fixación do prezo do leite. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)* (Páx. 124.)

Réplica dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)* (Páx. 126.)

Remata a sesión ás seis e dez da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co fortalecemento dos servizos públicos galegos como garantía fronte á crise sanitaria, económica e social da covid

Comezamos coa pregunta de don Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

«Galicia está a la cola en España en gasto en servicios sociales por habitantes». Galicia, á cola de España en servizos sociais por habitantes. Esta é unha cuestión que nos preocupa porque Galicia está na cola do desenvolvemento dos servizos sociais do sistema que existe en España. Somos a décimo terceira comunidade autónoma de dezasete, a 13 de 17 en desenvolvemento en servizos sociais, porque o gasto por habitante anual en servizos sociais en Galicia está por debaixo da media de España: 367 en Galicia, 406 en España. Porque tamén a porcentaxe de gasto social sobre gasto corrente en España é menor aquí en Galicia, porque aquí en Galicia a dotación de profesionais nas estruturas básicas de servizos sociais é menor da que existe en España, hai un profesional en servizos sociais por cada 2.500 persoas, mentres que en España hai 1 por cada 1.800. Porque tamén a taxa de cobertura das atencións por dependencia en Galicia está por debaixo da taxa de cobertura en España. Porque cos datos do ano pasado a poboación que está en pobreza que tivo acceso ás rendas mínimas de inserción en Galicia foi menor que en España. Porque, se falamos de residencias de financiamento público para persoas maiores, en Galicia só hai 1,2 prazas por cada 100 persoas, mentres en España hai máis do dobre. Porque en Galicia hai menor cobertura do servizo de axuda a domicilio, que reciben 3,3 de cada 100 persoas maiores de 65 anos en Galicia, mentres en España a porcentaxe é do 5%; e ademais é certo que con maior intensidade horaria para os que a reciben porque o pagan os concellos.

Porque tamén, cando falamos da teleasistencia en servizos sociais, en España a cobertura é 5 veces máis alta que en Galicia. E aquí hai menos prazas residenciais para persoas con discapacidade, hai menos prazas diúrnas e ocupacionais para persoas con discapacidade, hai menos prazas de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero, hai máis de 2.000 nenos que quedan en lista de espera para obter praza nas gardarías.

E é por iso que ante a crise de maior envergadura, a crise máis profunda no económico e no social, necesitamos fortalecer os servizos públicos. Porque coa boca pequena o Partido Po-



pular, a dereita, debilita os servizos públicos en Galicia, os servizos sanitarios, os servizos sociais, e non teñen unha aposta para construír un escudo protector que protexa a xente. E no ano en que chegan máis fondos extraordinarios á comunidade autónoma galega témolo que instar, señor presidente, a que constrúa un escudo protector e rectifique os doce anos de debilitamento dos servizos públicos. Non merecen os galegos e as galegas estar cos peores niveis comparativos con outras comunidades autónomas do conxunto de España.

E vostede vive nunha realidade ficticia, sacando datos ao chou para tentar amosar que hai unha situación de cobertura evidenciada no último informe das directivas e xerentes de servizos profesionais que saíu esta semana poñen enriba da mesa. E o mesmo que din os datos sobre que Galicia está na cola de España en servizos sociais é o mesmo que saben milleiros de familias en Galicia que teñen que esperar durante moitas semanas para que se lles poida facer unha valoración para acceder ás rendas mínimas, que teñen que esperar para conseguir unha praza en gardaría, que non teñen unha residencia pública para maiores, que non teñen un centro de día. E esa falla de servizos públicos é o que nos deixa o Partido Popular, e é o momento de rectificar, é o momento de recoñecer o debilitamento que os datos e a realidade do país coñecen para construír un escudo de protección social. Non podemos confiar nunha dereita...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que debilita os servizos públicos, os servizos sanitarios e os servizos sociais; nunha dereita que non constrúe o maior escudo protector para facer fronte á maior crise. E non podemos confiar porque cremos que é fundamental ter unha aposta decidida polos servizos públicos de calidade, pola contratación de persoal para darlles aos galegos e galegas a cobertura que necesitan.

Señor presidente, ten a man tendida para mellorar os servizos públicos en Galicia, os servizos sanitarios, os servizos sociais. Para rectificar as súas eivas, as súas debilidades.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Para construír unha saída desta crise na que os servizos públicos sexan o colchón de respaldo para darlles dereitos aos galegos e ás galegas, porque cando falamos de servizos públicos falamos de dereitos, falamos do que os galegos e as galegas merecen polo xeito de ser cidadáns dun país de primeira. E non queremos seguir sendo unha comunidade de segunda que está no número trece...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...das dezasete comunidades autónomas de Galicia e de España...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...á hora de falar de servizos públicos.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Servizos públicos, servizos públicos, servizos públicos. Rectifique, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, con todos os respectos, se esta pregunta puideramos titulala, polo menos a súa intervención, sería exactamente o que vostede dixo: sacar datos ao chou. Iso é o que veu facer nesta sesión de control.

Señor Caballero, se por algo se caracterizaron os gobernos dos que formo parte é polo seu compromiso cos servizos públicos en momentos de dificultade, incluso en momentos en que se discutía o rescate de España e en momentos da pandemia. Desde que chegamos no ano 2009 non soamente blindamos os servizos públicos, senón que temos o dobre de gasto social que tiña o bipartito, o que vostedes presidían. Dende que chegamos ao Goberno non nos chega con blindar os servizos públicos, o obxectivo é mellorar os servizos públicos, ampliar os servizos públicos e ter uns servizos públicos mellores que a media de España.

Escoitar falar, señor Caballero —reitéroo, con todos os respectos— das escolas infantís...; cando chegamos ao Goberno había 12.000 prazas, hoxe hai 25.000, o dobre. Somos a única comunidade autónoma de España que ten gratuidade nas escolas infantís para os segundos e sucesivos fillos, a única comunidade autónoma de España. (*Aplausos.*) Non coñezo ningunha comunidade autónoma socialista que o comprometa. (*Aplausos.*)

Señorías, 70.000 tarxetas de benvida a todos os nenos e nenas que naceron dende que chegamos ao Goberno da Xunta de Galicia. O 80 % das familias recibiron esa tarxeta benvida de 100 euros ao mes durante un ano, de dous ou de tres en función da renda e do número de fillos.

Señoría, dicir e non computar as prazas de axuda no fogar dentro destes datos ao chou que vostede reflicte, ¿será porque somos a comunidade autónoma de España con máis prazas de axuda ao fogar? ¿Será porque temos 24.000 prazas de axuda ao fogar atendidas por persoas, mulleres e homes, que visitan esas persoas no seu fogar? ¿Será porque multiplicamos por 10 o número de prazas de axuda ao fogar que tiñamos cando chegamos ao Goberno?

Volver outra vez falar de residencias e facer outra vez a comparación torticera do número de residencias públicas co número de... ¿que se entende por público, señoría? Temos as mesmas residencias públicas que herdamos do bipartito. ¿Que pasa?, ¿que tiña poucas o bipartito? 13.000 novas prazas de residencias financiadas con fondos públicos, ese é, señoría, o dato, o dobre que cando chegamos ao Goberno. (*Aplausos.*) Estamos falando do dobre ou do triplo en materia de servizos sociais, por iso me sorprende o seu plantexamento.



Durante a pandemia —ao que vostede se refería— somos a segunda comunidade autónoma con menor mortalidade en residencias de España, un 60 % menos; e, sen embargo, somos unha das comunidades máis envellecidas do país. Hai 50.000 galegos que están cobrando a tarxeta durante a pandemia; unha tarxeta ¿para que?, unha tarxeta básica, señoría, para cubrir as eivas do Goberno central. Unha tarxeta básica con fondos da comunidade autónoma de ata 900 euros para cubrir os problemas das familias para poder chegar a fin de mes. Pero, señoría, imos seguir traballando, remataremos este ano con 500 prazas de casas niño no rural —cando chegamos ao Goberno había cero—; e remataremos este ano con 400 prazas de casas do maior —cando chegamos ao Goberno había cero—.

Pero, señoría, somos a primeira comunidade autónoma que aprobou unha Lei de impulso demográfico, espero que non nola recorra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E tamén, señoría, somos unha comunidade autónoma que sabe perfectamente que hai que diminuír as cargas burocráticas da xestión da dependencia. E hoxe o Goberno da Xunta, que se reúne de forma inmediata despois desta sesión de control, fará a diminución burocrática máis ampla de todo o país para diminuír os tempos de valoración para cubrir a Lei de dependencia. Por certo, señoría, seguen vostedes sen financiar a Lei da dependencia, o Goberno máis social de España é o Goberno máis insolidario cos maiores. O 76 % da dependencia séguela financiando a comunidade autónoma. Señor Caballero, comprenderá que vir dar leccións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de políticas sociais, simplemente é unha pregunta ao chou.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, que o Partido Popular nos queira falar da Lei de dependencia cando o seu presidente, o señor Rajoy, dixo que aquilo era papel mollado, que non se podía cumprir nin aplicar, implica que vostedes non teñen ningún pudor á hora de falar do estado do benestar e da política social *(Aplausos.)* porque falla o compromiso, porque os datos son evidentes. *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, vostede ponse medallas polas coberturas do servizo de axuda a domicilio no fogar, e os datos son evidentes: en Galicia 3 de cada 100 persoas maiores de 65 anos teñen un servizo de axuda no fogar, a media de España é de 5 persoas de cada 100; 3 en Galicia, 5 na media de España. ¿Onde están as súas medallas? Teña empatía, teña sensibilidade, pónase a carón das familias que non conseguen ter esas axudas e esas necesidades, e báixese do pe-



destal do rodillo, que non é o mellor acompañante para construír unha saída con protección social.

Pero, se os servizos sociais, señor Feijóo, amosan a súa falla de compromiso cos servizos públicos, o mesmo ocorre tamén cos servizos sanitarios, que son servizos públicos tamén esenciais. Uns cantos titulares resultan evidentes, nestes días estámolo vendo con moita claridade: «A volta á presencialidade reaviva a crise latente da atención primaria», «*Requero de pacientes a urgencias por las trabas para ir al médico de familia*», «*Las consultas presenciales en los centros de salud no volverán al nivel prepandemia*». Ou hoxe mesmo nun xornal: «*El rechazo de los MIR a los contratos del Sergas aboca a un verano difícil en atención primaria*». Esta é a realidade dun sistema sanitario que necesita fortalecemento, que é necesario nesta lexislatura convocar 5.000 novas prazas estables para cubrir xubilacións e para xerar un fortalecemento dun sistema sanitario que ten que atender toda a poboación galega e estar reforzado tamén para atender un proceso de vacinación que é tan complexo. E o certo é que hoxe o sistema sanitario está debilitado ante tanta situación de tanta gravidade pola Covid.

O propio conselleiro recoñecía, que son necesarios dous anos máis para que a situación sanitaria poida estar como estaba antes da crise da Covid, que xa non estaba ben, porque hoxe hai que esperar 18 días máis en lista de espera para entrar en quirófano, un total de 72 días; e hoxe hai que esperar 8 días máis para ser atendido por especialista, 49 días para ter atención, como efectos da pandemia e por iso vostedes non poden seguir na mesma liña de acción.

Eu quedo abraiado cando leo onte nos xornais que a Consellería de Sanidade quere converter o Sergas nun *call center*, onde un administrativo decide se un paciente ten dereito a ter unha atención presencial ou ese paciente vai ser atendido telefonicamente. É un retroceso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...é un proceso de destrución do que temos construído. E teñen que rectificar porque a sanidade pública é moito máis que un *call center*, necesita fortalecer a atención primaria, onde sabemos que había moitos problemas antes da pandemia e agora hai máis. Porque hai que fortalecer as Urgencias, onde a presión é máis grande porque os cidadáns cando queren ir ao centro de saúde teñen que esperar ás veces ata 15 días para conseguir unha cita co seu médico de saúde. Porque é necesario, señor Feijóo, fortalecer todo o proceso de vacinación que vén para quedar. Porque o Goberno de España e a Unión Europea marcaron unha estratexia que é de éxito e que estamos aplicando tamén en Galicia con acerto e no que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...están poñendo todo o que poden da súa parte, pero hai que facer máis porque hai que reforzar un sistema sanitario público que vai ter que estar vacinando durante moitos trimestres, durante moitos anos a poboación galega. E non poden descansar nuns profesionais sanitarios que xa deron o mellor de si durante toda esa pandemia sen ser reforzados con máis poboación traballando nesa sanidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.



O señor CABALLERO MIGUEZ: E é por iso...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...é o momento de ter a xunta do benestar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MIGUEZ: É o momento de deixar atrás a Xunta...

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Terminou o seu tempo.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou o seu tempo, señor Caballero.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Xa terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Grazas.

Peché desta pregunta. Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Todos os españois saben perfectamente que o Goberno de España non cumpre a Lei da dependencia. Falar da situación en que deixaron España nos momentos do Goberno do presidente Rajoy debería de darlle un pouco de vergoña. Falsificación das contas públicas e a piques de pedir o rescate, e veñen aquí falar da situación en que deixaron España? Señoría, falar dos MIR neste momento volviendo a manipular e dicindo que se a xente se vai do Sergas; non, os MIR de familia teñen dereito a elixir un servizo de urxencias, un servizo de atención domiciliaria ou atención primaria. O problema dos MIR, señoría, e que, fíxese vostede que fala da presencialidade, fíxese o escurantismo e o espurio do sistema, que o Ministerio de Sanidade non deixa aos MIR pedir praza presencialmente. ¿Que poden pensar todas as persoas que aprobaron o MIR en España que non poden acudir ao Ministerio de Sanidade a elixir a súa praza presencialmente, e vostede vén aquí dicir que se hai pouca presenza na actividade da atención primaria? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É unha vergoña, señoría, impropia dun sistema MIR, que é o sistema máis serio *(Aplausos.)* de formación de España.



Pero vostede siga. Ese informe do que fala vostede dos xerentes, omite que nese informe se concreta que a comunidade autónoma máis eficiente en servizos sociais e en gasto en servizo social é Galicia. ¿Por que omite ese parágrafo?

Mire, señor Caballero, deixémonos de opinións e vaíamos aos datos. O presuposto que asumimos en políticas sociais foron 570 millóns de euros, o presuposto que temos hoxe ronda os 1.000 millóns de euros. É dicir, máis dun 66 % de incremento cando o presuposto da Xunta dende o ano 2009 a agora subiu un 9,7 %. Se o presuposto total sobe un 9,7 % e o presuposto de servizos sociais sobe un 66 %, ¿parécelle que iso non é comprometerse cos servizos sociais? ¿Non? Ben, é a súa opinión como é natural. Un incremento do 66 % non é comprometerse con nada.

Mire, centros de día, incremento 242 %; de 983 prazas a 3.367. Centros de alzhéimer, de 230 a 494, 111 %. Residencias, de 5.500 prazas a 8.000, un 43 %. Bonos libranza, de 800 a 7.065, multiplicamos por 8. Prazas de discapacidade, de 4.300 a 5.300, multiplicamos cun incremento do 23 %. Escolas infantís, xa llo dixen, de 12.000 a 25.000, incremento do 96 %.

E vén vostede aquí a plantexar unha serie de consideracións, pero con todos os respectos, señor Caballero, mire, os orzamentos con máis recursos da historia das políticas sociais son os aprobados por este Goberno en plena crise, tanto na crise que deixou o Partido Socialista como durante a pandemia. O orzamento con máis recursos, case o dobre de servizos sociais foi o que está aprobando este Goberno. E as prazas móvense entre un incremento do 25 % e unha multiplicación polo dobre ou polo triplo.

Pero, señor Caballero, eu comprendo que para dar servizos sociais hai que ter recursos, recursos públicos. E o primeiro que temos que acreditar é a eficiencia na utilización dos servizos públicos e dos recursos, e o segundo, a defensa dos intereses de Galicia para conseguir eses recursos públicos.

Que veña aquí o actual líder do Partido Socialista a falar de recursos públicos cando acabamos de gañar unha sentenza contra o seu Goberno porque nos debe máis de 200 millóns de euros do IVE recadado en Galicia e non pagado, e que vostede veña aquí a plantexar durante todo este tempo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que o único que queríamos era confrontar, que o que facíamos era un teatrillo, e agora resulta que o Tribunal Supremo lles di aos galegos: teñen vostedes razón, o Goberno socialista quería quedar con 200 millóns de euros para os servizos públicos galegos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e temos que acudir aos tribunais para darnos o que os socialistas nos quitan.



Señor Caballero, con todos os respectos, leccións para reforzar os servizos públicos en Galicia, ningunha. (*Murmurios.*) Se non mantiveramos esa demanda...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de xustiza ante o Tribunal Supremo, hoxe estaríamos aquí con 200 millóns de euros menos para os servizos públicos. Por iso que veña o Partido Socialista a dar leccións sobre servizos públicos cando nos querían diminuír —por non utilizar outras palabras— 200 millóns dos nosos recursos é simplemente unha broma.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta a Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención primaria fronte ao impacto da pandemia

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, a atención primaria xa estaba no chasis despois de dez anos de recortes, recortes orzamentarios porque, pese ao tsunami Covid, aínda temos 45 millóns de euros menos en atención primaria que hai doce anos. Recortes en persoal porque este Goberno, o seu Goberno, converteu en normal non cubrir as baixas nin as vacacións nin as xubilacións.

Unha atención primaria que está afogada pola falta de medios, de persoal e agora vemos como vostede utiliza a pandemia para darlle a puntilla. Se non rectifica de inmediato, será vostede, señor Feijóo, o liquidador da atención primaria. Antes da súa chegada esta era a xoia do sistema sanitario e vemos como doce anos despois está colocada ao bordo do colapso. E é que as probas son incontestables.

Por primeira vez na historia hai listas de espera de até dúas semanas para poder acudir á túa médica de cabeceira; por primeira vez na historia non se garante a atención presencial nos centros; e por primeira vez na historia os profesionais son desprestixiados polo seu Goberno, que os acusa de non querer atender as persoas, e é absolutamente indecente esta difamación despois de todo o que fixeron nesta pandemia, indecente. (*Aplausos.*)

Esta é a situación hoxe e vostede é o máximo responsable.

Señor Feijóo, é que unha atención primaria con listas de espera é que é un auténtico disparate e unha contradición. Se hoxe unha persoa se levanta con 40 de febre, ¿que fará? Pois collerá o teléfono e intentará acudir ao seu médico de cabeceira. Se a resposta que obtén é un contestador telefónico ou unha semana de espera, ¿que alternativa lle dá vostede? Ou ir a urxencias ou acudir a un médico privado se pode pagalo. E seguramente isto explica moito de por que fan o que fan co sistema sanitario público deste país. (*Aplausos.*)



E no BNG dicímolo alto e claro, hai que rescatar a atención primaria, e facémoslle propostas concretas, realizables para poder conseguir unha mellor saúde dos galegos e das galegas.

A primeira, un plan de choque para a atención primaria de 200 millóns de euros, e vostede xa non ten escusas, utilice eses 200 millóns de euros da devolución do IVE para destinalo á atención primaria.

En segundo lugar, hai que dotar os centros de saúde de persoal en todas as categorías e cun obxectivo moi claro, que é garantir a atención presencial ao 100 % das persoas que o necesitan.

En terceiro lugar, xerencias de atención primaria con capacidade de decisión e con orzamentos.

Cuarto, un obxectivo ambicioso para esta lexislatura, que destinemos o 25 % do orzamento de sanidade á atención primaria e non o 15 % como neste momento, que é absolutamente insuficiente.

E, por último, convoque as 6.000 prazas vacantes que hai no Sergas.

Como ve, señor Feijóo, hai solucións, o único que se require é vontade política para poder mellorar e rescatar a atención primaria. E ten que decidir de que lado está: se quere rescatar a atención primaria ou quere liquidala.

No BNG temos moi claro que imos defender con uñas e dentes unha conquista histórica, porque estamos falando da saúde dos galegos e das galegas. E por iso hoxe lle pregunto, señor Feijóo, por que está utilizando esta pandemia para liquidar a atención primaria. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, presidente.

Señora Pontón, unha vez máis lamento ter que negar a veracidade das súas afirmacións. Dicar que estamos deteriorando e desmantelando a sanidade pública é simplemente mentira. E dicir que aproveitamos a pandemia para a deterioración da sanidade pública é unha insidia que non podemos admitir. Por iso unha pregunta tan curta con tantas mentiras é impropia dun deputado da Cámara, e moitísimo menos é impropia da deputada que representa o segundo grupo maioritario desta Cámara.

Señora Pontón, eu lamento moito o desprestixio que vostedes de forma continuada e constante están implementando na sanidade. Dálles igual, ¡que máis dá! Di que dediquemos 200 millóns que recibimos polo IVE do Goberno do que vostedes forman parte, pero se aínda non os cobramos, señora Pontón, aínda non os pagaron, vostedes e o seu socio, o Partido Socialista.



E dicir que non melloramos a sanidade pública durante estes dez últimos anos simplemente permítame dúas consideracións. O número de persoas que traballan na sanidade pública hoxe fronte ao momento en que chegamos sobrepasa as 5.000 persoas máis, 5.000 sanitarios máis.

En atención primaria, por exemplo en enfermaría, un 13 % máis; en médicos de primaria todos os que poidamos contratar, todos, e digo todos os que poidamos contratar, todos. Dicar aquí que necesitamos unha oferta pública de emprego adicional para cubrir as prazas do Sergas cando vostedes e o Grupo Socialista impiden que se cubran todas as prazas vacantes é outro fariseísmo impropio dunha deputada da Cámara.

Señora Pontón, con todos os respectos, dicir aquí que non apostamos pola sanidade pública do país é simplemente tomarlle o pelo ao país.

En plena pandemia o maior test de estrés ao que se someteu o Servizo Galego de Saúde en 40 anos de historia foi este e o seu resultado que o cualifiquen os galegos, señoría. Que cualifiquen os galegos o resultado do Servizo Galego de Saúde durante a pandemia.

Unha atención primaria na que estiveron atendidas máis de 78.000 persoas contaxiadas pola Covid a través do sistema TELEA. ¿Sabe o que dicían vostedes do TELEA? Descapitalización do persoal da sanidade pública para capitalizalo a través de tecnoloxía. Menos mal que non lle facemos caso, señora Pontón.

E, en relación coa atención primaria, temos un plan de atención primaria. En maio do ano 2019 non coñeciamos a pandemia, señoría, e ese plan estase implementando. Médicos de familia, oferta pública de emprego: todos os que nos deixaron, 143. Non temos máis capacidade porque estamos impedidos polo Goberno central. Oferta para formar en Galicia médicos de atención primaria, un incremento do 7,4 %, todos os que nos deixaron, 491 prazas máis. Unidades de saúde mental, dobre investimento en infraestrutura da atención primaria.

Claro que queremos recuperar a presencialidade. Vostedes din que hai que recuperala ao 100 % e o seu sindicato de cabeceira di que xa é un disparate recuperar o 60 %. Se en cada sitio lle contan unha cousa aos galegos e os galegos danse conta, señoría.

Mire, sabe perfectamente que a única posibilidade que temos é incrementar o número de médicos. E plantexamos dúas cuestións. Primeira, unha convocatoria extraordinaria de MIR para a atención primaria. Hai 6.000 persoas que non obtiveron praza de MIR na última convocatoria, fagamos unha convocatoria especial para o Sistema Nacional de Saúde para médicos de atención primaria. (Aplausos.)

Segunda proposta, señoría, creemos a categoría de persoal de urxencias para que os médicos de familia non teñan que ir cubrir as urxencias e poida haber unha especialidade específica para persoal de urxencias.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esas son as dúas propostas estruturais e por iso, señoría, esas son as propostas que, se lle parece, deberíamos continuar.

Mire, vostede leva moitos anos, vostede e o seu grupo, intentando ondear a bandeira dos servizos públicos, pero esa bandeira déronnola a nós os galegos para xestionala durante todos estes anos. E por iso me sorprende moito que a situación da sanidade pública no país non formara parte do acordo entre o Partido Socialista e o BNG, o acordo de investidura.

¡Ah!, rise. Rise da atención e da sanidade pública. ¿Por que non forma parte do acordo entre o BNG e o Partido Socialista na investidura? Gustaríame que me contestase esa pregunta,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señora Pontón.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, ¿sabe o que é impropio? Impropio é aproveitar unha pandemia para darlle a puntilla ao sistema de atención primaria. Impropio é levar doce anos desmantelando e cunha política de acoso e derribo dos servizos públicos. E impropio é ver o seu Goberno acusando o persoal médico, que deu tanto nesta pandemia, de non querer atender os pacientes. É unha indignidade, iso, señor Feijóo, si que é impropio dun Goberno (Aplausos.) que está atacando a atención primaria deste país.

E, mire, escoite o que levan dito os profesionais nestas últimas semanas: «É inadmisibile que a falta de profesionais sexa usada para culpalos, cando todos estes problemas proceden dunha mala xestión e dunha nefasta previsión de necesidades. Non é admisible que se traslade á opinión pública a sensación de que a demora asistencial é culpa dos traballadores de atención primaria. Á cidadanía hai que contarlle a verdade en lugar de culpabilizar o traballador». Non o di Ana Pontón, dío un médico de atención primaria. O acto médico susténtase na relación médico-paciente. Todos queremos ver os nosos pacientes nas nosas consultas, estar cerca deles, escoitalos, atendelos. En definitiva, axudarlles a recuperar a saúde. Se a Administración quere volver á situación anterior, teno moi fácil. Quen lle fala, señor Feijóo, non é Ana Pontón, é un médico de familia.

O problema é que existen listas de espera en atención primaria. As causas unha e outra vez son denunciadas: falta persoal, falta previsión de recambios xeracional. Estamos cansas de traballar en xornadas maratonianas, interminables, con falta de recoñecemento e incluso de respecto. Esiximos dignidade e respecto, esiximos medios, esiximos unha rectificación e unha desculpa. Isto é o que está dicindo o persoal de atención primaria da súa política sanitaria. Non deben ir as cousas tan ben cando temos o persoal desta maneira.



E está ben, señor Feijóo, que doce anos despois veña vostede a acordarse de que fan falta médicos e médicas neste país, doce anos gobernado e acórdalle agora que temos un problema de relevo xeracional. Pero é que, en vez de botar balóns fóra, estaría ben que fixera os seus deberes, porque hoxe temos un problema e é que o 60 % dos MIR que acaban este ano rexeitan os seus contratos de atención primaria pola precariedade que ten instalado no Sergas; reteña o persoal que traballe. *(Aplausos.)* Leva doce anos, doce anos, trinta anos de Partido Popular, e non temos nin regulada a figura de titor en atención primaria e sabe que non hai titores suficientes, e que, polo tanto, o que está facendo de novo é unha cortina de fume.

E, mire, temos memoria, e todos e todas recordamos o que leva pasado neste país en atención primaria. Recordamos o persoal, os xefes de atención primaria en Vigo que dimitiron en bloque pola súa política sanitaria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Recordamos «Verín non se pecha». Recordamos os seus recortes en sanidade pública, recordamos as privatizacións. Claro que temos memoria, señor Feijóo. E o que lle pedimos é que rectifique, que deixe de liquidar a atención primaria, porque o que está en xogo é o máis importante que temos: a saúde. Rectifique, señor Feijóo, e non sexa o liquidador da atención primaria deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Claro que temos memoria, señora Pontón.

Permítame que lle lea exactamente o que dicía o *Diario de Sesións* o 9 de setembro de 2009, leo: «Se por algo destacou vostede —referíndose a min— é tamén por dismantelar os servizos públicos. Na Sanidade conxelaron vostedes o investimento en infraestruturas, paralizaron a aplicación do plano de atención primaria, con escusa de racionalidade, eliminar as peonadas, desviando as operacións a clínicas privadas. Isto responde a un plan ideolóxico que teñen vostedes de dismantelar os servizos públicos».

¿Quen dixo isto? O señor Aymerich. Vostede xa era deputada, señoría. Exactamente o 9 de setembro de 2009, aos cinco meses de tomar posesión. *(Risos.)* Aos cinco meses de tomar posesión, estou acusado do mesmo doce anos despois, pero ¿este catecismo nacionalista non vai variar nin unha coma, señora Pontón? *(Risos.)* ¿De verdade que vostede non ten nin sequer a capacidade para facer as preguntas de forma distinta a que lle facía os seus superiores hai doce anos?, a mesma pregunta, o mesmos obxectivo ideolóxico, a mesma tentativa de dicir que este partido e este Goberno non defenden os servizos públicos, cando levamos doce anos defendendo os servizos públicos e os galegos votándonos para que sigamos defendendo os servizos públicos. *(Aplausos.)*



Señora Pontón, cambie de catecismo, actualice o catecismo, polo menos. Actualice o catecismo. O nacionalismo debería actualizarse un pouco e pensar que o TELEA, o sistema de atención, é un proxecto razoable, o mellor de España, e así foi acreditado durante esta época de pandemia.

Fala vostede de números, e por suposto colle os números que lle petan, pero ¿por que non colle o número de presuposto? Nós cando chegamos ao Goberno había para sanidade 3.700 millóns, hoxe hai 4.587. Isto supón 800 millóns máis e un 21% máis na sanidade, e o presuposto da Xunta creceu un 9. Isto é a verdade, señoría. Isto é polo que merece a pena gobernar, isto é polo que merece a pena ser un servidor público dende o Goberno.

Cando chegamos había 5.000 persoas traballando menos na sanidade que agora. Isto é a realidade, señoría. ¿Por que oculta esta realidade? ¿Por que oculta que estamos facendo máis hospitais que nunca e máis centros de saúde que nunca, e máis tecnoloxía que nunca? ¿Por que oculta? ¿É que lle molesta que o Servizo Galego de Saúde sexa un dos mellores de servizos de saúde do país? Acabamos de implementar unha carreira administrativa, un dos primeiros gobernos de España. Iso supón un incremento do 3% das retribucións do persoal, sabe perfectamente que somos a primeira comunidade autónoma en enfermaría especialista comunitaria para atención primaria. Estamos implementando a videoconsulta e a redución da burocracia. Temos un acordo coas sociedades científicas, cos sindicatos, cos colexios profesionais, cos responsables da atención primaria. Temos un plan deseñado en maio, veu a pandemia, interrompeuse o plan e temos que retomalo. E, por suposto, hai que incrementar a presencialidade. E por suposto que temos que seguir traballando co incremento da presencialidade. Pero sabe vostede perfectamente que temos un problema, un colo de botella fundamental, nin aceptan novas prazas MIR, nin nos deixan convocar todas as prazas. Por tanto, ¿por que se acusa este servizo de saúde, que é o servizo de saúde máis comprometido que tivo Galicia na súa historia?

Señora Pontón, con todos os respectos, é impropio dicir que estamos utilizando a pandemia para desmantelar a sanidade pública. É unha insidia que Galicia non merece...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E a pregunta que lle facía de ¿por que nese acordo de investidura co Partido Socialista vostedes non falaren da sanidade? ¿Sabe por que? Porque a este nacionalismo, que está co mesmo catecismo que estaba hai doce anos, lle interesa moito máis a autodeterminación que a sanidade, interésalle moito máis a independencia do país que a sanidade pública do país. E por iso, señora Pontón, eu non estou aquí para dicir que a atención primaria está no seu mellor momento no Sistema Nacional de Saúde, por suposto que non. Non temos médicos MIR, non nos deixan cubrir todas as prazas nas ofertas públicas de emprego. ¿Por que vostede non quere traballar pola sanidade do país?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Por que o seu catecismo lle impide traballar pola sanidade pública do país co grupo parlamentario maioritario elixido



polo país? Alá vostede, señora Pontón. Pero a min interésame moitísimo máis a sanidade pública que a autodeterminación de Galicia.

Máis nada e moias grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai unha emenda tamén do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa, onde di: «... a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías...», debe dicir: «... a súa rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías...».

Polo tanto, para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A ver se imos facendo o relevo con calma.

Ben, esta é unha iniciativa que podemos chamar reincidente, reincidente porque é reincidente o empeño do Goberno central por aprobar unha medida que claramente é antisocial e discriminatoria, unha medida que xa foi anunciada, a maneira de globo sonda en varias ocasións, e que volve agora dunha maneira xa máis oficial como unha agresión, como unha provocación por parte do Goberno central, concretamente do ministerio do señor Ábalos, o Ministerio de Transportes e Axenda Urbana, que é o anuncio do pago polo uso de autovías que agora son gratuítas, máis de 14.000 quilómetros de toda a rede estatal.

Dicía que en anteriores ocasións, anunciouse como un globo sonda, a diferenza agora é que está nun documento oficial enviado polo Goberno central a Bruxelas dentro do Plan de recuperación e resiliencia coa proposta de que entre en vigor no ano 2024.

De todos os xeitos, neste tema non ten a exclusiva o Goberno máis progresista da historia, existe plena coincidencia co...

(Interrupcións.) (Murmurios.)



O señor PRESIDENTE: A máscara. Pareille o tempo.

O señor BARÁ TORRES: Vale, vale. Existe —xa me sentía eu así un pouco incómodo. Grazas, presidente— plena coincidencia co Partido Popular, e xa o Partido Popular do señor Rajoy anunciou esta medida, cando menos en dúas ocasións, no ano 2012 e no ano 2018; a señora Pastor primeiro, o señor Íñigo de la Serna despois. Temos que recordar que no ano 2012 o Ineco, unha empresa consultora do Goberno do Estado, fixo un Estudio para la implantación de un sistema de peaxe aberto en la Red de carreteras de alta capacidad del Estado, análise comparativa e proposta de pagamento por distancia percorrida; e despois no ano 2018, de novo, unha análise de sistemas de financiamento para a xestión óptima da rede de estradas do Estado, que se converteu nunha petición do Goberno Rajoy urxente en febreiro para implantar unhas tarifas aplicadas a vehículos lixeiros e pesados, coa previsión de entrada en vigor no ano 2021. É dicir, se seguise gobernando o señor Feixóo, teríamos enriba neste momento en 2021 a ameaza destas peaxes nas autovías. E facía unha previsión, ademais, de ingresos por parte do Estado de 2.743 millóns de euros. Que mágoa, que mágoa que daquela o Partido Popular calase e non dixese nada. Porque, claro, son conmovedores os ataques da oposición que lle dan agora cando goberna o Partido Socialista, pero a mágoa é que non tivesen estes ataques, esta vehemencia e esta contundencia cando gobernaban os seus en Madrid. Así son as cousas, e a diferenza está clara, o BNG di o mesmo aquí e en Madrid, goberne quen goberne, o mesmo aquí que en Madrid.

Hai que coñecer cal é a orixe desta proposta, de onde vén, e son dúas principalmente as razóns que explican esta proposta.

En primeiro lugar, a presión das grandes construtoras agrupadas en SEOPAN, que, logo da caída brutal dos ingresos na contratación pública, pois propuxeron este sistema de pagos de peaxe para ter máis ingresos, porque no fondo este é un sistema de privatización de toda a rede pública de estradas.

E, en segundo lugar, o enorme furado nas contas públicas do Estado e do Ministerio de Fomento basicamente polo rescate das ruinosas radiais madrileñas, que nos custou máis de 3.000 millóns de euros, e tamén pola liberalización das peaxes, polo rescate das concesións e a gratuidade das peaxes aprobadas nos últimos anos que están beneficiando as persoas que viven no eixo mediterráneo fundamentalmente, porque se aprobaron esas gratuidades das peaxes en autoestradas que comunican Barcelona con Alacante, ou agora Barcelona coa fronteira francesa, ou tamén proximamente Zaragoza con Barcelona, mentres nós seguimos pagando polas peaxes.

Pois ben, isto vai ter un custo estimado en 2022 de 478 millóns. E o que queremos deixar claro neste debate, nesta intervención, é o rexeitamento firme, rotundo e contundente do BNG ao establecemento de peaxes nas estradas que agora son gratuítas.

E facémolo por varias razóns. En primeiro lugar, por ser unha medida regresiva que ten unicamente un afán recadatorio. En segundo lugar, por ser unha medida antisocial, que é prexudicial para as persoas que teñen as rendas máis baixas, para a clase traballadora. En terceiro lugar, porque establece barreiras económicas de acceso a vías de alta capacidade e



vai ter como efecto derivado un efecto moi prexudicial de incremento do tráfico nas vías convencionais, coas repercusións que isto terá na seguridade viaria, na maior inseguridade viaria, e na perda de calidade de vida nos barrios, nas vilas polas que atravesan estas vías convencionais. E, ademais, porque é discriminatoria para Galiza, porque é un lastre e un atranco para o desenvolvemento económico e social do noso país e tamén para a competitividade das empresas, porque sufrimos un modelo centralizado e radial; sufrimos tamén ese metabolismo económico español que fai que a nosa condición periférica estea aínda moito máis prexudicada pola especialización produtiva de Galiza e pola dependencia que temos do transporte desas mercadorías que producimos aquí a grandes centros de consumo. E tamén polo propio modelo de transporte, que hai que cambiar por razóns de custos e tamén por razóns ambientais.

Mais a nós non nos vale ese falso argumento de que é unha medida económica, que é unha medida de fiscalidade verde. Isto non é fiscalidade verde, isto é, en todo caso, esa medida perversa de quen usa paga, quen contamina paga, ou dito doutra maneira, quen ten cartos paga por contaminar, porque disto se trata, e vímolos no caso de Endesa co Eume. Pódese destrozarse o Eume, pagamos unha multa pero o Eume está destrozado. Esa é a realidade. É unha trampa, é un engano e non vai reducir o uso do automóbil e do transporte pesado. Non serve para iso, o que reduce de verdade o transporte pesado é o cambio das prioridades na mobilidade, ter unha estratexia de mobilidade sostíbel, que non temos, e tamén, desde logo, o fomento do transporte público, o fomento do ferrocarril como un medio fundamental tanto para a mobilidade das persoas como para tamén a mobilidade do transporte das mercadorías. E non podemos soportar esta situación na que o ferrocarril move menos do 5 % do transporte de mercadorías, isto é insostíbel, social, económica e sobre todo ambientalmente.

E miren unha cousa, e diríxome tanto ao Partido Popular como ao Partido Socialista, o que precisa Galiza non son máis peaxes, o que precisa Galiza é rematar coas peaxes abusivas da AP-9 e da AP-53. (Aplausos.) O que precisa Galiza é unha AP-9, unha AP-9 galega, galega, coa transferencia e libre de peaxes; e, aínda coas peaxes anunciadas para AP-9 que queremos que se fagan realidade canto antes, e xa está tardando a implantación desta medida en xeral, e tamén no caso da peaxe entre Redondela e Vigo, seguiremos sufrindo un agravio comparativo con respecto a esas comunidades onde se están eliminando as peaxes, e citei antes os casos que son autoestradas, ademais da mesma época da AP-9, e isto é un agravio e unha discriminación inxustificábel.

E porque ademais o Estado leva moitos anos facendo caixa coa AP-9, xa o dixemos aquí moitas veces, leva recadados máis de 2.000 millóns de euros do que pagamos nas peaxes da AP-9 pola vía da privatización e pola vía tamén dos impostos que cobra o Estado polos pagos das peaxes da AP-9.

E logo están tamén, e non quería deixar de citalo, as autovías de titularidade autonómica, porque non vale de nada pedir que non haxa peaxes nas autovías estatais e seguílas mantendo nas autovías autonómicas. E isto xa o debatemos aquí recentemente e hai que acabar con ese agravio, con esa discriminación que sofren comarcas de Galiza, como é a de Bergantiños-Costa da Morte da Coruña, ou tamén a do Val Miñor na área de Vigo. Non está xustificado e hai que ir vía, primeiro, á rebaixa desas peaxes e despois á súa eliminación definitiva.



En resumo e para rematar, queremos deixar claro que o BNG vai seguir traballando, vai defender en todos os ámbitos onde teña presenza, nos concellos, no Parlamento galego e no Congreso, vaise opoñer frontalmente a esta medida, e traemos aquí precisamente nesa liña unha proposta de acordo, que é ademais moi parecida á que xa aprobamos neste Parlamento cando se anunciou daquela a medida en 2019, e que foi aprobada por unanimidade —esperemos que se repita esa unanimidade—, e é rexeitar a proposta do Goberno central de establecer peaxes nas autovías por ser unha medida discriminatoria, inxusta, antisocial, porque só busca facer caixa, porque prexudica gravemente Galiza pola súa condición periférica; e por todo isto pedimos un acordo claro e contundente desta Cámara en representación de toda a sociedade galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Dicía o señor Bará que agora vén esta proposta, ao parecer esta proposta que din que existe xa como se fora xa unha decisión tomada, unha proposta xa detallada, que agora volve dunha maneira máis oficial, que anteriormente se trataba de globos sonda, pero non é verdade. O xeito máis oficial no que se tratou este cobro de peaxes das autovías de titularidade estatal pois foi nos anos 2012 e nos anos 2018, cuns gobernos do Partido Popular, e digo que era dun xeito moito máis oficial porque había unha serie de informes e había unha serie de propostas concretas. Proposta concreta que, de feito, se seguira a gobernar o Partido Popular, estaría plenamente operativa neste ano 2021 e estaríase polo tanto cobrando xa estas peaxes. *(Aplausos.)* Creo que era de recibo puntualizalo.

E claro, claro que o PSdeG está en contra do cobro destas peaxes pola utilización das autovías de titularidade estatal na nosa comunidade autónoma, e o PSdeG sempre amosou este rexeitamento. É que nós estamos en contra de posicionamentos e de ideas, non en contra de gobernos, que é o que parece que estamos agora ultimamente a tratar nesta Cámara todo en contra do Goberno central. Pero o PSdeG, independentemente de quen faga esas propostas, nós estamos en contra do cobro destas peaxes, e así o noso secretario xeral, o señor Gonzalo Caballero, teno amosado en diferentes ocasións, no ano 2019 e agora hai pouquiño tamén neste ano 2021.

Coincido con vostede, señor Bará, en que en Galicia hai que avanzar xusto no sentido contrario, hai que avanzar na rebaixa das peaxes. E iso, precisamente, é o que está a facer o Goberno central con esa bonificación histórica nas peaxes da AP-9.



A verdade é que tamén coincido con vostede en que agora o Partido Popular todo o que sexa esixirlle cousas ao Goberno central, pois todo o pide con moita celeridade, pero despois naquelas cuestións que son de competencia plenamente autonómica, como son, e xa se falou en anteriores plenos, das bonificacións para todo os usuarios nas peaxes da AG-55 e da AG-57, pois o Partido Popular vota en contra.

Polo tanto, nós dende o PSdeG cremos que hai que avanzar noutro sentido, no sentido totalmente contrario, no sentido de rebaixar as peaxes, e niso, como dicía, é no que está o Goberno central. Polo tanto, nós desde logo que estamos en contra dese cobro das peaxes, pero estamos en contra non só do que di o Bloque Nacionalista Galego, que é a intención do Goberno de Pedro Sánchez. Nós por iso presentamos esa emenda de que estamos en contra do establecemento das peaxes, independentemente de que se propoña agora ou que se propuxera no ano 2019.

Non hai unha proposta detallada, como había no ano 2012 e no ano 2018 por parte dos gobernos do Partido Popular, é algo que está incluído nese Plan de recuperación, transformación e resiliencia que se acompañou aos fondos europeos, que estamos pedíndolle un diñeiro a Europa, e que nos esixiu unha serie de reformas, pero non hai unha proposta concreta, o que se pide é abrir ese debate, ese debate sobre a forma de financiamento do mantemento e da conservación destas autoestradas, pero é abrir un debate. E o propio Goberno central deixouno claro, sen consenso de todas as forzas políticas, isto non se levará adiante.

Polo tanto, o que se quere abrir é un debate, unha reflexión de como manter a rede de alta capacidade. Pero, como dicíamos aquí, este non é un problema novo, é un problema recorrente, e o que fixo o Goberno central é deixalo aí como unha reflexión que haberá que abordar o como, o cando, e dixo moi clariño que iso vai ser se hai consenso entre todos. E cando haxa, porque non a hai a día de hoxe, unha proposta do Goberno real e concreta, pois dende logo que se trasladará ao propio sector e tamén aos grupos parlamentarios para que con consenso esta proposta saia adiante. Se non hai consenso, esta proposta non sairá. Isto é moi distinto ao que acontecía no ano 2012 e no ano 2018, cando xa estaban eses informes cunhas propostas concretas.

O Partido Popular está dicindo que agora hai uns informes, que non hai, pero na época do Partido Popular eses informes si que existían. E, repito, se non hai consenso, non vai saír para adiante, porque non se vai impoñer esta medida; o único que hai é unha reflexión e unha invitación a debater.

Porque estamos aquí a falar de intencións, de supostas propostas, pero a verdade é que a realidade dos feitos estamos a ver como este Goberno é o único que non prorrogou ningunha concesión, ese é un feito, e está aí, non se prorrogou ningunha concesión. Estanse a levantar aquelas concesións que chegan á fin do seu tempo. Claro, concesións que son de autovías e autopistas que son coetáneas no tempo á nosa AP-9, pero que por unha decisión do señor Aznar, que prorrogou ata o ano 2048, pois estamos aí todos e todas as galegas pagando esas peaxes abusivas. *(Aplausos.)*

Porque, miren, non hai unha proposta detallada, esa tarifa que se estaba escoitando deses cinco céntimos por quilómetro, esa si que foi incluída nun estudo realizado polo Executivo



de Rajoy, e que chegou incluso —iso si que foi moito máis adiante— a ser analizada na Comisión Delegada de Asuntos Económicos.

Polo tanto, esa é a realidade dos feitos, o Goberno central está a demostrar que nin prorrogou ningunha concesión e está pola senda de bonificar e de liberar peaxes.

Porque, miren, grazas aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 pódense levar a cabo esas bonificacións nas peaxes da AP-9, que por certo nin o Partido Popular nin o BNG apoiaron eses orzamentos, polo tanto, non apoiaron esas bonificacións nas peaxes da AP-9, porque, con todo o respecto, vostedes asinan iniciativas, asinan emendas e nós asinamos uns orzamentos xerais que van ser os que fagan posible esta bonificación.

Polo tanto, Aznar prorrogou a concesión da AP-9 ata o ano 2048 e este Goberno nestes orzamentos do ano 2021, 63 millóns de euros para as históricas bonificacións na AP-9. Todas as viaxes de volta serán gratuítas, para os viaxeiros recorrentes unha bonificación do 20 % adicional, un 50 % adicional no traxecto O Porriño-Tui, a gratuidade na peaxe de Vigo e Redondela, e o máis importante quizás, se cabe, que non é unha medida só para o ano 2021, senón que o que se pretende é que sexa unha medida vixente tamén ata o ano 2048, que é ese lastre que nos deixou o Partido Popular con esa concesión da prórroga da AP-9 por parte do Goberno de Aznar.

Sei que non me corresponde a min posicionarme, dende logo, sobre a emenda que presentou o Grupo Parlamentario Popular, pero é que non podo pasar por alto certas cousas que poñen na súa emenda, cando no punto primeiro falan tamén pola situación que está a padecer coas peaxes das autoestradas de titularidade estatal Galicia. Pero se o tiveron na súa man cando estiveron a gobernar máis de sete anos e medio, ¿por que non fixeron nada para bonificar ou para mellorar esas peaxes? (*Aplausos.*), e aínda por riba aquelas estradas que son de competencia autonómica e que teñen a competencia para poder bonificar ou eliminar as peaxes, pois non o fan. Así o estivemos a falar no Pleno anterior en relación coa AG-55 e coa AG-57.

Despois, tamén no segundo punto, queren cambiar e poñerse ao tanto e cambiar xullo por xuño; pero se vostedes saben, porque o propio presidente da Xunta estivo reunido co ministro Ábalos e chegouse ao compromiso de que no mes de xullo esas bonificacións estarían operativas, e agora veñen con esta emenda a poñer xuño. Ou sexa, imos cambiar un mes, por así dicir, que este tanto é do Partido Popular, cando —xa digo— durante sete anos e medio nada estiveron a facer.

Pero o que é ter máis caradura é o terceiro punto da súa emenda: piden a urxencia do traspaso da AP-9, pídeno antes de que remate o ano 2021. Pero se foi o propio Partido Popular o que bloqueou na Mesa do Congreso dos Deputados ata en dúas ocasións o debate para a transferencia desta autoestrada. (*Aplausos.*) É que, a verdade, é que é dun cinismo absoluto.

Polo tanto —para ir rematando—, dende logo, dende o meu grupo, dende o PSdG sempre amosamos o rexeitamento destas peaxes polo uso das autoestradas de titularidade estatal. Repito que nós coincidimos en que hai que avanzar no sentido contrario, no sentido de baixar as peaxes. A emenda que nós presentamos queda claramente demostrado o noso re-



xeitamento a este cobro destas peaxes, pero agora —e tamén o faciamos antes— como entendemos que non hai unha proposta concreta, porque non a hai, por parte do Goberno central, que a día de hoxe a única intención do Goberno central é abrir ese debate entre todos os grupos parlamentarios —e, bueno, tamén co sector afectado— e que xa avanzou que sen ese consenso isto non ía saír adiante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...pois nese senso vai a nosa emenda. Pero que quede claro que o PSdG, demostrouno e xa o dixo no ano 2019, o noso secretario xeral volveuno repetir no ano 2021, que nós estamos en contra do cobro desta peaxes. E máxime...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...se non hai consenso de todos os grupos e do propio sector.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular. Señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Neste debate dicía o señor Bará que se repetía. É certo, a historia repítese, señor Bará. De novo o Partido Socialista volve subir os impostos a todos os españois e, por tanto, tamén a todos os galegos; nalgúns casos a cara descuberta a través do orzamento xeral do Estado e noutros casos a través da técnica do globo sonda. Xa estamos acostumbrados: fago unha proposta, se hai moita reacción, retíroa e, se non, sigo adiante. En todo caso, a falta de seriedade é alarmante e tamén recorrente.

É verdade que neste ano 2020 —o ano pasado— o PIB reduciuse nun 11 %, a maior caída do PIB de España dende a Guerra Civil e a maior dos países da OCDE. A débeda pública situouse en 1,37 billóns de euros, un 122 % do PIB, a máis alta dende a Guerra de Cuba. Destruíronse 622.000 empregos, o 40 % do desemprego en Europa xerouse en España, e a taxa de paro é do 16,13 %.

Ante esta situación de crise económica hai dúas posibilidades: unha, a que fixeron a maior parte dos países europeos e os países máis avanzados. Europa reacciona incentivando a súa economía para que as empresas volvan empezar a traballar e reduce os impostos. E a outra



é a do Partido Socialista, que fai ao revés de todo, o Goberno —como dixo o señor Bará— máis progresista da historia de España volve subir todos os impostos. Sempre soluciona os problemas subindo os impostos, pero nunca cuestionando ese gasto ineficiente, nunca reducindo ningún dos 22 ministerios. Fíxese, eu estaría disposto a apostar o que vostedes quixeran a ver se os deputados do Partido Socialista son capaces de dicir o nome dos 22 ministros. (Risos.) Eu xa sei que o señor Bará non sabe o nome do Ministerio de Fomento, porque lle segue chamando Ministerio de Fomento, é normal, con 22 é fácil non sabelo. Pero estou seguro de que os deputados do Partido Socialista non saben o nome dos 22 ministros. ¿Cren vostedes que se pode solucionar o asunto reducindo gasto superfluo ou, dende logo, non eficiente? (Aplausos.)

Viñeron dicir tamén estes días que isto era unha necesidade porque Europa plantexaba a obrigatoriedade de poñer estas peaxes. É falso, Europa non plantexa iso, Europa o que di é que as contas dos estados membros teñen que estar axustadas e non pode haber desfases. O que pasa é que vostedes non son capaces de plantexar un debate serio sobre este asunto, metérono á calada nese plan de resiliencia, igual que a subida indiscriminada de todo tipo de impostos: subiron as cotas dos autónomos, eliminaron a declaración conxunta, o prezo da luz —onte mesmo debateuse unha iniciativa no Congreso—, o gasóleo, eliminaron as desgravacións dos plans de pensións privados, os prezos das pólizas de seguro de fogar, vehículos, decesos, etc. E agora nós o que lle pedimos —igual que no ano 2018— é que o Partido Socialista dea marcha atrás. O que lle plantexamos nesta segunda ocasión é que iso de pagar a peaxe en autovías e vías de alta capacidade —é dicir, o que dixeron en moitas intervencións de pagar polo seu uso— estamos en contra, que o retiren.

Porque, fagamos algunha reflexión. En primeiro lugar, este plantexamento que fixo o Partido Socialista é claramente discriminatorio con Galicia, porque se paga por quilómetro andado, o cal para as rexións periféricas é totalmente discriminatorio —que é o que di tamén o voceiro do Bloque Nacionalista Galego—. Segundo, que, se aceptamos o principio «quen usa, paga», oia, estamos abrindo o debate a outros servizos que hai moitas partes da cidadanía que non pagan e piden dende hai moito tempo non pagar impostos por eles. Eu non estou de acordo, pero vostedes son os que abren ese debate.

Pero supoñemos que, como di vostede, quen o usa é porque quere; é como se fora usar as autovías e vías de alta capacidade como se fose un luxo. Non é un luxo, é unha necesidade e un dereito; polo tanto, non se pode tratar con esta soberbia coa que foi tratada por distintos voceiros do Partido Socialista esta iniciativa. Á parte do problema de aumento da inseguridade viaria no resto de estradas convencionais, como dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

Pero non perdamos de vista tampouco que o sector do automóbil é un dos sectores máis gravados da economía española, dos máis gravados. Por iso cando falan desa proposta verde, é mentira; vostedes o que queren é ir sobre un sector no que ademais todas as familias hai posibilidades de gravar e aínda encima non se discrimina en función da renda. É un dos sectores máis gravados porque hai un imposto de matriculación; onte mesmo vimos que igual no Senado son capaces de volver baixar o imposto de matriculación que hai uns meses o Partido Socialista subiu para todos os españois. Parece ser que igual se pode baixar, non o sei, veremos como remata o debate no Senado.



Pero págase o imposto de tracción mecánica nos concellos. Hai un imposto sobre os carburantes, un IVE, unha taxa por aparcar nas cidades tamén, unha taxa de reciclaxe... En fin, vostedes o que ocultan detrás deste globo sonda é unha posibilidade máis para seguir recaudando, é o que lles importa única e exclusivamente. E di a voceira do Partido Socialista: estamos dispostos, nós rexeitamos —di a voceira—, o noso secretario xeral rexeita rotundamente isto, xa o dixo varias veces; agora, se hai un consenso igual, estamos de acordo. ¿En que quedamos? ¿O consenso que é, para aceptalo ou para rexeitalo? Porque a postura do Partido Socialista, segundo vostede, é o rexeitamento. (*Aplausos.*)

E, o que é peor, di vostede que non é quen para falar da emenda do Grupo Parlamentario Popular. Pois, mire, esta situación é peor aínda porque temos aprobada a toma en consideración no Congreso da Proposición de lei da transferencia da AP-9. Pero vostedes pensan que poden seguir enganando todo o tempo todo o mundo e non é certo. Vostedes aprobaron no Congreso a toma en consideración e dende esa aprobación, o día 2 de febreiro deste ano, non fixeron absolutamente nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mentiroso non son... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non. Bueno, pois dende ese día houbo varios intentos na Mesa do Congreso para que esa iniciativa se movera. ¿E sabe vostede por que non se move? Porque o Partido Socialista non quere, ata en nove ocasións foi bloqueada a tramitación desa toma en consideración desa proposta de lei, jata en nove ocasións, señora Otero! Fíxese e pregunte. Por certo, ¿terá algo que ver instaurar as peaxes nas autovías con este debate? Eu do Partido Socialista creo calquera cousa. Igual ten algo que ver.

Pero di vostede que tamén poñemos nun segundo punto aplicar dunha vez por todas a redución das peaxes na AP-9. Pois claro, porque levamos meses esperando e non hai ningún tipo de avance. E a pregunta é clara: ¿o Goberno do Partido Socialista quere cobrar polas peaxes, quere poñer peaxes en todas as vías de alta capacidade para poder rebaixar na AP-9 as peaxes? Eu creo que, cando menos, necesitamos unha aclaración e que nos digan que está a ocorrer exactamente. ¿Por que non se aplica a redución das peaxes comprometida e por que non se avanza na tramitación da transferencia da AP-9?

Pero, bueno, ¿que podemos esperar dun Partido Socialista que o presidente nos di nese Plan 2050 que non podemos viaxar en avión en percorridos curtos, que non podemos comer nada máis que unhas cantas proteínas de orixe animal á semana e ao mesmo tempo vaise en helicóptero a Toledo a un acto de transición ecolóxica coa ministra? ¿Que podemos esperar dun presidente que dicía que «no pactaré con Bildu, hasta en cinco ocasiones se lo voy a decir», e non tardou nada en pactar con Bildu. Non podemos esperar nada deste Partido Socialista. Hoxe hai un artigo no periódico que di que, efectivamente, os principios do Partido Socialista son de barro e a estatua do seu presidente é de ferro fundido. Non o sei, é cousa dun autor hoxe na prensa.

Pero mire —remato—, señor Bará, dicía onte unha voceira do seu partido —que a ten sentada ao lado—: dime con quen andas e direiche como es. ¡Caray! Estaban pensando no debate de hoxe. Porque vostedes non poden vir aquí sempre ofendidos falar do Partido Socialista como se fora un incumpridor manifesto e ao mesmo tempo estar gobernando sempre, en todos os sitios, en todos os concellos, en todas as deputacións e alí non plantexan ningún



tipo de problema. ¿Sabe por que? Porque vostedes valoran moito máis o asento nesas institucións que a defensa dos intereses de Galicia. Se vostedes defenderan realmente Galicia haberían de poñer en apertos o Partido Socialista, pero vostedes iso non se atreven a facelo porque vai no seu e como vai no seu aí non o tocan. Polo tanto, bueno, pois cando un partido lle entrega todo ao Partido Socialista a cambio de nada pois é tan culpable como o Partido Socialista, *(Aplausos.)* e iso a xente sábeo. *(Aplausos.)*

Dicía vostede na súa intervención —díxoo e marqueino porque cadraba moi ben—: Galicia necesita unha redución das peaxes e unha transferencia da AP-9. Estou totalmente de acordo con vostede. Díxoo aquí, quedou no *Libro de Sesións*; eu estou de acordo, por iso presentamos esta emenda. Xa ve que non o falamos antes, pero espero que a acepten nese sentido porque, á parte do rexeitamento á instauración de peaxes nas autovías, tamén é necesario que recordemos estes dous asuntos pendentes de vital importancia para Galicia. Por certo, no ano 2018 non foi aprobado por unanimidade, houbo 14 abstencións —teño alí o acordo e recórdollo—, o Partido Popular votou a favor...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CALVO POUSO: ...foron outros os que se abstiveron; e no segundo punto votamos en contra, é certo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor deputado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Diego Calvo, parece que onte non entendeu nada do que dixo a miña compañeira Noa Presas. Ela estaba referíndose a «dime con quen andas», a esas amizades perigosas do señor Feixóo, que vai de ghanchete das grandes multinacionais do oligopolio eléctrico que queren devastar o noso país. A iso se refería Noa Presas, *(Aplausos.)* e ese é o perigo.

Mire, este debate... —miren, porque vai para as dúas partes— é un debate eu creo que moi instrutivo e moi necesario e que pon a cadaquén no seu sitio. Desde logo o BNG está claro onde está e sempre está no mesmo sitio, que é defender os intereses de Galiza aquí e en Madrid. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei que lles fastidia, xa sei que lles amola, xa sei que lles proe, pero rásquense, señores e señoras do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Ademais que os niveis de fariseísmo e demagoxia aos que chegan neste tipo de debates non teñen límites, porque vostedes son especialistas en mirar a palla no ollo alleo, pero non miran a viga no propio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.



O señor BARÁ TORRES: Navallada, xa lle dixen moitas veces que foi moito máis que nava-llada, foi un megaatraco e segue sendo aínda agora pola súa responsabilidade. Esa é a reali-dade da AP-9. (*Aplausos.*)

E quero, claro, tamén facerlle algunha aclaración ao Partido Socialista porque ten así algúns *lapsus*. Dixo a señora Otero que o Goberno central non prorrogou ningunha peaxe. Claro, non prorrogou ningunha peaxe en Cataluña e máis en Valencia, en Galiza si, en Galiza si. Estamos pagando agora a prórroga da peaxe do Partido Socialista 2013-2023, eses 10 anos estámolos pagando agora. E despois virán a partir de 2023 os 25 anos de propina que lles deu o señor Aznar ata o 2048. E esa é a realidade das decisións que se toman en Madrid contra os inte-reses de Galiza.

Miren, vou facer unhas referencias ás emendas, pero antes tamén quero deixar claras al-gunhas contradicións do que se dixo aquí, porque eu fixen unha referencia clara, concreta e directa ás propostas do Partido Popular en 2012-2018 en documentos encargados ao Ineco, e isto está dito aquí e quedou claro que xa era unha medida do Partido Popular que se ía aplicar na súa folla de ruta en 2021.

Con respecto ás emendas do Grupo Socialista, non entendemos ese empeño en suprimir da proposta do acordo o Goberno central, porque isto non é o Vaticano quen o quere aprobar, é o Goberno central, é o Goberno de Madrid e, polo tanto, hai que referirse a el.

E isto non é unha idea para un debate de *Tea Party*, isto é unha idea, é unha proposta que está nun documento oficial enviado a Bruxelas, no Plan de recuperación e resiliencia, que abre varias posibilidades e que prevé a súa aplicación en 2024. Entón, hai que posicionarse. E di vostede: é para abrir un debate, pero os debates danse nos parlamentos, danse nos par-lamentos e por iso estamos dando aquí o debate e queremos que haxa un posicionamento claro, firme e contundente na mesma liña do que aprobamos en 2018 e en 2019, que foi transaccionado.

E, claro, o que xa é para nota son as emendas do Partido Popular, que busca de novo desviar a atención. Nós queremos que haxa un acordo neste Pleno, neste debate, sobre as peaxes nas autovías, que son gratuítas. Os outros temas podémolos debater cando queiran, e traían aquí propostas e debatémolas en numerosas ocasións sobre a AP-9 ou sobre tamén as au-tovías galegas de peaxe, tamén a poden traer o Partido Popular, encantados de que o traían e aprobarémolos gustosamente tamén que se rebaixen esas peaxes, que se eliminen esas peaxes.

Pero, claro, xa que veñan con esas bágoas de crocodilo dos atrasos na tramitación da trans-ferencia da AP-9, vostedes que son os responsables do veto sistemático á transferencia da AP-9, que a vetaron ata en tres ocasións, (*Aplausos.*) que estiveron poñendo paus nas rodas sucesivamente, que veñan agora pedir présas, vostedes. Deberían ter un pouco de vergoña e, polo menos, estar calados nesta cuestión. E nós imos traballar incansablemente para que esa transferencia se efective canto antes. Pero tamén sabemos unha cousa: que o Goberno da Xunta vai seguir poñendo paus nas rodas neste tema. E anunciou algo que vai ser..., xa o veremos no seu momento.



En fin, que o que estamos aquí é nun anuncio dunha medida que vai nun paquete máis amplo do que se chama un programa de reformas, que realmente é un programa oculto que vén ao abeiro desta crise dirixido e decidido desde Bruxelas, que son medidas impostas, medidas regresivas, como no ámbito laboral, como no ámbito das pensións, medidas que van na liña de maior centralización, de maior concentración da riqueza. Que non son medidas de fiscalidade progresiva, e parécenos moi ben que o Partido Popular fale de rebaixa dos impostos, pero rebaixa dos impostos para vostedes é baixarlles os impostos aos máis ricos, aos que máis teñen, e non teñen que ir por aí as cousas.

Polo tanto, o BNG vai seguir defendendo isto, vaino defender nos parlamentos e tamén nas rúas. E o acordo que propoñemos é moi clariño e non debe dar pé a ningunha dúbida.

«O Parlamento de Galiza acorda como resolución amosar a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal por todas esas razóns que dixen e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza».

Se lles vale así, voten a favor, e, se non, terán que dar explicacións.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas

Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º.- O cumprimento inmediato da sentenza do Tribunal Supremo N° 553/2021, de 23 de abril de 2021 e, en consecuencia, que faga efectiva a compensación da mensualidade do IVE correspondente a novembro de 2017, que non se liquidou no ano 2019, xunto cos intereses legais correspondentes



2º.- Que esta devolución do IVE de novembro de 2017 se faga extensiva a todos os concellos e deputacións provinciais galegos, por unha cantidade estimada en mais de 40 millóns de euros á que hai que engadir os xuros de demora.

3º.- Dar solución á débeda con Galicia, acreditada por importe de 170 millóns de euros, en concepto de incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos exercicios 2017 e 2018.

4º.- Convocar con urxencia o Consello de Política Fiscal e Financeira para consensuar unha solución inmediata, común a todas ás Comunidades Autónomas e ás Entidades Locais, e articular neste órgano a maneira na que o Goberno central lles compense o antes posible o IVE pendente do ano 2017.»

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, manifestar o seu apoio á demanda da Xunta de Galiza ao goberno central para que transfira de forma inmediata á Xunta de Galiza e Autónoma os 204 M€ da mensualidade do IVE correspondente a novembro de 2017 e que á luz das sentenzas existentes faga extensiva esta devolución ás contías adebedadas coas entidades locais galegas

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que a cantidade recuperada pola mensualidade do IVE correspondente a novembro de 2017 sexa investida no reforzo orzamentario do sistema sanitario público para enfrontar as consecuencias da pandemia da covid-19 e as necesidades de recuperación de servizos adiados e aprazados.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Consejo General del Poder Judicial, fallo: «Estimar el recurso contencioso administrativo interpuesto por la Xunta de Galicia en relación con la desestimación de la reclamación efectuada en el requerimiento formulado al Consejo de Ministros, para la adopción de las medidas necesarias para compensar a la Comunidad Autónoma de Galicia por el desfase financiero producido en la liquidación del impuesto sobre el valor añadido correspondiente al ejercicio de 2017, condenando a la Administración general del Estado a que compense a la Comunidad Autónoma de Galicia el desfase financiero ocasionado en la cuantía que se fijará en la ejecución de sentencia, que vendrá determinada por la diferencia entre el resultado de la liquidación practicada por el Ministerio de Hacienda y la que habría resultado de computar en dicha liquidación la recaudación del IVA correspondiente a 12 mensualidades, incluyendo por tanto la correspondiente al mes de noviembre de 2017, a la que debería añadirse el abono de los intereses legales en los términos fundamentados».

Sentenza do Tribunal Supremo número 1.565 do ano 2021, feita pública o pasado mes de maio e que lle dá a razón á Xunta de Galicia. Nun proceso que ten unha longa historia nesta



Cámara; a orixe deste problema deriva da aprobación no ano 2016 dun real decreto para a subministración inmediata de información no imposto sobre o valor engadido, que permite a xestión electrónica dos libros de rexistro do IVE, de tal maneira que se achega o momento da contabilización das facturas ao momento da realización da operación económica subxacente, o cal implicou grandes vantaxes. En primeiro lugar, para a Administración, porque permite vixiar moito mellor o cumprimento das obrigas fiscais —polo tanto, loitar contra a fraude—, pero tamén para os contribuíntes, porque a proximidade no tempo á declaración que se fai 4 días despois do rexistro da factura conleva menos obrigas formais, menos papeleo, menos necesidade de subministrar datos, menos posibilidade de cometer erros porque se contrastan eses datos coa información que ten Facenda; hai máis prazo para facer as declaracións e, en cambio, redúcese o prazo para obter as comprobacións e as devolucións.

Púxose en marcha co aplauso xeral de todas as forzas políticas e todos os expertos fiscais, púxose en marcha no ano 2017 e tivo unha consecuencia que se prevía que ía suceder en relación co sistema de financiamento autonómico. Ao ser o criterio de caixa o que se aplica na repartición entre as comunidades autónomas e o Estado ao 50 %, o aprazamento a 10 días implicaba que no ano 2019 o cálculo era imposible de facerse no peche do exercicio, incluíndo a mensualidade de novembro, á que fai referencia a sentenza, e a partir de aí o Goberno de España liquida por 11 mensuralidades en vez de por 12, xerando un prexuízo a todas as comunidades autónomas de aproximadamente 2.500 millóns, deles máis de 200 a Galicia; e tamén aos concellos e as deputacións por máis de 750 millóns de euros, 60 millóns de euros aproximadamente para Galicia.

Non foi porque esta Administración e esta maioría non avisasen. Xa en xullo de 2018 Galicia advirte no Consello de Política Fiscal e Financeira, que é onde se deben facer estas cousas, e no Consello Superior de Coordinación Tributaria sobre a necesidade de corrixir esta situación. Ata en tres plenos do Consello de Política Fiscal e Financeira, o número 100, o 101 e o 102, se advertiu por parte do conselleiro galego da importancia de resolver esta cuestión, prevendo con anticipación o que ía suceder.

Remitíronselle cartas ao ministerio en agosto de 2018; reuniuse o presidente da Xunta coa ministra de Facenda e co conselleiro de Facenda onde se garante que se vai solucionar esta cuestión; en outubro de 2018 o presidente confirma na rolda de prensa que con esa garantía se inclúen esas cantidades nos orzamentos que se aproban para 2019; e na Cámara aprobamos en decembro de 2018 tamén unha PNL na que o PP solicitaba que se adiantasen estes cartos, que foi apoiada por algunhas forzas políticas e que tivo a abstención do Partido Socialista.

Pese a prometer un arranxo nos orzamentos, que non son aprobados, recorden, os orzamentos que diminuían o investimento en Galicia un 18 %, pero que levaban aparentemente unha solución a esta cuestión, son rexeitados; houbo unha convocatoria electoral. En xullo o conselleiro de Facenda volve remitir unha carta á ministra para urxirlle unha solución ao IVE e o mesmo fai en agosto, e a contestación do Goberno de España remítese a un informe da Avogacía do Estado que di que non se pode actualizar porque o Goberno está en funcións.

Temos despois o Debate do Estado da Autonomía, volvemos aprobar unha resolución demandando o ingreso deses 200 millóns de euros, novamente o PSOE se abstén e o presidente



volve a pedir, recordando que as Cortes non están en funcionamento, e que, do mesmo xeito que se arranxaron as entregas á conta vía real decreto, se podía arranxar isto tamén pola vía do real decreto.

De feito, en decembro, unha vez que se actualizan as entregas á conta por real decreto, úreselle unha nova solución por parte do conselleiro, e en xaneiro a desculpa, neste caso en xaneiro de 2020, é que xa non é posible atopar unha solución e chega a manifestar literalmente que eses cartos non existen. É entón cando se procede a facer un requirimento polo IVE non liquidado ao Consello de Ministros e, ante a resposta negativa dada a ese requirimento, en agosto é cando se interpón un recurso que agora acabamos de coñecer como resolve o Tribunal Supremo a favor da comunidade autónoma.

Esta cronoloxía na que me detiven dá conta, en primeiro lugar, de que o Goberno galego intentou todas as solucións dialogadas posibles, intentou todo o que se puido para resolver unha cuestión na que tiña claramente razón e que foi a cerrazón dun Goberno que preferiu transferir o déficit das comunidades autónomas e deixar anotados os 200 millóns na súa conta nun momento no que estaba incumprindo xa as normas de gasto da Unión Europea, mesmo antes da pandemia, preferiu transferirlle, digo, ese déficit ás comunidades autónomas, crearlles un problema e non cumprir coa legalidade, como a sentenza pon claramente de manifesto.

Porque, se len a sentenza, di dúas cousas: primeiro, que o sistema de información inmediata do IVE non ten nada que ver co problema xerado no financiamento autonómico, é máis, o Goberno pide que se anule ese decreto e a propia sentenza desbota ese argumento; e, en segundo lugar, que se produce un quebranto económico ás comunidades autónomas en xeral, aos concellos en xeral e, particularmente, á Comunidade Autónoma de Galicia, vulnerándose claramente o principio de lealdade institucional, que é un principio xurídico, debería de ser un principio de actuación, pero está xuridificado tanto na Lei de procedemento administrativo como na LOFGA no noso país.

Ben, nós, coñecida a sentenza previa que houbo para Castela e León, presentamos unha iniciativa pedindo que tamén se devolvese a Galicia. Desde entón coñecemos que xa había sentenza para Galicia, a segunda que hai; está especificado polo tanto que se incumpriu con Galicia e o que pedimos na nosa iniciativa é o cumprimento inmediato, compensando ese mes de IVE; pedimos que tamén se compense os concellos, que algúns gobernados polo Partido Socialista no seu momento tamén o requiriron, aínda que o Partido Socialista de Galicia non o fixo nesta Cámara. Pedimos que se axusten e se devolvan a Galicia, se compense polos incentivos, polo cumprimento incluídos nos orzamentos do ano 2018, do mesmo xeito que fixo o Partido Popular con anterioridade. E, ademais, creo que ofertamos un instrumento razoable, e dentro da lealdade institucional, e que mellor permitiría facer unha solución xeral, cal é unha convocatoria dun Consello de Política Fiscal e Financeira que leva sen reunirse oito ou nove meses pese a que estamos teoricamente no momento de maior gobernanza da historia democrática española.

En definitiva, señorías, nós pedimos o apoio da Cámara para solucionar un problema causado claramente, como di a sentenza, polo actual Goberno de España. Non estamos confrontando



co Goberno de España, estamos defendendo os intereses de Galicia cando estes se viron claramente atacados por unha decisión do Goberno de España que non se quixo rectificar; queremos que a solución sexa global tamén para os concellos de Galicia e para as demais comunidades autónomas; queremos que sexa no Consello de Política Fiscal e Financeira; e creo que a oposición ten en xeral neste caso unha ocasión para rectificar de todo o que se dixo no pasado, que esta mañá lles recordaba o presidente.

Rectificar, primeiro, o Goberno de España convocando o Consello de Política Fiscal e Financeira e, segundo, a oposición, que viu como o Goberno defendía os intereses do país e que non sempre, e particularmente unha das forzas da oposición, nunca apoiou nesta xusta reivindicación o Goberno da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Comezando polo final da intervención do señor Puy, desde o Bloque Nacionalista Galego, como sempre, apoiamos esta demanda e sempre estivemos do lado do interese maior dos galegos e das galegas, pois, desde logo, quede como cuestión inicial que non temos nada que rectificar nesta cuestión.

En todo caso, tal e como recordou vostede, efectivamente, este tema ten unha longa historia nesta Cámara, de pronunciamentos maioritarios desta Cámara, maioritarios entendendo como tales non só do grupo maioritario, senón incluíndo tamén outras forzas políticas. En todo caso, queremos quedarnos con esa cuestión, que non é menor, que non é menor en termos xerais no contexto político que vivimos nos últimos anos, pero que non é menor tampouco no contexto concreto que vivimos de sucesivas convocatorias electorais.

E, pola nosa banda, insistimos en que nos gustaría que nesta cuestión, a diferenza do que houbo noutros momentos neste Parlamento, o pronunciamento con independencia de quen sexa o grupo propoñente fose realmente unánime, non só maioritario para alén do Goberno. Por iso presentamos unha emenda para actualizar, da mesma forma que fixo o grupo propoñente o seu texto, posto que a dous días da presentación, como xa se dixo aquí, coñeceuse tamén a sentenza galega, e tamén con ánimo construtivo de ir un pouco máis alá, de dar por feito que temos que ter xa un pronunciamento unánime respecto á exixencia da devolución inmediata e poñer o foco en que tamén no contexto extraordinario que vivimos habería que apostar por reinvestir iso en sanidade pública, tal e como recordou unha vez máis hoxe a nosa voceira nacional na primeira hora deste Pleno.

Insistimos niso porque ademais pensamos que sería un argumento que reforzaría a nosa posición, porque neste contexto dificultaría moito máis ao Goberno central non ceder neste



extremo. En todo caso, xa avanzo que, igual que en ocasións anteriores, o lugar do Bloque Nacionalista Galego estará do lado da defensa dos intereses dos galegos e galegas nesta cuestión, pois é claro e meridiano que hai que esixir esa devolución e que hai que esixila de forma inmediata. Polo tanto, a min non me doen prendas en volver dicir nesta Cámara que é unha boa noticia que esta sentenza chegue. Tamén dicir que, aínda que a sentenza aínda non chegase, nós entendemos que teríamos a razón do noso lado.

En todo caso, aproveitando que, pese a que sempre estivemos do lado do Goberno nesta cuestión e do lado dos intereses dos galegos e galegas, sempre deixamos tamén de manifesto a nosa valoración política deste asunto, pois permítame comezar tamén poñendo unha pequena nota a pé de páxina desta cuestión, porque xa foi en outubro de 2019 onde, esgotadas varias vías de negociación previa co Goberno central, desde o Bloque Nacionalista Galego xa advertimos que o Goberno central non era de fiar e non estaba actuando con boa intención, e que, polo tanto, non tiña ningún sentido dilatar unha e outra vez a toma de decisión de acudir aos tribunais, e máis aínda cando a propia Xunta de Galiza elaborou desde o seu gabinete xurídico un informe, se mal non recordo, agosto ou setembro dese mesmo ano. Polo tanto, nós á altura de outubro de 2019 trouxemos unha iniciativa a esta Cámara preguntándonos por que, se xa tiñamos ese informe xurídico, non podíamos dar un paso adiante por un intento de xudicialización da vía política, que saben perfectamente que é algo que o BNG non defende, senón porque as demais vías xa estaban esgotadas. A nosa lectura, e tempo pasado é que se vostedes non o fixeron foi precisamente por ese bucle de convocatorias electorais no que estabamos e no que este era un elemento para guindar contra o Goberno Central e para facer campaña electoral. É lexítimo pero, desde logo, teríamos ido mellor como país se o tivesen feito un pouco antes. Con isto non quero desmerecer a importancia deste paso adiante, que sen dúbida é un argumento forte para que esa cantidade se reingrese o antes posible, pero, en todo caso, non tería coincidido por exemplo o estado de alarma desde que vostedes en febreiro enviaron un requirimento que, ademais, non era obrigatorio, segundo o marco legal, enviar. Colleu todo o estado de alarma e toda a ralentización que vivimos. Pero, en todo caso, iso xa é parte do pasado.

Quixera aproveitar tamén para deixar algunha reflexión sobre o que nos ensina o vivido, e cada vez temos máis argumentos que avalan as nosas teses sobre cal era tamén o problema de fondo onte, cal é o problema de fondo hoxe e cal vai ser no día de mañá. Por unha banda, vimos a incoherencia e tamén a inutilidade das forzas estatais; vivímolos na liña do incluído aquí xa a respecto das entregas á conta, que se atopou unha decisión parcial e tardía, que se obviaba ademais premeditadamente a cuestión do IVE nun claro secuestro da capacidade orzamentaria deste país. Entrado o Goberno socialista, inicialmente a mesma persoa que cando era conselleira na súa comunidade autónoma esixía unha cousa, cambiou de opinión: primeiro pedía paciencia, pero despois a paciencia foi quedando polo camiño. E mentres nós insistíamos, nin funciona a estratexia epistolar co Goberno central cando incumpre nin funciona pedir reiteradamente ese Consello de Política Fiscal e Financeira. Por iso nós insistimos nunha negociación bilateral, porque é que ese organismo estivo, se mal non recordo, ano e medio, creo que non estou esaxerando nin un só mes, sen reunirse. En todo caso, creo que estou quedando curta, falo de memoria.

En todo caso, tamén todo isto para nós consolida a visión dunha cuestión que temos moi clara, que é que é necesario un cambio de relación económica co Goberno central e co Estado, porque



o certo é que o pagamento do IVE cando chegue —que, insisto, oxalá sexa o antes posible— será importante, non o queremos desmerecer, pero desde logo non resolve todos os problemas que temos en materia económica e financeira con este país. A comezar polo propio sistema de financiamento, que o señor Feijóo non só aplaudiu no seu día, senón que non tivo nin a máis mínima intención desde 2014 de que se renegociara, e a pregunta é se poderíamos ternos evitado isto. E o certo é que si, porque este é un problema que afecta ás comunidades en réxime común e non teñen este problema, por exemplo, Euskadi ou Navarra.

Pero, en todo caso, con independencia deste agravio concreto, pois a reflexión que queremos deixar enriba da mesa é que isto amosa a recentralización do Estado, amosa a falta tamén de lealdade e de cooperación e amosa a supeditación dos intereses galegos aos intereses do Estado neste ámbito, e nós entendemos que iso non é positivo para o noso país, e que a única alternativa para ter garantido que os nosos recursos veñen para nós sería ter outro modelo económico. Esta é unha cuestión que ademais debería abrirse toda vez que se vaia normalizando esta crise sanitaria que estamos a vivir; e nós o que pensamos é que un mal antecedente este comportamento por parte do Goberno central, da mesma forma que a relaxación que tivo a Xunta noutros períodos tamén é un mal antecedente.

Tamén en relación con isto, non é menor a reflexión de que habería que superar o marco legal do déficit e da estabilidade financeira, porque ao final a conclusión é que Galiza cumpriu e despois o Estado non cumpriu con Galiza, non cumpriu nesta cuestión do IVE e despois está esa outra contía que reclama a Xunta de Galiza e que nós xa advertimos en moitas ocasións que era unha propia operación do Partido Popular para que as comunidades populares que si cumpriran non quedaran mal diante das comunidades populares que incumpriran e que non ían ver reclamadas esas contías.

Polo tanto, entendemos que esta experiencia coas lentes de onte, pero tamén coas lentes do que estamos a vivir nesta crise, amósanos que o que necesitamos é garantir pola vía da negociación política e dun cambio de marco máis soberanía financeira. E tamén quero engadir que esta experiencia nos lanza outra preocupación que tamén amosamos noutros períodos. Sempre que hai unha crise económica hai un intento de recentralización do Estado, xa advertimos ao fío da cuestión dos fondos europeos que na xestión hai un intento consciente de recentralización, mesmo sobre competencias que son exclusivas ou parciais da comunidade e, polo tanto, entendemos que o IVE non é o único problema pero amosa ás claras cal é a folla de ruta, que é máis centralismo e máis acaparáción de recursos financeiros e económicos, pois como se fixo no seu día co actual marco de estabilidade financeira, que está minimamente suspendido, e como se fixo con outras cuestións.

Polo tanto, entendemos que, máis alá deste apoio, que está garantido, esta experiencia deba servir para reflexionar sobre que pasos ten que dar o noso país para garantir a súa autonomía financeira de agora en diante.

E, por último, insistir tamén no peche da miña intervención que estaría ben tamén que, xa que desde a primeira forza da oposición nos mantemos do lado do Goberno, e, insisto, máis que do lado do Goberno, do lado dos galegos e galegas neste asunto, pois non estaría de máis tamén un pouco de xenerosidade por parte de quen goberna, un pouco menos de soberbia e



abrirse a que teñamos un debate sobre cales son as necesidades. E nese debate nós témolo claro. Esa contía, que, insistimos, estaremos do lado da reivindicación de que se recupere o antes posible, para nós o ámbito para o que debera ir destinada é a sanidade, precisamente, por poñer un último dato enriba da mesa, no último informe que temos do Consello de Contas respecto á xestión sanitaria do ano 2018 o financiamento adicional, sen unha crise sanitaria de por medio, acadaba os 209 millóns de euros. Polo tanto, insistimos, como fixemos no debate orzamentario, en que o incremento para o sistema público de sanidade non é suficiente, polo tanto, unha boa medida sería garantir que cando retorne esta cantidade vaia destinada a este fin.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Bo día.

Grazas, presidente.

Señor Puy, efectivamente, trae vostede hoxe unha iniciativa que xa se leva debatido nesta Cámara, polo que vostede dixo, eu non estaba, pero efectivamente é así, ao longo dos últimos anos. É verdade que vostede trae inicialmente unha iniciativa que logo autoemendou, efectivamente, porque a sentenza que afectaba a Galicia se producía uns días despois de que se rexistrase a iniciativa, pero nesa nova autoemenda introducían vostedes unha nova reclamación que non tiña nada que ver coa iniciativa que afectaba á sentenza que declaraba o dereito de Galicia a percibir o IVE da liquidación do ano 17, senón que introducían, ademais, unha reclamación de 170 millóns vinculados ao bo desempeño fiscal da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 17 e 18.

Como vostede sabe, ese debate, ou a reclamación dos 170 millóns, pois é un debate, en fin, vostede di que non ten en interese en confrontar o Partido Popular co Goberno central, eu digo que o plantexamento deste tipo de iniciativas si que ten a ver con esa finalidade, dunha finalidade de desgaste e de confrontación permanente co Goberno do Estado, introducindo tamén nesta iniciativa a reclamación deses 170 millóns de euros, á que logo farei mención.

En relación á sentenza do Tribunal Supremo, efectivamente, nós temos que amosar o noso respecto, como non podía ser doutro xeito, a unha sentenza ditada polos tribunais. Amosa ademais esa sentenza que o poder e a división de poderes neste país funciona e que a fortaleza do Estado constitucional se impón e, por tanto, nós alegrámonos de que iso sexa así.

E a segunda cuestión que queríamos manifestar é que todo isto que ten que ver coa actualización das entregas á conta, ou coa mesma problemática que afecta ao IVE desprazado, que é o obxecto desta iniciativa, pois, bueno, son cuestións que afectan evidentemente ás imperfeccións do funcionamento propio do Estado autonómico ou do financiamento do Estado autonómico.



Neste sentido, efectivamente existe unha sentenza, unha sentenza xudicial; vostedes reclaman o cumprimento inmediato da sentenza, nós dicimos que efectivamente se cumplan as sentenzas como todo tipo de sentenzas, que se fagan efectivas, que se aplique a lei, en definitiva, e polo tanto non temos nada máis que discutir ao respecto.

Hai un trámite, que é o trámite de execución de sentenza, onde se vai clarificar efectivamente a contía que lle corresponde á comunidade autónoma, en función desa diferenza entre o IVE que lle corresponde e o IVE que foi liquidado no seu momento, e a partir de aí non sabemos se son exactamente os 200 millóns dos que fala a iniciativa ou son 198 ou son 204.

En todo caso, o que si temos claro é que o problema do IVE e o problema da liquidación do IVE non é un problema que afectaba exclusivamente a Galicia como vostede dixo, polo tanto non hai unha afronta á Galicia, había comunidades do Partido Socialista que estaban afectadas exactamente igual, e, polo tanto, aquí non caíamos no vitimismo excesivo, porque esta é unha cuestión que efectivamente afectaba a todas as comunidades de réxime común e todas se viron prexudicadas por unha decisión.

A orixe da lea, evidentemente todos temos unha posición ao respecto, pero aquí o que non é dubidoso é que efectivamente no ano 2016 se aprobaba un real decreto, ao que vostede tamén facía mención, onde se plantexaba a posibilidade de que as empresas, ou de que se plantexaba a posibilidade de que Facenda esixise ás empresas a presentación inmediata das facturas, algo positivo evidentemente, pero tamén facultaba as empresas a que se presentasen as declaracións de IVE correspondentes ao mes de novembro non nos 20 días primeiros do mes de decembro, como é habitual, senón ata o día 30. E iso, orixinou evidentemente un problema de desprazamento da recadación do IVE ao mes de xaneiro que tivo consecuencias no momento da liquidación producida dous anos despois no ano 2019, cando se produce a liquidación por 11 meses e non polos 12 meses.

A partir de aí, a lea evidentemente vén de aí, vén de aí, vén desa modificación normativa do Regulamento do IVE, feito por un Goberno do Partido Popular. E a propia sentenza que á vostede facía alusión, así o di tamén: «El Alto Tribunal resuelve en esta segunda sentencia que afecta a Galicia que el desequilibrio derivado de la aplicación del sistema de información inmediata determinó la vulneración del derecho de autonomía financiera de la comunidad autónoma». E agrega a propia sentenza: «...que la aplicación de una norma —reglamentaria neste caso, o Real decreto en cuestión do ano 2016, 596/2016— trajo consigo una alteración de la regla del sistema de financiación económica, establecido legalmente produciendo un desequilibrio que es necesario corregir».

Polo tanto, foi o cambio normativo introducido polo Partido Popular, polo señor Montoro, o que ocasionou esta lea. A partir de aí, efectivamente intentáronse buscar solucións, vostede incidía nalgunha cuestión, é dicir, no plantexamento de que se consignasen nos orzamentos de 2019 2.500 millóns de euros para paliar efectivamente o pago do IVE pendente a todas as comunidades autónomas. Aquí o que aconteceu, e como todos sabemos, é que o orzamento do ano 2019 non foi aprobado como consecuencia dun voto negativo, das Cortes, do Estado, o Partido Popular e do propio Ciudadanos, e a partir de aí todos sabemos que se abre un Goberno en funcións, e a pregunta que nos facemos é se efectivamente o Goberno en funcións



podía solucionar este tema. Vostede dicía que si e ao mesmo tempo citaba a Avogacía do Estado, que dicía que non. Bueno, pois a Avogacía do Estado dicía que un Goberno en funcións non podía solucionar este problema.

Intentouse a busca de solucións no Consello de Política Fiscal e Financeira; vostede aquí aludiu a unhas reclamacións nese foro e, efectivamente, no Consello de Política Fiscal e Financeira tamén se propuxo do lado do Goberno algún tipo de solución, non aceptada polas comunidades do Partido Popular, consistente basicamente na flexibilización do déficit, do 0,2, ou mesmo o de acudir a préstamos do FLA sen custo de ningún tipo.

Bueno, en relación á posición dos socialistas galegos, efectivamente nesta Cámara foi a que foi, abstívose, pero non porque estivese en contra da devolución do IVE á Comunidade Autónoma de Galicia, senón porque estaba a favor da busca de solucións legais a un problema causado polo Partido Popular. (*Aplausos.*) E, nese sentido, plantexábase nas iniciativas que defendeu aquí o PSdeG e o Grupo Socialista, efectivamente, que se buscasen os mecanismos legais oportunos, entre eles a modificación do Regulamento do IVE, para que con vixencia indefinida a declaración e liquidación do IVE correspondente ao mes de novembro se puidese presentar nos 20 primeiros días, e mesmo plantexando a posibilidade de que se buscasen mecanismos legais para devolver o IVE á comunidade autónoma, cuantificado naquel momento en 198 millóns de euros.

En relación ao plantexamento que fai vostede tamén na iniciativa, relativo á reclamación dos 170 millóns do bo desempeño fiscal da comunidade autónoma relativo ao ano 2017 e 2018, eu creo que isto si que é, vaimos permitir, a vostede que lle teño ademais aprecio e respecto, isto si que é introducir no debate un elemento de confrontación e desgaste permanente co Goberno do Estado. Vostede terá que dicirme de onde sae ese cálculo dos 170 millóns, que amparo legal ten, e para min o máis importante é, se efectivamente se deben á comunidade autónoma 170 millóns polo bo desempeño fiscal, ¿por que a Xunta de Galicia, igual que fixo co IVE, non acudiu aos tribunais a defender os intereses de Galicia?

Polo tanto, sería bo, señor Puy, que nos explicase todo isto, porque a Lei do orzamento no ano 2018, nunha disposición transitoria, establecía o seguinte: «O Goberno podería acordar a aprobación de incentivos ás comunidades autónomas polo cumprimento das regras fiscais». Bueno, en fin este brindé ao sol que habitualmente adoita facer o Partido Popular cando Goberna, pero que ao final lle endosa ao Partido Socialista cando lle toca gobernar, e ademais utilízase como un ariete constante de desgaste do que é neste momento o Goberno en Madrid.

Dito isto, dito isto, eu téñolle que dicir tamén que aquí non hai afrontas á Comunidade Autónoma de Galicia. Nunca unha comunidade autónoma, nunca Galicia tivo tantos fondos provenientes do Estado, nunca, e polo tanto sería bo que eses fondos se utilizasen na cohesión territorial e social do país. 685 millóns este ano provenientes de transferencias do Estado, 410 millóns do Fondo REACT, 236 millóns para autónomos e pemes, e agora 200 millóns. Ademais de 735 millóns do ano 2020. A min gustárame que efectivamente se recoñecese tamén polo Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor FRANCISCO RIVERA: ...como eu estou facendo en nome do Grupo Socialista, do dereito que ten Galicia a recibir os 200 millóns ou a contía que sexa correspondente ao IVE do ano 2017, que se recoñece polo grupo maioritario da Cámara, que o Goberno do Estado nunca coma hoxe investiu ou transferiu tanto diñeiro á Comunidade Autónoma de Galicia.

En relación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco. Xa rematou o seu tempo.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...en relación..., non sei se me vai permitir votar por puntos, pois agradézollo.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Vamos ver, eu agradezo o ton deste debate, pero eu preguntaría lle ao Bloque, que me pode contestar e seguro que imos seguir debatendo disto, cando di que sempre apoiaron Galicia, ¿está segura do que di? Porque primeiro vostedes o que nos pedían é que seguísemos a solución de Cataluña, que foi distinta á que fixo a Xunta, e o caso é que a Xunta xa ten unha sentenza e Cataluña non ten nada, e aí pedían unha solución distinta á que pediu a Xunta.

Pero é que vostedes no Congreso, teño aquí o *Diario de Sesións*, o 28 de xaneiro de 2020, o Partido Popular no Congreso presentou unha reclamación pedindo isto e vostedes co mesmo argumento que empregou hoxe de que no fondo o que queren é un sistema de cupo, que todos sabemos que é prexudicial para Galicia, antepoñendo unha ideoloxía soberanista, que é moi lexítima, pero que neste caso é economicamente ruinosa para Galicia, votaron non directamente a que o Congreso aprobase a devolución do IVE ás comunidades autónomas.

Ben, vostedes teñen que decidir de que lado están. Se queren axudar na situación institucional presente cando se discrimina Galicia ou prefiren defender lexitimamente intereses, que eu entendo que son os do programa maximalista, nos que vostedes cada vez están máis enrocados e que creo que non é bo para o país.

O señor Rivera, xa sabe ademais que lle teño boa estima, e quero felicitalo, porque a verdade é que defendeu o indefendible cunha dignidade que me parece encomiable, e mesmo chegou a dicir que o tema do IVE foi o que foi, a posición do Partido Socialista nesta Cámara o ano pasado foi a que foi. Recordaba o vello Iglesias Corral de que «aquí pasou o que pasou». Foi o que foi. Bueno.



Primeiro, os 85 millóns de euros estaban nas dúas mocións que aprobamos na Cámara ás que fixen referencia, polo tanto tamén as pedimos. Non poden ir por vía xudicial porque non se incumpre a LOFCA, iso está na Lei de orzamentos, e o que vostede leu deixa claro que o actual Goberno non ten a vontade que tiña o anterior, que si pagou os 75 millóns a Galicia, de compensar as comunidades autónomas que cumpren con lealdade institucional o marco de estabilidade, beneficiando o conxunto do país tamén, porque nós cando xestionamos non só pensamos en Galicia, pensamos que estamos nun Estado que convén que vaia ben, porque iso é bo para Galicia, que vaia ben o conxunto de España.

Con respecto á sentenza, (*Risos.*) vostede di que funciona a separación de poderes, pero o que é importante da sentenza, eu nunca dubidei que funcionara a separación de poderes en España, o que di a sentenza é quen tiña razón, quen tiña razón. E, claro, vostedes din que estamos confrontando, volveu co tema da confrontación. Vale, nós pedimos educadamente por carta, pedimos non Consello de Política Fiscal e Financeira, mandamos solucións alternativas desde o punto xurídico, e iso é confrontar. ¿E vostedes que facían? Como non estaba aquí, voulo recordar. Agosto de 2008: «Feijóo va agora de salvapatrias, pero ante Montoro no defendió nada. Es cínico y desleal». O seu líder, o señor Gonzalo Caballero, que ultimamente non vén moito pola Cámara. «Gonzalo Caballero emplaza a Feijóo a dejar su rabieta infantil». Seguimos. Cando a ministra di que non existen eses cartos: «Gonzalo Caballero advierte que el recurso judicial iniciado por Feijóo no dará solución al problema del IVA». ¡Vaia por Dios! «Gonzalo Caballero, secretario general de los socialistas —23 de xaneiro de 2020—, cargó contra Feijóo por utilizar la confrontación únicamente para buscar réditos electorales». Xaneiro de 2020, o señor Caballero di que busca unha estratexia de confrontación. «Las mentiras de Feijóo se deshacen una a una». «El discurso de España nos roba, el discurso falaz de Feijóo de que España nos roba y que defiende el titular del Gobierno gallego con la reclamación de los 200 millones de euros del IVA. Acude a la vía judicial porque ya no encuentra manera de dar respuestas». Nisto si que tiña razón, as respostas atopámolos no sistema xudicial.

Pero é que mentres tanto había concellos seus, por exemplo o da Coruña, que si votaron a favor desta resolución cando o pedía o Partido Popular, e saíu por unanimidade. E agora, claro, vén a sentenza que promoveu o Partido Popular, no de Castela xuntamente con nós, e o que fan é pedir isto.

Fala tamén do sistema de información inmediata; eu pídolle que lea a sentenza, que di claramente que non ten nada que ver co sistema de financiamento autonómico. É máis, o avogado do Estado pide que se derroque ese decreto, igual que o pedían vostedes nunha iniciativa que non se chegou a tramitar e que tamén se rexistrou na pasada lexislatura.

E, en fin, eu creo que é bo que recapaciten, que moitas veces non estamos a confrontar, estamos a defender os intereses de Galicia e a legalidade institucional. E dígoo porque onte no Congreso vostedes votaron en contra dun recoñecemento dos pactos sucesorios de Galicia; é un novo ataque á nosa autonomía financeira, vai ao Senado, teñen aínda ocasión de defender alí Galicia porque lle vai facer un prexuízo á autonomía financeira de Galicia esa presunción inconcibible de que a aplicación do dereito civil de Galicia conleva sistematicamente a presunción de que é unha operación fraudulenta. Teñen momentos para rectificar.



Certamente falou doutras cousas, eu sei da importancia do momento no que estamos, da importancia dos fondos europeos que o Goberno de España tramita dunha maneira que nós cremos que non é correcta, apartándose do sistema de financiamento autonómico de tal maneira que os fondos recibidos representan un 5 % do total, cando a participación de Galicia no sistema de financiamento autonómico para prestar servizos sanitarios, de política social e de educación é do 6,6, hai unha diferenza notable. Nós imos seguir defendendo os intereses de Galicia neste ámbito, pero o que nunca imos perder de vista é que o Estado autonómico é a compatibilización da defensa do propio pero nun contexto cooperativo de lealdade institucional. Pero iso tamén debe ser obriga da oposición, facer crítica pero responsablemente, darlle a razón ao Goberno cando a ten, é dicir...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...ser leal ao país antepoñendo, desde logo, os programas máximos soberanistas, e, desde logo, a fidelidade da sigla debe de estar sempre por detrás dos intereses ao país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Puy, sobre a emenda, ¿dixo algo?, que non...

O señor PUY FRAGA: Sobre a emenda, como esta mañá ademais xa o dixo o presidente, queda claro que mentres non se materialice a entrega dos cartos a Galicia é moi difícil pensar en atribuír eses fondos a ningunha finalidade concreta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e 6 deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña

A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Hoxe traemos unha iniciativa de grande importancia, dende o noso punto de vista, para o futuro de Galicia, especialmente para o que ten que ver co noso sistema enerxético.



A xeración de enerxía eólica dende parques mariños situados no ámbito costeiro converteuse nos últimos anos nunha actividade cun enorme potencial. En primeiro lugar, porque produce unha enerxía limpa e renovable, libre de emisións de carbono. En segundo lugar, porque o seu impacto paisaxístico, o seu impacto ecolóxico é reducido, moi inferior á implantación doutras enerxías renovables. En terceiro lugar, polo grande impulso que suporía para a dinamización económica e laboral do noso país.

Os estudos realizados ata o momento, e especialmente nos últimos anos, sinalan que Galicia presenta unhas condicións óptimas para desenvolver esta actividade, tanto polos quilómetros de costa e os múltiples espazos mariños con condicións de vento de alta produtividade como pola nosa probada experiencia na xestión de parques eólicos. Ademais, a evolución das tecnoloxías xa permite a instalación de parques flotantes perfectamente compatibles e respectuosos coas actividades mariñas e cun mínimo impacto medioambiental.

A propia Unión Europea está impulsando estes proxectos a través da súa Estratexia de enerxía azul, que considera que a produción de enerxía de orixe mariña é un dos ámbitos prioritarios para o crecemento sostible a longo prazo. Só en 2020 as instalacións da eólica mariña deixaron máis de 28.000 millóns de euros en investimentos na Unión Europea e por iso hoxe contamos con preto de 112 parques deste tipo en 12 estados membros da Unión Europea.

Os estudos da Unión Europea estiman que para o 2030 a enerxía proveniente desta fonte pode chegar a supoñer o 14 % da demanda eléctrica dos estados membros, superando amplamente a eólica terrestre. Sen dúbida, Galicia conta co coñecemento, o potencial e a capacidade instalada necesaria para impulsar un proxecto destas características, o que suporía un importante revulsivo para a nosa economía e tamén para o noso emprego.

Segundo manifestou o grupo de traballo para a enerxía *offshore* de ASIME, da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia, actualmente en Galicia a eólica mariña xera arredor de 800 empregos directos e arredor de 350 indirectos. Coa implementación de parques eólicos na costa galega, estímase que se poderían crear máis de 12.000 postos de traballo durante a próxima década. Estamos ante unha oportunidade que, dende o noso punto de vista, non debemos perder e que pode vir a impulsar a recuperación da crise económica e industrial que estamos a vivir nestes momentos en Galicia e en toda España.

Sen dúbida, esta iniciativa non tería sentido se afectara negativamente ou se pensáramos que afectara negativamente a outros sectores do ámbito marítimo. E por iso, para o Grupo Parlamentario Popular, resulta fundamental impulsar a eólica mariña en Galicia da man do sector industrial, da man de forma imprescindible do sector marítimo-pesqueiro e da man das entidades e organizacións vinculadas á propia eólica mariña.

A clave do éxito dun proxecto destas características non é favorecer un sector afectando dramaticamente e drasticamente a outros, senón crear sinerxías para que todo o tecido mar-industria sexa fortalecido e que ambas as dúas actividades sexan perfectamente compatibles. E, por suposto, da man dos plans de ordenación do espazo mariño que está a desenvolver o Goberno e nos que se terán que identificar esas localizacións da eólica mariña posible que non afecten en ningún caso á actividade pesqueira e marítima da nosa comunidade.



Polo tanto, as nosas prioridades nestes momentos e con esta iniciativa son o diálogo, o consenso e a transparencia para garantir que o desenvolvemento desta tecnoloxía se realice —si e só si— dende o equilibrio e a compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño.

Nós cremos que estamos ante unha oportunidade extraordinaria, propiciada ademais pola chegada dos fondos europeos Next Generation especialmente creados para proxectos deste tipo, para proxectos desta natureza. Uns fondos pensados non só para a recuperación da crise económica e laboral derivada da pandemia da Covid-19, senón para impulsar un cambio profundo do tecido industrial e enerxético cara a un modelo máis sostible, máis verde e máis de futuro.

E por iso dende o Goberno galego se levan meses traballando, xunto co Comité de Expertos Económicos e os sectores implicados, tamén con ASIME, para desenvolver os proxectos que, aproveitando eses fondos europeos, poidan supoñer un verdadeiro cambio de modelo e unha solución de futuro para as dificultades da nosa industria. Porque isto é o que leva facendo a Xunta de Galicia dende o inicio da pandemia e desde moito antes: apoiar as industrias existentes e os seus traballadores sen renunciar a buscar solucións máis permanentes que garantan o futuro.

Eu creo que é xusto o contrario do que estivo a facer o Goberno central, que está abocando ao peche a gran parte do tecido produtivo galego de distintos sectores.

Neste marco eu quero recordar o impulso da eólica mariña, que é, dende logo, unha das propostas que incluímos dentro do noso pacto de Estado por Ferrol, un pacto de Estado no que se propón incentivar o estudo e o desenvolvemento deste sector a través dun *hub* da eólica *offshore*. Unha proposta moi interesante que podería marcar un punto de inflexión na crise que sofre unha comarca durante décadas, tan dependente do sector naval e tan difícil, ademais, de avanzar na diversificación de actividades.

Xa conseguimos a unanimidade de todos os grupos desta Cámara respaldando ese pacto de Estado e a petición de que o Goberno do Estado se incorpore a el, e nós cremos que é tremendamente importante que tamén este Parlamento se posicione a favor desa aposta pola eólica mariña e das oportunidades que conleva.

Hoxe traemos, polo tanto, esta iniciativa para estudar, para analizar, para avanzar no posible futuro da eólica mariña en Galicia.

En primeiro lugar, propoñemos impulsar o sector da eólica mariña *offshore* mediante a promoción do estudo e o coñecemento desta tecnoloxía e dos seus elementos técnicos e medios de implementación.

En segundo lugar, propoñemos avaliar as posibilidades e o impacto do seu asentamento no contorno mariño galego, garantindo —insisto— a compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño —e para nós este punto é fundamental e este punto é determinante—.



E, por último, propoñemos a creación dun observatorio sobre a eólica mariña, un espazo de diálogo dos sectores cos axentes implicados. Un espazo no que recoller as achegas das entidades —tanto nacionais como europeas, internacionais e, por suposto, as galegas— sobre todo o que ten que ver coa implantación da eólica mariña na nosa costa. Promovendo a realización dos estudos ambientais e socioeconómicos específicos para Galicia que nos permitan ter un coñecemento real que nos permita garantir que esa compatibilidade de actividades é posible. Se esa compatibilidade de actividades é posible, nós estamos a favor de abrírlle as portas á eólica mariña en Galicia.

Señorías, decenas de países en todo o mundo —moitos deles os nosos socios europeos— están aproveitando a oportunidade que supón a eólica mariña. Esta iniciativa non demanda empezar a construír mañá parques eólicos por toda a nosa costa, non é ese o noso obxectivo; esta iniciativa reclama estudar formalmente esta cuestión. Reclama estudos formais, análises serias de oportunidades que suporían a eólica *offshore* para Galicia. Por suposto, esixiremos as máximas garantías medioambientais e un diálogo constante entre os sectores que dependen do noso litoral mariño. Pero que por falta de estudo, que por falta de debate non nos podemos permitir perder a oportunidade de desenvolver un modelo enerxético de futuro máis verde e máis sustentable que daría emprego a milleiros de galegos.

Iso é o que nós pensamos e por iso traemos esta iniciativa para debater nesta Cámara, para posicionarnos novamente 12 anos despois de telo feito en contra co coñecemento acumulado —nacional, internacional— sobre unha tecnoloxía perfectamente desenvolvida e madura, como é a eólica *offshore*. Que non lle poñamos límites a Galicia por falta de estudos, por falta de comisións de diálogo entre os sectores que nos poden permitir saír adiante e abrir novas oportunidades de futuro para o emprego e a economía de Galicia.

Iso é o que hoxe traemos a este Pleno e iso é o que hoxe propoñemos a esta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Galicia, que é unha das comunidades autónomas con máis potencia eólica instalada en proporción ao seu territorio, está vivindo actualmente unha forte expansión do sector eólico, que se prevé que se duplique nos próximos anos. Estamos vendo cada semana como se proxección novos parques eólicos en cada recuncho do noso territorio. Esta situación está xerando unha contestación social que nos parece lóxica, porque o actual modelo eólico ten eivas moi importantes en Galicia e por iso avogamos pola implantación dun novo modelo eólico dentro das competencias da Xunta, e temos presentadas moitas iniciativas neste sen-



tido neste Parlamento. Porque todos somos partidarios da eólica, polo menos o noso grupo éo, pero ordenadamente e cunha regulación que protexa o máximo posible o noso territorio e que beneficie o máximo posible a nosa sociedade. Somos claramente favorables ás enerxías renovables como vector principal da transición ecolóxica; de feito, a semana pasada o presidente da próxima Conferencia polo Clima das Nacións Unidas, que se vai celebrar este ano en Glasgow, dicía que a Lei de cambio climático, esa na que vostedes se abstiveron no Congreso e que tanto criticaron, demostra —e cito literalmente— o liderado internacional do Goberno español nesta materia, o liderado internacional do Goberno español na loita contra o cambio climático; iso é o que di o presidente da próxima Conferencia das Nacións Unidas sobre o Clima.

E, pola nosa banda, reiteramos que estamos claramente a favor das enerxías renovables en xeral e da enerxía eólica en particular, pero o modelo actual causa danos no noso territorio, ten un impacto social excesivo e non deixa suficiente beneficio económico no país. E nese sentido apostamos —reitero— por un novo modelo que democratice a enerxía eólica distribuindo mellor os seus beneficios e tratando de minimizar o seu impacto ambiental e social.

É preferible reflexionar e avanzar con máis calma que implantar eólicos acelerada e desordenadamente, porque Galicia é xa unha gran produtora de enerxías renovables.

Tamén temos que dicir que o modelo do PP é o da depredación do territorio en convivencia coas empresas, coas grandes empresas, e en detrimento do interese xeral, como amosa ben ás claras o caso da exconselleira de Medio Ambiente, Bea Mato, que menos de dous anos despois de cesar como conselleira entrou a traballar en determinada empresa sobre a que tomou importantes decisións na súa etapa de conselleira, un exemplo de porta xiratoria do tamaño do Pórtico da Gloria. (*Aplausos.*) E iso por dicilo moi suavemente, porque o que pasou foi máis que unha porta xiratoria.

E nese contexto comeza a abrirse nos últimos tempos o debate sobre o impulso da enerxía eólica mariña, respecto do cal hai un acordo unánime deste Parlamento do ano 2009, co apoio dos tres grupos hoxe aquí presentes para rexeitar a súa implantación en Galicia.

Pero pasaron 12 anos e estamos aquí de novo debatendo sobre a posibilidade da implantación da eólica mariña en Galicia. Eu non estaba hai 12 anos, pero moitos dos membros desta Cámara si, como a señora Pontón, o señor Feijóo, o señor Rueda e tantos e tantas outras; e talvez lembren o que debateron hai 12 anos, pero hoxe é hoxe e estamos nun contexto diferente de máis conciencia sobre a crise climática e sobre a necesidade de transición ecolóxica.

E dinnos vostedes que a Unión Europea é favorable á implantación da eólica mariña dentro da súa liña de transición enerxética. Dinnos tamén que o Parlamento Europeo fixo un estudo sobre o impacto da eólica mariña e outras renovables na pesca no cal se fan unha serie de recomendacións, e dinnos que hai quen di que a eólica mariña é intensiva en canto a persoal e que poderían crearse milleiros de empregos en Galicia, que ten un gran potencial, e non o dubidamos. Non dubidamos do potencial da eólica mariña en Galicia, pero preocúpanos a combinación de dúas características moi acusadas deste Goberno:



Unha, o seu manifesto desprezo pola conservación do medio ambiente, cando levan por exemplo 10 anos de atraso na ampliación dunha Rede Natura que ocupa menos da metade da media da superficie estatal, despois de que en 2010 anunciaran xa no *Diario Oficial de Galicia* a súa ampliación, porque dicían entón que era urxente. Urxente en 2010 e aínda non a ampliaron.

E, en segundo lugar, a súa declarada, máis que declarada, descarada convivencia coas empresas do sector enerxético, incluíndo ese portazo xiratorio da exconselleira de Medio Ambiente xa aludido a unha empresa do sector respecto da cal tomou decisións de máxima importancia cando era conselleira. (*Aplausos.*)

E por iso estamos abertos a que se avalíe a implantación da eólica mariña en Galicia, pero presentamos unha emenda con dúas finalidades:

En primeiro lugar, reforzar as garantías tanto para a pesca como para o medio ambiente de que non van verse afectados pola posible implantación deste tipo de enerxía.

E, en segundo lugar, que dentro das súas competencias promovan vostedes a implantación en Galicia de industria e actividade empresarial asociada á eólica mariña, porque poden facelo se fan vostedes o que non fixeron nos últimos 11 anos: exercer as súas competencias en materia de política industrial e promoción da actividade económica, que son plenas e para as cales teñen vostedes non só a competencia, senón os medios e o orzamento.

Pero teñen que mollarse, nunca mellor dito; se queren vostedes que se implante industria asociada á enerxía eólica mariña en Galicia, non é nin sequera estritamente necesario que se implante a propia eólica mariña en Galicia, implantación á que, reitero, estamos abertos, pero non é imprescindible estritamente para captar industria asociada á eólica mariña. O que si é imprescindible é que fagan política industrial e aliñen as capacidades produtivas de Galicia, da nosa industria naval e do noso potencial para a industria eólica coas necesidades dun sector emerxente como o da eólica mariña.

E precisamente a exconselleira de Medio Ambiente, Bea Mato, falaba hai un par de meses da posibilidade de que a empresa para a que agora traballa, a do portazo xiratorio, presente un proxecto de eólica mariña que opte aos fondos Next Generation, e pedíalle á Xunta menos burocracia e máis axilidade. Unha señora que era conselleira hai tres anos, agora pídelle á Xunta menos burocracia desde a mesma empresa á que favoreceu cando estaba na Xunta de Galicia.

E hai poucos días o señor Conde destacou o potencial da eólica mariña para Galicia e falou da posibilidade de captar fondos Next Generation para a eólica mariña, e falou tamén da posibilidade de crear, como fixo vostede, señor Tellado, un *hub* da eólica mariña en Galicia.

Por certo, mire que lles gustan a vostedes os *hubs*, os polos de excelencia e todas estas cousas; iso si, sempre na ficción e na propaganda, porque logo as realidades en Galicia son outras ben diferentes. (*Aplausos.*)



E o problema é que os fondos Next Generation non van caer do ceo nin vai deixarse seducir pola omnipresente propaganda oficial, senón que van ir parar aos mellores proxectos a nivel de todo o Estado en réxime de concorrencia competitiva. (*Murmurios.*) E a día de hoxe non sabemos cales son os da Xunta. Rise vostede, pero non sabemos cales son os da Xunta, máis alá de catro xeneralidades e titulares. Tampouco no caso da eólica mariña, se é que existen; o que si sabemos é que a Xunta creou unha sociedade público-privada para xestionar proxectos financiados con eses fondos, unha cousa moi graciosa tamén. Unha sociedade público-privada para xestionar fondos públicos participada por un banco privado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que risa!, ¡que risa!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Un banco privado manexando fondos públicos e unha sociedade público-privada facendo cousas que forman parte estritamente das funcións do Igape, unha risa. A pregunta é: ¿Por que? ¿Por que cando teñen unha flamante Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación van vostedes e crean unha sociedade público-privada na que nin sequera teñen a maioría para impulsar futuros proxectos a financiar cos fondos Next Generation públicos? Pois por dous posibles motivos: ou porque vostedes son uns auténticos incompetentes ou porque queren favorecer determinados intereses. Entre estas dúas opcións, eu quedo cunha terceira: por ambas as razóns, que é a opción —digo— pola que eu me decanto, pero tampouco o sei estritamente.

Por iso nos preocupa que todo este ruxerruxe sobre a eólica mariña quede en nada máis que nun negocio para uns poucos como a exconselleira de medio ambiente, Bea Mato.

E nesa liña presentamos unha emenda, que, no caso de non ser aceptada, haberá que entender que o PP está disposto a implantar e eólica mariña a pesar da pesca e do medio ambiente e que novamente non está na liña de exercer as súas competencias e capacidades en materia de política económica e industrial.

Por tanto, en conclusión e para rematar, estamos abertos a avaliar a posibilidade de impulsar a eólica mariña en Galicia, pero baixo dúas premisas: que non se afecte á pesca nin ao medio ambiente e que se cree riqueza e traballo en Galicia. Estaremos en contra de implantar a eólica mariña en Galicia se non se cumpren esas condicións; se se cumpren, estaremos abertos a estudalo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.



Bo día de novo.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos que comezar dicindo, señores do Partido Popular e tamén señores do Partido Socialista, que estamos tremendamente preocupadas e preocupados pola presentación desta iniciativa, pero tamén polo *modus operandi* da Xunta de Galiza especialmente nos últimos meses, nos que, detrás dun aparente silencio, xa confesou hoxe o señor Tellado o que estaban facendo, que é traballar de costas ao sector en proxectos para financiar ao abeiro dos fondos europeos que este Parlamento continúa sen descoñecer e que imaxino que entidades como o Consello Galego de Pesca tamén descoñecerán. Entón, polo tanto, o que estamos vendo é que agora mesmo están quitando a carauta realmente. E vén aquí cunha iniciativa disfrazada de verde, dixo vostede, de buenismo diría eu, de azul renovable e de diálogo, cando en realidade o que agocha é algo ben distinto.

Por iso presentamos unha emenda con base en tres principios que desde o BNG entendemos que deberían sustentar unha posición de país unánime por parte deste Parlamento, diante da evidente ofensiva para a implantación eólica mariña en Galiza que hai por parte de Europa desde o Goberno do PSOE e Podemos, e tamén desde os *lobbies* enerxéticos.

En primeiro lugar, sobre a defensa do autogoberno e, polo tanto, a vixencia do acordo de país que tomamos no seu día en 2009.

En segundo lugar, a necesidade de transparencia, porque fala vostede aquí dunha man que non tendeu, de transparencia, diálogo e participación co sector marítimo-pesqueiro, porque non se entende que queiran crear figuras *ad hoc* e partidarias seguindo ademais o estilo dos fondos europeos cando hai instrumentos como o que eu citei, como ese Consello Galego de Pesca e colectivos referenciais do sector.

E, en terceiro lugar, porque, por suposto, nós entendemos e dicímolo alto e claro que hai que dar prioridade política absoluta á actividade do sector e á conservación do medio aplicando o principio de cautela. E hai que preguntarse por que agora, por que este debate, que non é novo, enriba da mesa, pero que chega novamente. Se é por necesidade de Galiza ou é por intereses alleos. E nós temos claro que non chega por necesidade de Galiza e que obedece a intereses alleos.

En primeiro lugar, porque hai unha axenda europea imposta de aposta brutal por esta tecnoloxía e que require uns obxectivos moi ambiciosos a curto prazo, no marco desa transición enerxética que xa temos dito en moitas ocasións que para este país non está sendo nin sostible nin xusta, e que nin moito menos supón un cambio de modelo de democratización da xeración ou do acceso á enerxía.

En segundo lugar, porque hai tamén un interese económico das empresas. Aquí mentíuse abertamente. A tecnoloxía a día de hoxe para os espazos de tan gran profundidade como é o galego non están desenvolvidas, están en fase precomercial e o que hai é unha estratexia do sector privado para financiarse a través do impulso público. E, oia, non estamos en contra do impulso público nin da colaboración público-privada, si de que o risco e o financiamento se asuma 100 % polo público para que despois o beneficio sexa 100 % privado.



E, en suma, tamén queremos poñer hoxe enriba da mesa que, efectivamente, como saíu aquí temos unha historia e en 2009 este Parlamento tomou unha decisión que nos uniu a todos e a todas respecto a, e ademais cun diálogo previo co sector pesqueiro e marisqueiro, non aceptar a implantación da enerxía eólica neste país, porque non todo é posible en todos os contextos. Iso non significa estar en contra dunha tecnoloxía ou das renovables, pero non todo é posible en todos os lugares e en todos os contextos.

E a pregunta é se hai motivos obxectivos para mudar esa posición. E desde o BNG temos claro que non. Eu quero recordar que no seu día ese acordo tiña dous fundamentos básicos. Un, a defensa do autogoberno, que mesmo levou a Xunta de Galiza aos tribunais. Ese precepto básico non mudou, hoxe o marco legal e administrativo é este, exactamente o mesmo. Un decreto de 2007 e un estudo estratéxico ambiental que a Xunta e este país levou aos tribunais porque afectaba dramaticamente ao noso sector marítimo e pesqueiro. E isto hoxe é o marco que existe. Outra cuestión é se vai haber mudanzas ou non.

Polo tanto, estes dous elementos de discrepancia seguen enriba da mesa. Un marco que é lesivo para os nosos intereses e que vulnera o noso autogoberno. Polo tanto, hoxe entendemos que, con independencia de que, evidentemente, ao grupo nacionalista nos gustaría ter máis capacidade de decisión sobre este sector, pois, desde logo, había uns mínimos, uns mínimos que nos unían cando menos, uns mínimos aos que parece que no día de hoxe están dispostos a renunciar desde o Partido Popular e desde o Partido Socialista.

Nós, desde logo, pensamos que esta non é unha boa nova, e non é unha boa nova, ademais, nun momento no que estamos nunha transición, porque no medio do estado de alarma o MITECO xa sacou esa participación pública para a folla de ruta para a eólica mariña; non sabemos que achegou ou deixou de achegar a Xunta, pero a intención do Estado español é mudar a lexislación marco de 2007, e, polo tanto, non se entende moi ben pretender cociñar primeiro esta porta de entrada sen saber que é o que vai vir despois, e tamén cando aínda non se coñece o resultado dese plan de ordenación do espazo marítimo e se vai ser ou non beneficioso para o noso país.

Pero eu quero poñer aquí enriba da mesa tamén que son falsos os argumentos de que hai mudanzas no sector que deban facernos cambiar de opinión, absolutamente falsos, comezando polo argumento económico, é que non se sostén. O Partido Popular manipula a un extremo que xa di algo que non recolle este estudo de ASIME e que eu lle vou deixar á Presidencia. ASIME non di que se crearían ata 12.000 postos de traballo, é mentira. Estiman entre 1.000 e 5.000, sempre vinculados a que potencia eólica se instale, como se non puidésemos exportar; non sei se todos os coches que saen de Citroën os temos que mercar os galego e galegas —que eu saiba, pode fabricarse para fóra— e no día de hoxe a folla de ruta en Navantia é que as estruturas flotantes vaian para Cádiz, e uns e outros facendo a procesión dos caladiños.

E temos tamén exemplos das contas da leiteira na eólica terrestre. ¿Que beneficio económico ten a eólica terrestre? Nunca tanta enerxía eólica terrestre xerou o noso país e nunca tan pouco emprego recibiu a cambio. Temos o ERE de Siemens-Gameasa, a deslocalización, perdón (*Aplausos.*); temos esas reducións de emprego en Iberdrola, en Naturgy, etc. Polo tanto, cero credibilidade que isto vaia ser a galiña de ouro para a crise industrial galega.



Pero tamén sorprende que o Partido Popular e o Partido Socialista abracen aquí os mesmos argumentos falsos respecto da tecnoloxía, porque é falso que haxa un cambio tecnolóxico que permita a implantación en Galicia, hoxe por hoxe, con condicións de seguridade e con compatibilidade coa custodia ambiental e produtiva que para nós é clave. (*Aplausos.*) Hai estudos do vento, pero non hai estudos da afectación ao leito mariño, por exemplo.

E tamén temos que dicir que non podemos comparar a nosa situación con ningún dos 69 parques marítimos eólicos que hai na Unión Europea, porque alguén que descoñeza o tema pode facer unha comparación, pero é que as circunstancias son totalmente diferentes e o modelo que hoxe hai implantado na contorna europea é inaplicable a Galiza polas nosas características físicas. Non podemos comparar cos parámetros medios de distancia da costa, 59 quilómetros, e a profundidade media, a 33 metros. Son absolutamente imposibles de cumprir aquí, porque debaixo do mar non hai unha piscina que sexa exactamente igual en todo o planeta, hai unha realidade que é heteroxénea e o noso país ten unha plataforma continental morfoloxicamente complexa e anómala, que é especialmente curta e, polo tanto, a tecnoloxía que hoxe se coñece e se practica tería que estar moi próxima á costa e iso ten evidentes riscos sobre un sector que, da mesma forma que o señor Tellado vostede falaba do gran potencial da eólica mariña, a min gustaríame que este Goberno se puxera de man e de lado do gran potencial do noso sector do mar e marisqueiro, (*Aplausos.*) porque non existe en toda Europa unha concentración de embarcacións de actividade produtiva e de dependencia da pesca como a nosa. Ou sexa, a nosa produtividade no mar e en terra non ten comparación, porque non é só no mar, é tamén na parte marítima que está na terra. Porque parece mentira que haxa que vir a este hemicycle a dicir o seguinte, pero é que a xeración da enerxía eléctrica non nace nesa instalación *off shore* no mar e se evapora e se teletransporta maxicamente a iluminar este hemicycle; iso non é así, ten que ter unha conexión, evidentemente, coa terra e iso ten un impacto en moitos termos ambiental, visual, etc., por non falar doutros elementos que deberían preocuparnos, como o tráfico comercial, como que xa teñamos a maior taxa de sinistralidade marítima convencional e outro tipo de cuestións. E iso no marco dun modelo enerxético, como moito levamos debatido nesta lexislatura, que obedece a intereses alleos.

Polo tanto, para nós a cuestión é clara, non é unha oposición ás renovables, non é unha oposición á enerxía eólica mariña como concepto, pero si é ter claro que hoxe por hoxe non se dan as condicións nin materiais, nin políticas, nin legais, nin técnicas, nin medioambientais, nin tampouco estratéxicas desde o punto de vista do país para abrir esta porta.

E, sobre todo, tamén teño que advertir que non confiamos no Partido Popular. Non confiamos no Partido Popular nin tampouco en cal pode ser a decisión do Goberno central; vistos os antecedentes, a eólica terrestre é un bo exemplo, pero poderíamos poñer outros enriba da mesa.

Polo tanto, entendemos que o que hoxe se pretende aquí é introducir un cabalo de Troia, outro máis disfrazado de diálogo, cando en realidade é o contrario. Polo tanto, pedimos que se manteñan no consenso ao que chegamos como país en 2009, que para nós é moi importante, que senten de verdade cos sectores afectados, coas organizacións xa recoñecidas, cos foros xa constituídos sen buscar trampas ao solitario para evadilo, que defendan o autogo-



berno e que manteñan eses consensos. Porque desde logo hoxe pode comezar o primeiro de moitos erros que afecten negativamente ao noso país. E esta non é unha posición de negación a unha determinada fonte de enerxía, é unha posición de defensa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...dos intereses deste país, dos galegos e das galegas, fronte ao gran *lobby* enerxético.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

A verdade, eu creo que debín dicirle, señor Arangüena, que a nosa intención era aceptar a súa emenda para tratar de fomentar un clima distinto, e vaia por diante que a nosa intención é aceptar a emenda do Partido Socialista. Cremos que vai na mesma dirección do sentir da iniciativa e, polo tanto, cremos que é importante que os partidos que teñen visión de país aúnen esforzos en cuestións importantes.

Señor Arangüena, a nosa abstención sobre a Lei de cambio climático, vostede sabe perfectamente por que foi, foi pola afectación a esa industria da cadea mar-industria coa que nós non estabamos de acordo, e dixémolo perfectamente. Polo tanto, eu pediríalle que non engane a ninguén; a nosa oposición á Lei de cambio climático é porque pon en perigo moitísimos empregos da industria da transformación do mar.

Sobre o modelo eólico, mire, señor Arangüena, os promotores eólicos poden presentar todos os proxectos que lles dea a gana, pero a quen lle corresponde dar autorización é ou ben ao Goberno galego ou ben ao Goberno de España; e o Goberno galego o que fai é aprobar unicamente os proxectos que respectan a normativa coas ubicacións contempladas no Plan eólico galego respectuosas co contorno natural. Proba diso, acuda á prensa de hoxe: «*La Xunta frena 35 proyectos de parques eólicos diseñados para zonas prohibidas*», aí o ten. Polo tanto en Galicia defendemos un desenvolvemento ordenado da enerxía eólica a través de proxectos que contén coas máximas garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

E a eólica mariña, mire, nós levamos defendendo a eólica mariña dende o ano 2015, cando algúns se rían de nós, cando reabrimos a antiga Astano apostando pola eólica mariña, o certo é que deu emprego a xente que estaba no paro e conseguiu a primeira diversificación industrial da comarca de Ferrolterra. Polo tanto, claro que cremos na eólica mariña; o que é bastante increíble é ser construtores de elementos de eólica mariña e prohibir nas túas propias augas a eólica mariña, que iso é o que pretende o Bloque Nacionalista Galego. Bastante pouco crible. Pero o certo é que son vostedes os mesmos que cando arrancam coa eólica



mariña para abrir o antigo Astano vostedes se rían dicindo que iso era soldar tubos, e que iso non daba emprego de calidade. Vaian a Ferrol a contalo a ver se alguén lles cre o conto.

Aceptamos a emenda do Partido Socialista; en calquera caso, señor Arangüena, a política enerxética é competencia exclusiva do Estado, e a política enerxética do Goberno Socialista, errática, calamitosa, condiciona a política industrial de Galicia e condiciona a continuidade de moitísimos postos de traballo. Dígoo por se pretenden confundir con iso.

Mire, a eólica *off shore* na nosa contorna: o 40 % da capacidade da Unión Europea está instalada en Reino Unido, o 31 % en Alemaña e o resto está instalada en Noruega, en Francia en Italia, en Holanda, en Bélxica, en Dinamarca, en Portugal e en Grecia. Eu admiro o amor propio dos 19 deputados do Bloque Nacionalista Galego que cren saber máis que os gobernos de todos estes países e que os expertos de todos eses países, e que teñan unha visión tan raquítica de Galicia que lle negan a Galicia o que Galicia podería facer probablemente mellor que todos eses países. ¡Vaia visión raquítica do país que teñen vostedes! Son vostedes uns inmovilistas, queren que non cambie nada e é que dende o ano 2009 ata o ano 2021 teñen cambiado moitas cousas. Claro que a tecnoloxía da eólica mariña ten avanzado moito e o coñecemento, pero é que vostedes viven na Galicia raquítica do nacionalismo galego e non son capaces de abrirse a novos coñecementos e a novas oportunidades. Vostedes son os mellores representantes da Galicia acomplexada, que cren que outros poden pero Galicia non. Nós cremos que Galicia pode e Galicia debe, porque aí hai unha oportunidade de traballo e porque non todos os galegos poden ser deputados durante vinte anos neste Parlamento autonómico. E, polo tanto, ¿por que negarlle a Galicia as oportunidades que teñen outros territorios? ¿Cal é o modelo enerxético do Bloque Nacionalista Galego da señora Pontón? Sabemos cal é o seu modelo de país, que é a confrontación do País Vasco, é o modelo da imposición cultural e lingüística, é o modelo da confrontación e dos indultos de Cataluña. ¿Cal é o modelo enerxético? O modelo enerxético é estar en contra de todo, estar en contra das industrias enerxéticas tradicionais, asentadas en Galicia que daban moitísimo traballo, e estar tamén en contra das enerxías renovables e de estudar un cambio de modelo máis sustentable. Vostedes péchanlle as portas a Galicia ao futuro, son vostedes un partido ancorado no pasado, son inmovilistas por definición, están en contra de todo, están en contra de Europa, están en contra da Constitución e están en contra tamén do Estatuto de autonomía e das oportunidades que nós a Galicia non estamos dispostos a que ninguén llas negue.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acepta a emenda do Bloque?

A do Bloque non.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A do Bloque non. Grazas.



Votación das proposicións non de lei

Procedemos á votación das proposicións non de lei. Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D^a Noa Presas.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamento do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo plan sectorial eólico para Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D. Pablo Arangüena.

Non se acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e catro deputados/as máis, sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 42; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D^a Marina Ortega.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular.



Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga.

Perdón. ¡Ah!, pide a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Pedimos a votación por puntos, tal como manifestamos na intervención, separadamente o punto 3.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta, señor Puy, que se separe o punto 3? Non o acepta.

Entón, soamente se acepta a autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

E por último votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 18.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei e continuamos coa orde do día. Hai dúas alteracións, que agora imos substanciar coas preguntas.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

Pregunta de D^a Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

Ten a palabra a señora Gallego. Cando queira.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día, deputados e deputadas.

Bo día, vicepresidente primeiro.

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria, como todas e todos xa sabemos, e despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021-2022 axude a reactivar este sector. Non obstante, os gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade eran a gran preocupación do sector turístico, pero agora a gran preocupación é a incerteza de non saber cando empezarán a chegar as persoas que veñen visitar Galicia.

Nesta situación socioeconómica tan complexa, cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e os orzamentos do Xacobeo 2021-2022. A Xunta de Galicia elaborou o Plan estratéxico do Xacobeo 2021 e dentro deste plan está contemplado un eixe transversal que recolle un plan de mantemento e embelecemento dos camiños e da súa contorna, un plan de reforma e ampliación dos albergues e un plan de sinalética do Camiño de Santiago.

Dentro deste Plan estratéxico do Xacobeo 2021 existe un plan de investimentos cunha dotación económica de 105 millóns de euros. Dende o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeana este ano.

O Plan estratéxico Xacobeo 2021 non cumpriu os seus obxectivos, porque no noso grupo parlamentario temos moitas, moitas demandas dos concellos de melloras do Camiño e de construción e reformas de albergues. A antigüidade dos albergues de peregrinos e peregrinas fai necesarios investimentos significativos para a súa adecuación a todos os turistas que visitan a nosa terra, e máxime cando estamos nun ano xacobeo.



Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia e que necesitan investimentos e melloras nas súas instalacións, como por exemplo o albergue de Arca, no Pino, que estivemos alí no mes de setembro e puidemos comprobar *in situ* as malas instalacións e, sobre todo, que non é accesible.

Vostede anunciou hai uns meses que ía facer obras; esperemos que empecen pronto, porque a día de hoxe aínda non teñen a adxudicación definitiva destas obras, e este ano xa penso que non van estar rematadas. Menos mal que teñen outro ano xacobeo para poder rematalas.

O Grupo Parlamentario Socialista reclama ter información actualizada e continua do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021-2022. Señor vicepresidente primeiro, ¿cales foron as actuacións da Xunta de Galicia por provincias onde se investiron os 105 millóns de euros do Plan de investimento recollidos dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente, e moitas grazas, señora Gallego, pola pregunta, sinceramente, está moi ben e o Goberno celebra que vostedes queiran facer un control democrático, como lle chama vostede, do que se está facendo dende a Xunta de Galicia, como é a nosa obriga e sobre todo o noso interese, máis ben o interese de Galicia, para preparar o Xacobeo no que xa estamos e que eu agardo, e creo que xa o está facendo, que arranque a partir de agora, unha vez levantados os perímetros e moitos dos impedimentos de carácter sanitario que impedían moitas das cousas que se identifican e que forman parte do Camiño.

E celebro a súa pregunta porque é do 15 de xaneiro e naquel momento vostede quería saber o esforzo que estaba facendo e supoño que o que ía facer a Xunta de Galicia. Alí no mes de xaneiro xa llo podíamos dicir e, polo tanto, por aí lle vou responder porque xa tiñamos os orzamentos da Xunta aprobados naquel momento, aínda que vostede traía a pregunta agora: 85,8 millóns de euros que se están executando. A maioría teño que dicirlle que xa non, porque o Plan estratéxico no que se refire a investimentos está practicamente executado, son investimentos, perdón, son cantidades non só para investimentos, pero unha parte importante deles, que xa formarían parte —se quere vostede chamarlle así— dun novo plan estratéxico ou dunha continuidade do plan estratéxico executado.

Naquel momento, e iso gustárame para completar a pregunta, faltábanos saber a implicación do Estado. Eu na segunda parte intentarei darlle detalle dos investimentos executados, por provincias é complicado, polo menos nun tempo tan curto, pero si, por suposto, res-pondereille.

Gustárame pararme agora, porque creo que é para completar o que significa o esforzo de todas as administracións, o esforzo do Estado. Faláronnos naquel momento, nós pregunta-



mos e non dicían nada, non nos falaban de nada, de cal vai ser o esforzo do Estado en canto ao Xacobeo. Faláronnos de que se estaba facendo produto turístico nacional, o produto estrela, un investimento moi importante preparándose para o Xacobeo. Pasaron meses e non se soubo nada. Volvemos a preguntar e dixeron que estaban niso, acabamos de volver a preguntar con ocasión de Fitur, vostede estivo alí e viu que era eu creo que, dende logo, de todo o que vai pasar turisticamente neste país este ano o que chamaba máis a atención, e volveronnos a dicir que seguen traballando niso e a día de hoxe nada sabemos. Absolutamente nada.

Polo tanto, eu agradézolle esta pregunta e agradézolle mesmo a súa presenza, e a do señor Caballero, que estivo hai tres días, tamén que fagan un pouco de forza a ver se podemos converter estes bos desexos que sempre ten o Goberno e a ministra de Turismo con respecto ao Xacobeo en feitos para facer investimentos e para poder seguir facendo estas actuacións que vostede lle demanda á Xunta de Galicia.

Estaría moi ben, eh, e con iso poderíamos completar moitas das demandas que nos seguen, despois de cumprir o plan de investimentos os concellos. De todas as formas, voulle dicir unha cousa, na súa exposición de motivos pon que unha das demandas que lle fan os concellos é a sinalización do Camiño de Santiago. Tendo vostede a relación que ten co alcalde e co Concello de Vigo, e co Goberno municipal de Vigo, que me fale da sinalización dos camiños como unha das demandas dos concellos é tomar o Xacobeo moi pouco en serio; e eu pídolle que o Xacobeo —píddollo de verdade— que hai que tomalo en serio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Vicepresidente primeiro, fala do Estado e de Vigo, ¿e da pregunta? Porque non me contestou a nada da pregunta. (*Aplausos.*) Eu entendo que estea preocupado, e sobre todo que estea preocupado con Vigo, enténdoo, pero, por favor, respóndame a pregunta, por favor. Quere-mos ter información precisa dos 105 millóns do plan de investimento. Por favor, ¿pode dicirnos en que se investiron estes cartos?, por favor. Esta información penso que non lle serve, nin a min nin aos galegos e ás galegas.

Un pouco de rigor, ¿non?, son moitos cartos, un pouco de rigor. Díganos en que se están investindo estes 105 millóns, en que se investiron estes 105 millóns de euros. Por favor, é que non sei a que se debe tanto secretismo con todo o que ten que ver co Xacobeo. De verdade que non sei que é ese secretismo.

¿Onde se están investindo as partidas orzamentarias que están destinadas ao Xacobeo? ¿Onde están esas partidas? ¿En que se invisten?



E, miren, o Plan estratéxico Xacobeo 2021 non cumpriu os seus obxectivos, porque temos moitas demandas de melloras por exemplo de camiños de Santiago nas vilas da Estrada, Forcarei, Vilaboa, Valga, Mos, Ames, etc., etc.

Ademais, dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas queremos facer unha reivindicación, cremos que a Consellería de Turismo debe revisar todos os albergues públicos da nosa comunidade e facer un verdadeiro investimento para que sexan accesibles e practicables, para non discriminar as persoas con mobilidade reducida. Pedíronnolo varias asociacións de persoas con mobilidade reducida. Teñen que facer esas obras para que sexan albergues realmente aos que poidan ir todas as persoas. Por pór un exemplo, xa lle dixen o do Pino, pero hai outros exemplos, voulle pór un, o albergue de Luíso, entre Triacastela e Samos, que é un albergue que tampouco é accesible; ten un vídeo que se quere llo podo... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego. Terminou o seu tempo. Grazas, grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, perdoe que a contradiga; eu creo que aos galegos si que lles interesa saber se o Goberno de España, e polo tanto tamén o seu Goberno, ten algún tipo de interese, máis alá das boas palabras, en implicarse no acontecemento turístico máis importante que vai ter España. Claro que é de interese. E tamén é de interese saber que llo pedimos moitas veces e que a día de hoxe, vostede dicía menos mal que temos..., menos mal tamén para iso, que temos un ano máis de Xacobeo cando vai consumido xa case a metade do primeiro ano inicial e previsto do Xacobeo e seguimos sen saber absolutamente nada.

Eu creo que isto é de interese, non lles interesará a vostedes, e por iso cando se trouxo a esta Cámara unha iniciativa para que se lle pedira esta implicación con tempo, eh, sen tempo non foi, para que planificaran e programaran, como estamos facendo nós, e nos dixeran como ían colaborar, vostede non votou a favor. Nin vostede nin ninguén do seu grupo, e probablemente porque non teñen a forza suficiente alí para dicir que aquí hai que mollarse, que llo imos a agradecer todo o mundo. Claro que é de interese, claro que é de interese. Igual que é de interese saber por que non somos capaces de sinalizar Vigo, é a única cidade de Europa que atravesa un Camiño, que ten a sorte de atravesar un Camiño, pola que os peregrinos se perden simplemente polo capricho dun señor que goberna alí e que non lle dá a gana porque non lle gusta o Xacobeo. Ten esa relación de odio co Xacobeo que ninguén entende e que impide e coloca nunha situación ridícula os camiños xacobeos en todas as partes.

Dito isto, o que vostede me pregunta, creo que é tan importante isto como investimentos que non teño ningún problema en pasarllos por escrito, que supoño que é o que esperará se espera un desglose por provincias dunha cantidade que supera os 100 millóns de euros.

Pero dígollo agora mesmo en cantidades globais e o que me dea tempo aquí. E, por certo, non confunda o que está programado e, polo tanto executado, con demandas a maiores que



haberá que meter noutros plans, porque polo menos este Goberno intenta ser serio e cando programa e executa o programa despois van outras cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede se me demanda cousas que non estaban no plan e que están sen executar, pois probablemente, haberá cousas que si e cousas que non. Agora, o que está no plan está todo executado.

Dito isto, Plan da sinalética do Camiño de Santiago, 6,2 millóns de euros, executado; en Vigo, non, nin un euro. Iso si, comprado, posto alí nun almacén, esperando a que o capricho se pase ou o odio se pase e poidamos poñelo. Plan de mantemento dos camiños, 15,6 millóns de euros. Mantemento, son varios camiños —como vostede sabe—, se quere voulle dando o desglose que se está facendo —incluso por tramos o temos afortunadamente—, executado. Plan de embelecemento do Camiño e o seu contorno, 3,7 millóns nunha primeira fase, queda unha segunda; foi hai pouco, agora, ao Consello da Xunta un convenio coa Fundación Juana de Vega para seguir facendo isto. Plan de reforma e ampliación da rede de albergues, 7,2 millóns de euros.

Claro que hai moitos albergues feitos, todos os que están no plan, e vostede sabe nas provincias en que están, están todos executados. A maiores, case 4 millóns de euros agora mesmo en albergues en execución, incluídos entre eles, señora Gallego, o albergue do Pino que vostede nomeaba. Sabe que esas obras agora mesmo simplemente haberá que acondicionalas á afluencia de peregrinos, pero esas obras están licitadas e executadas e non estaban neste plan estratéxico.

Plan de mellora do Monte do Gozo, inaugurado o outro día coa presenza do alcalde de Santiago, 5,2 millóns de euros. Infraestruturas turísticas, sinalización de rutas, recursos turísticos, etc., convenios con concellos de todas as cores políticas, 10 millóns de euros.

A apertura de San Martiño Pinario e mais obras de restauración, 625.000 euros. Conservación e restauración derivadas do Plan director do conxunto [...]...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...6,97 millóns executados.

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Seguridade [...] paisaxística, 14 millóns [...]...

O señor PRESIDENTE: Xa están cubertos os seus 5 minutos. Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Plan de investimentos en bicis no Camiño...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, señor Rueda. ¡Terminou o tempo!



(O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non ten a palabra xa. Terminou.

(Aplausos.)

Pregunta de D^a María Elena Candia López e 19 deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coa folla de ruta a seguir polas distintas administracións públicas de cara a garantir o mantemento do emprego e produción en ENCE

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Miguel Santos, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor SANTOS COSTA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor vicepresidente primeiro. E moitas grazas por estar aquí para poder responder a un tema tan importante para os galegos e para a Xunta de Galicia como é o emprego e o mantemento das nosas empresas.

Entre as industrias máis importantes de Galicia temos a fábrica de Ence en Pontevedra, unha empresa de referencia en Europa no sector da celulosa e que constitúe un motor de crecemento e prosperidade para toda Galicia. A súa actividade, así como o desenvolvemento que a mesma mobiliza ten importantes repercusións en termos de emprego, creación de riqueza, desenvolvemento territorial e contribución social.

Esta industria mantén máis de 5.100 postos de traballo, achegas uns 460 millóns de euros ao ano e é o principal actor do mercado forestal, propiciando unha vertebración do territorio da que se benefician milleiros de familias. Dos 5.100 postos de traballo mencionados anteriormente, 400 pertencen ao persoal fixo da compañía; 2.700 de contratistas da área industrial, loxística e de transporte; e máis de 2.100 ao sector forestal galego.

En canto ao sector forestal, Ence é un actor clave en Galicia, xestionando máis de 10.000 hectáreas na nosa comunidade e ademais como cliente dos principais produtores locais. Ence ademais é unha empresa fundamental para o emprego directo de moitos veciños, non só da cidade de Pontevedra, senón tamén para toda a contorna, como poden ser os concellos de Marín, de Poio, de Sanxenxo ou toda a comarca do Morrazo, e tendo ademais unha importancia primordial e fundamental no desenvolvemento da actividade do porto de Marín.

É coñecida por todos a persecución que dende o BNG e o Partido Socialista teñen sobre esta empresa, insistindo durante moitos anos no peche da fábrica de Lourizán, e sen aportar alternativas ao dito peche e non preocupándolles en absoluto o que lles poida pasar aos miles de traballadores e familias que dependen dela.

O Partido Socialista, unha vez que chega ao Goberno de España, a súa primeira actuación que leva a adiante co fin de facilitar o peche desta empresa é allanarse no preito da concesión



da prórroga de Ence. Non sendo suficiente isto, o Partido Socialista —co apoio do BNG— insistiron en anular a prórroga concedida legalmente a Ence coa nova Lei de cambio climático, xerando unha incerteza e unha inseguridade xurídica a todas as empresas da cadea mar-industria.

E con todos estes antecedentes e a raíz das mobilizacións e a presión feita polos traballadores da empresa ante o perigo da continuidade dos seus postos de traballo, a ministra de Transición Ecolóxica, a señora Teresa Rivera, convocou unha mesa de diálogo a todas as partes implicadas neste proceso. Esa reunión tivo lugar en Madrid hai máis dun mes, concretamente o día 21 de abril. E por todo isto queríamos saber, na opinión do Goberno galego, ¿cal debe ser a folia de ruta a seguir polas distintas administracións públicas de cara a garantir o mantemento do emprego e a produción en Ence tamén?

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santos.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Pois, señor Santos Costa, efectivamente —non fai falta, vostede expoñíao no enunciado da súa pregunta—, recordar o que significa Ence. Sempre falamos de Galicia e supón moito para Galicia, pero eu vou falar —porque, ademais, como vivo alí creo que o coñezo bastante ben, igual que outros deputados que están nesta Cámara— o que supón para Pontevedra os impactos directos. Dígoo porque cando se fala de mover industrias de sitio hai que ver o que están producindo no lugar no que están emprazadas: 400 empregos directos, 250 empresa auxiliares que traballan ao redor, moitísimas de Pontevedra e a súa comarca, e case 300 camións diarios que entran e saen na fábrica. E todo isto nun momento onde as industrias están tan cuestionadas ou están tan en perigo en moitos sitios, creo que son cifras que hai que dicir e hai que ter en conta. Xa por non falar dos miles de produtores forestais, pequenas familias que en toda Galicia e tamén na contorna de Pontevedra dependen directamente de Ence.

Bueno, vostede dicíao tamén, ¿cal é a situación? Hai un recurso interposto polo Concello de Pontevedra, un allanamiento da Administración xeral do Estado e unha posta en perigo clarísima da permanencia de toda esta riqueza económica e riqueza de postos de traballo na comarca de Pontevedra. ¡Isto é o que hai! Isto é o que hai e cada vez que o dicimos, en fin, os que están provocando todo isto non son capaces de dicir cal é a alternativa para que todo isto se manteña. Porque aquí do que estamos falando é dos postos de traballo e da riqueza que se crea; e, polo tanto, se non se quere que a cree quen o está facendo actualmente, que é Ence, se se quere que ao final sexamos como unha especie de territorio onde se extraen as materias primas porque noutro sitio loxicamente se vai facer o que deixase de facer Ence. Se nós temos que ser unha especie de lugar onde só se extraen materias primas e o valor engadido se dá noutro sitio, haberá que pedir onde están esas alternativas. E, polo tanto,



non vou insistir no xa coñecido, non vou insistir no recúe de última hora que tivo que facer o Goberno despois do clamor de todas as forzas políticas, polo menos as forzas políticas cun pouco de cabeza. Dende logo, non o Partido Socialista e o Bloque á última hora e forzado, cando tivo que recuar o Goberno e recoñecer que esa Lei de cambio climático, tal como estaba no que se refire a retroactividade de industrias en emprazamento de dominio público, ía supoñer unha espada de Damocles permanente, cando non a desaparición de moitísimas empresas. Non só Ence, Ence tamén, pero si moitísimas empresas que agora mesmo están creando riqueza en Galicia. Bueno, dígoo para demostrar a coherencia dos procedementos do Goberno que probablemente non sexan conscientes, non ten outra explicación, do que vai causar.

Sabe vostede e dicíao tamén, e na réplica contestareille, como está agora mesmo todo ese proceso que iniciou o Ministerio de Transición Ecolóxica coa complicidade do Concello de Pontevedra para ir non sabemos cara a onde; na miña opinión a ningunha parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica. Señor Santos.

O señor SANTOS COSTA: Moitas grazas, señor vicepresidente, pola súa resposta e pola súa preocupación por querer garantir o mantemento do emprego e da produción en Ence nun momento tan delicado en canto á situación de crise económica que estamos a sufrir.

O certo é que, despois da mesa de diálogo mantida hai máis dun mes polos distintos axentes e administracións públicas implicadas neste conflito xerado polo Goberno do Estado, pois houbo diferentes declaracións e reaccións ao respecto. A ministra de Transición Ecolóxica quere que Ence abandone a ría e agora abre a posibilidade de poder contar con fondos europeos para buscar unha ubicación alternativa, pero quere trasladar o problema ao resto de axentes e administracións, cando é o propio ministerio quen crea todo este conflito.

A empresa di que vai á reunión por responsabilidade social, pero insiste en que as posibles alternativas estudadas para unha nova ubicación a día de hoxe son inviables tanto técnica como economicamente, insistindo na súa prórroga e defendendo a súa ubicación propia en Lourizán.

O Concello de Pontevedra di que acudiu por cortesía e insiste no peche da empresa canto antes, e simplemente aludindo a que non ten competencias para solucionar nada.

O comité de empresa da fábrica, instando a que haxa un diálogo continuo entre todas as partes; o comité de empresa das oficinas dicindo que a mesa de diálogo simplemente foi un acto de propaganda do ministerio e que o dito ministerio bota balóns fóra e non propón nada, e, finalmente, a Xunta de Galicia defendendo os postos de traballo e entendendo que agora —como digo— non é o momento do peche da fábrica neste contexto actual de crise económica.



O único que hai de certo en todo isto —como dicía vostede, señor vicepresidente— é que o recurso do Concello de Pontevedra e o allanamento por parte do Goberno central está claro que é o propio Goberno do Estado quen ten que dar saída a este problema creado única e exclusivamente por eles. Polo tanto, señor vicepresidente, gustaríanos saber se ten coñecemento dalgún avance por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica na busca dalgunha alternativa, dunha ubicación alternativa tamén. E coñecer a posición do Goberno galego [...]. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santos.

Peché da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Si, grazas, señor presidente.

Señor Santos, non, se mo permite, non é só o Goberno —que por suposto tamén—, o Goberno central, tamén o Concello de Pontevedra. Vostede mesmo o dicía, parece increíble pero é que este recurso provoca que é un perigo certo que se poidan perder todos estes postos de traballo, despois a unha reunión que se di que era —despois xa se viu que non— para intentar solucionalo e acode simplemente por cortesía; eu provoco o problema, a ver se o solucionan outros. E esta é a situación e isto é o que hai que saber. Dígoo porque creo que a pregunta é moi oportuna porque xa hai máis dun mes despois desa reunión onde os que provocaron o problema intentaron crear a falsa sensación de que estaba en vías de solución. Non se sabía quen o ía solucionar pero que estaba en vías de solución e que os directamente afectados que poden perder os seus postos de traballo —tantas familias afectadas moi directamente e ás que non se lles dá alternativa— que estean tranquilos porque alguén estará traballando na solución.

Bueno, pois o que se dixo alí —e hai que dicilo ben claro e deixar alonxada calquera dúbida— é que o Goberno central ía buscar unha solución, porque falou de fondos europeos. E entón, como son os que teñen —xa nolo deixaron ben claro— o ordeno e mando sobre os fondos europeos, pois serían os que terían que dar algunha solución. E o Concello de Pontevedra, que supoño que algo lle importará que de repente se perdan todos os postos de traballo, supoño que lle importará estar nesa solución e ver cal é a alternativa, unha alternativa real. Mirar aos traballadores á cara e dicirlles: oe, non vos preocupedes porque aínda que Ence se vaia porque nós a botamos temos unha solución para vós, ides poder seguir conservando eses postos de traballo con esa calidade aquí na vosa casa, na vosa zona, non ides ter que emigrar. Non, non, van á reunión por cortesía e simplemente din que a ver se alguén o soluciona. Moi ben, pois aquí estamos esperando a Xunta de Galicia, que non provocou este problema en absoluto. A Xunta de Galicia di claramente que a fábrica está creando postos de traballo onde está emprazada agora mesmo e que, polo tanto, aí ten que seguir creándoos. E a día de hoxe, co panorama actual é implantexable outra solución, dirá que axudará a aquel que provocou o problema e terá que buscar unha solución. E, polo tanto, se a solución eran fondos europeos, a solución era que alguén se preocupase de buscar aqueloutra alternativa, alí estará a Xunta de Galicia para axudar aos que deciden que xa non se pode seguir creando riqueza onde está a fábrica e que nos digan como se vai articular a alternativa. E aí estará a



Xunta de Galicia axudando, facendo o posible, axudando a que se teña que mover. Pero pasou o mes e medio e os que se tiñan que mover, os que para sacarse de encima a presión dos traballadores convocaron aquela reunión de paripé, non están facendo nada. E isto hai que sabelo, os que botan a fábrica e a riqueza do seu sitio e os que dixeron que ían buscar unha solución non están facendo nada. E isto os traballadores e toda a contorna de Pontevedra teñen que sabelo, que pasan os días e aquí hai un escapismo e un deixamento de responsabilidades e un dicir que se fastidien os que están traballando, nós saímos coa nosa e non estamos facendo absolutamente nada. Isto tense que saber, pasan os días e os traballadores non teñen alternativa; teñen a certeza de que os que queren que se vaian van acabar botándose, pero non están facendo nada para buscarlles unha alternativa e que as súas familias poidan seguir vivindo dignamente como o estaban facendo ata o de agora.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Ten que saberse e eu vouno dicir aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, punto 5, interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e 2 deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Que mal está o Partido Popular en Pontevedra, que ten que vir...

¡Que mal, que mal está o Partido Popular en Pontevedra, que ten que vir aquí a facer unha pregunta para meterse co Concello de Pontevedra! Eu non sei se están máis aínda preocupados e nerviosos despois da enquisa que saíu a fin de semana, pero, desde logo, por aí van mal, por aí van mal. *(Aplausos.)*

E, claro, vostedes é que son absolutamente transparentes, non esconden nada. Preguntámoslles pola ampliación da Rede Natura e, en vez de dar a cara a conselleira de Medio Ambiente, vén o conselleiro de Industria, co cal nos queda claro en mans de quen está a Rede Natura de Galiza, en mans de quen está. *(Aplausos.)* O raposo a coidar do galiñeiro, señor Conde.

Mire, señor conselleiro de demolición ambiental, tomo a denominación da miña compañeira Noa Presas, que vén moi ao caso, porque o seu Goberno é o dos parques, pero non o dos par-



ques naturais, o seu Goberno é o dos parques eólicos. E o seu son os intereses das grandes empresas enerxéticas, non a protección da biodiversidade, non a protección da vida e dos lugares onde vive a xente. E xa o deixou claro ademais o señor Feixoo antonte cando recibiu o representante dunha empresa pública chinesa —porque a vostedes preocúpanlles as empresas públicas pero as galegas, pero as chinesas non, e as norueguesas tampouco— e veu aquí avalar a depredación que está levando a cabo esta empresa no promontorio do Roncudo, agredindo un espazo da Rede Natura, agredindo humidais, como se pode ver nestas fotografías, señor Conde. Iso está pasando. A mesma empresa chinesa pública que está poñendo en ameaza os Penedos de Pasarela da Traba, que son un espazo protexido, unha paisaxe protexida, protexida por lei.

Por certo, pregúntolle, ou mándolle o recado para a conselleira de Medio Ambiente, que está baixo a súa tutela, polo que se ve, que ¿cando van facer o plan de xestión das paisaxes protexidas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Marta Nóvoa altérase. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, silencio. Non...

O señor BARÁ TORRES: Claro, claro, é que vostedes teñen bula, teñen patente para facer o que lles dea a gana, e non; hai que escoitar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio... Tranquilidade, tranquilidade.

O señor BARÁ TORRES: E a pel fina hai que deixala na casa, hai que escoitar, e máis pel de elefante ou pel de hipopótamo, que se ten que defender dos crocodilos. *(Aplausos.)* E aquí hai que vir tamén a escoitar os crocodilos.

Entón, claro, vostedes fan isto e vostedes, señor Conde, practican de marabilla despois o *marketing* verde. O *marketing* verde, o *greenwashing*, o lavado en verde o ecopostureo, pero isto é todo decorado, é pura maquillaxe. ¿E sabe o que lle pasa á maquillaxe? Que cando vai calor ou cando chove moito destíñe como o tinxido do señor Giuliani. Isto é o que lle pasa a este tipo de políticas, porque vostedes, señor Conde, fan política ambiental en 3D, en 3D. ¿Sabe o que é o 3D? O 3D é destrución, desprotección e depredación. *(Aplausos.)* Isto é o 3D das políticas da Xunta de Galiza en materia ambiental.

E voulo explicar. Primeira cuestión, especies ameazadas. Especies ameazadas hai en Galiza 201, pois a Xunta é unha ameaza para as especies ameazadas. Porque resulta que das 201 especies que están nesa listaxe só temos un plan de conservación ou de protección de 3, de 3 de 201. Pero o problema non é ese, o problema é que se contrataron 45 plans de protección e de conservación destas especies desde o ano 2009 e están gardados nun caixón para a sociedade galega, para o mundo científico, para o mundo da investigación. E custaron, señor Conde, 566.000 euros. Isto chámase dispendio de fondos públicos. Están pechados nun caixón para a sociedade galega, para o mundo científico, pero non para algunhas empresas que teñen bula tamén para acceder eses documentos. Como por exemplo a empresa Greenalia, que a través non das portas xiratorias, dos portalóns xiratorios, tivo acceso a eses estudos,



a estudos que non son de coñecemento público. Isto, se non é prevaricación, acércase moito. E, desde logo, queremos explicacións, queremos responsabilidades, queremos que se tomen medidas para explicar e que se depuren responsabilidades nun caso tan grave como este, que foi denunciado esta fin de semana pola Asociación Adega.

Segunda cuestión, segundo expediente X de demolicións ambientais San Caetano. San Caetano e tamén San Lázaro, porque teñen aí tamén unha terminal. O inventario de humidaís de Galiza, inventario de humidaís no que temos 1.131 humidaís que deberían estar protexidos e están no absoluto abandono por parte desa política de demolición ambiental.

E vén aquí o subdirector de conservación dos espazos naturais dicindo que iso non significa nada, estar no inventario non significa nada, que non teñen ningunha protección. ¿Cando teñen previsto protexer esas zonas húmidas, máis de 751 que están fóra de calquera protección e que son fundamentais para a biodiversidade?

E, terceira cuestión, a traca final xa é o tema da Rede Natura, a ampliación da Rede Natura.

Vostedes paralizaron a ampliación da Rede Natura do ano 2008 e, cando chegaron ao Goberno, anunciaron unha nova ampliación da Rede Natura. Teño aquí un titular de prensa que di: «O 15 % do territorio galego estará en Rede Natura no 2012». Somos actualmente o pechacancelas, a última comunidade do Estado en protección da Rede Natura, estamos no 12 %, non chegamos ao 12 %, cando a media estatal é do 27 %, a media europea está no 18 %.

Pois ben, resulta que vostedes tamén anuncian a ampliación da Rede Natura, pública no DOG, din que é un mandato da Unión Europea, din que é urxente facelo, que hai que protexer eses espazos, e non só isto, senón que aproban unha disposición adicional quinta da Lei do sector eólico que di literalmente o seguinte. Isto é, entra en vigor o 1 de xaneiro de 2012. Di: «O anuncio da exposición pública da proposta de ampliación do ámbito da Rede Natura 2000 determinará por si mesmo a suspensión do procedemento de autorización de parques eólicos que se sitúen en todo ou en parte no ámbito territorial obxecto de ampliación». É dicir, paralización dos parques eólicos previstos nos ámbitos de ampliación da Rede Natura.

¿E que fixeron vostedes despois de aprobar isto na Lei de orzamentos do ano 2011? Pois pecharon baixo 7 claves a ampliación da Rede Natura para dar barra libre aos parques eólicos, porque esta é a súa política das 3D: a destrución, a depredación, a degradación do territorio. Están ameazados numerosos hábitats e tamén especies que deben estar protexidas pola Comisión Europea, porque son espazos de especial interese, de interese prioritario. Estoulle a falar do río Sor, das Brañas do Deo, das Brañas do Xallas, da Serra da Cova da Serpe, da Serra do Suído, da Serra da Groba, da Serra da Enciña da Lastra, do Macizo Central, de Carnota-Monte Pindo, da Costa da Morte, da Serra do Xistral, onde hai proxectos de parques eólicos. ¿Pódeme dicir cantos proxectos de parques eólicos hai nestas zonas previstas de ampliación da Rede Natura que vostedes paralizaron á mantenta para favorecer os intereses destas empresas?

E, claro, agora non nos veñan cos contos estes dunha mini ampliación da Rede Natura que aprobaron pola porta de atrás o outro día cunha emenda *in voce*, porque sabían que ía vir



este debate a este Pleno e querían, digamos, facer un lavado de cara, un lavado en verde de novo, cando vostedes trouxeron aquí e aprobouse no ano 2017, hai 4 anos en xuño, unha proposta de ampliación da Rede Natura que quedou outra vez gardada nun caixón porque había que darlle para diante, había que seguir coa barra libre a tramitación dos parques eólicos. E así estamos.

Pero que lles quede claro, que lles quede claro, e non é ningunha ameaza. En todo caso, é un aviso, é unha advertencia, que lle imos facer fronte a este modelo depredador e de espolio, ímoslle facer fronte por terra, por mar e por ar, sobre todo por ar, porque isto vai de vento, vai de ar principalmente, ímoslles facer fronte nas institucións, nos parlamentos, imos levalo á Comisión Europea; imos estar tamén nas rúas xunto con centos e miles de persoas que se están mobilizando, que se están organizando, que están presentando alegacións, que están levando acordos aos plenos de todas as cores que queiran. Non é unha ameaza, é unha advertencia que lles están dicindo tamén os concellos onde vostedes gobernan, en Curtis, en Lalín, na Estrada, en Cerdedo-Cotobade, en Oia, en todos estes concellos e moitos máis estanlles dicindo que así non; renovables si, pero non así.

¿Que falta fai máis para que se enteren do que está pasando? *(Aplausos.)* Hai un gran conflito social en Galiza arredor desta cuestión, porque a tecnoloxía cambiou, os aeroxeradores son moito máis grandes, a invasión do territorio é moito maior, tamén do territorio onde vive e traballa a xente e quere desenvolver o seu proxecto de vida. Xa lle falou onte a miña compañeira da Casa Xanceda, que é un exemplo de libro do que están facendo vostedes. Aniquilar, arrasar o que son proxectos produtivos e de desenvolvemento rural neste país. Así non. Polo tanto, hai esa mobilización enorme para pararlles os pés a estes proxectos aberrantes e porque a xente quere vivir na terra e protexer tamén o medio, a auga, a biodiversidade, as paisaxes.

E, así como anunciaron hoxe tamén nesta manobra de distracción esa paralización de 35 proxectos, teñan valentía para parar todos os parques eólicos, todos os que son de tramitación da Xunta, os que son de tramitación da Xunta que agriden espazos, hábitats que deben estar protexidos, que agriden lugares onde a xente quere vivir e traballar, onde hai actividades que son incompatibles con eses proxectos eólicos.

E, señor conselleiro, mire, quen mellor o explicou, coma sempre, porque nestas cousas unha imaxe vale máis ca mil palabras, foi o Carrabouxo, con esta viñeta dunha zona de altísimo valor ecolóxico, zona de altísimo valor ecolóxico que vostedes pretenden converter en zonas de altísimo valor eólico. E así non.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, constatamos esta mañá que, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego segue vivindo no 3D da realidade virtual. Seguramente sería un bo exercicio volver á realidade, á realidade de Galicia, á realidade da nosa contorna, á realidade da nosa economía e á realidade e á defensa dos intereses xerais dos galegos. E lamento que vostede volva tomar esta tribuna como se fora un teatro e non veña aquí falar realmente con rigor e atendendo á normativa vixente e, polo tanto, a ese traballo que estamos desenvolvendo dende a Xunta de Galicia cun compromiso inquebrantable coa protección, coa conservación e coa mellora do medio ambiente e do noso patrimonio natural. E non facemos ningún tipo de distincións, senón simplemente intentar que, efectivamente, ese compromiso coa protección do medio ambiente sexa unha realidade.

Estamos apostando, aínda que vostede intenta trasladar unha realidade en 3 dimensións totalmente afastada da realidade dos galegos, estamos impulsando un modelo de desenvolvemento de enerxías renovables garantista e ordenado. Son dúas palabras que teñen feitos no traballo que estamos desenvolvendo e, sobre todo, non só dende o punto de vista administrativo, senón tamén dende un punto de vista legal.

Como vostede sabe, dispoñemos dunha lexislación en Galicia de patrimonio natural e de biodiversidade que outorga prioridade á protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística. Sería bo que repasase a Lei 5/2019, e, polo tanto, saber que iso está garantido por lei. E ademais establécese que a protección que se desenvolve, as actuacións que fai a propia Administración, ten que desenvolver intervencións que poidan protexer calquera tipo de afectación ao patrimonio natural ou á biodiversidade.

Seguramente se se detivese no contido da lei, non diría toda esa sarta de despropósitos que trasladou na súa intervención. Porque o BNG sabe perfectamente, e así llo temos explicado reiteradamente tanto dende a Consellería de Economía como da Consellería de Medio Ambiente; eu entendo que vostedes non estean acostumados a que nun Goberno haxa un criterio único de goberno e que polo tanto poidamos trasladar esa coordinación a todas as nosas actuacións, pero si, este Goberno traballa cunha soa voz e, polo tanto, estamos facendo compatible, señor Bará, a actividade económica e a creación de emprego coa preservación do medio ambiente, porque iso é a responsabilidade que temos como Goberno. *(Aplausos.)*

Pero non se preocupe, e repítoo para aqueles que queiran escoitar, todos os proxectos eólicos se someten a unha adecuada avaliación das súas repercusións e dos seus impactos de acordo co disposto na normativa vixente en materia de avaliación ambiental. Todos os parques eólicos teñen que superar unha avaliación ambiental ordinaria, que é a máis esixente dende o punto de vista da normativa estatal. E, polo tanto, hai garantía absoluta de que se fai un estudo de todos os impactos. Ademais está garantida a participación pública e, como dicía, avalíanse todos e cada un dos posibles efectos que se poidan establecer sobre o valor natural e paisaxístico para poder determinar con fundamentos obxectivos a súa compatibilidade ou non. Vostedes, dende o Bloque Nacionalista Galego, como se consideran en propiedade da verdade, consideran que cando se tramita un parque eólico automaticamente xa vostedes



xulgan se realmente se vai cumprir o cumprimento da normativa. E lamento que unha vez máis vostedes poñan en dúbida permanentemente a función pública. Debería darlles vergoña poñer en evidencia e en dúbida o traballo dos funcionarios públicos no desenvolvemento da súa actividade.

En calquera caso, o que si este Goberno pode garantir é que non se aproba ningún proxecto que non conte con todas as garantías dende o punto de vista técnico, dende o punto de vista xurídico e, por suposto, tamén dende o punto de vista medioambiental.

Con respecto á Rede Natura, creo que debería facer un exercicio de prudencia, non de rigor, porque iso lamentablemente non é o que vostede acostuma a trasladar, pero si de prudencia.

Vostede sabe que Galicia declarou como zonas de especial conservación o 100 % de todos os LIC, o 100 %, cousa que, como tamén sabe, non ocorre noutras comunidades autónomas. E a propia Comisión Europea ten trasladado que se cumpren todas as condicións establecidas dende o punto de vista das esixencias vinculadas con Rede Natura. Polo tanto, nós estamos, efectivamente, abordando, abordaremos un proceso de ampliación de Rede Natura partindo dese cumprimento do 100 % de todos os LIC que se encontran na Rede Natura 2000 e, polo tanto, imos non só desenvolver esa ampliación e a revisión da Rede Natura 2000, senón que tamén aprobaremos os diferentes plans de xestión e de conservación.

Polo tanto, señor Bará, creo que o Bloque Nacionalista Galego, polo ben desa compatibilidade, dende o punto de vista económico e dende o punto de vista ambiental, debería deixar esa campaña de criminalización do sector eólico, da criminalización das enerxías renovables e abandonar esa política de non a Galicia, porque, honestamente, non beneficia nin os galegos nin, por suposto, ese equilibrio necesario entre o desenvolvemento económico e a defensa dende o punto de vista do noso patrimonio, tanto cultural como natural.

Vostedes seguen adiante co seu xuízo paralelo permanente, para o que teñen xa ditada a sentenza *ex ante*, antes de empezar a tramitación xa vostedes sentencian o que cumpre a normativa e o que non, xa non escoitan, por suposto, ninguén e por suposto tampouco os propios funcionarios tanto da Administración autonómica como da Administración xeral do Estado. E, por suposto, o único que vostedes intentan trasladar é que Galicia é simplemente culpable, por querer ter un papel no desenvolvemento das enerxías renovables. Lamento esa vocación de illamento permanente que ten o Bloque Nacionalista Galego con respecto ao noso país.

Talvez por iso non apoiaron o acordo adoptado recentemente neste Parlamento; fíxense, non apoian nin sequera instar a rematar os traballos para a ampliación e revisión da Rede Natura 2000. Vostedes sempre co Galicia non, sempre co desenvolvemento e a creación de emprego non. Creo que, señor Bará, se falamos da realidade, a realidade é que este Goberno non puxo en funcionamento ningún novo parque eólico en espazos de Rede Natura dende o ano 2009. Ese é o dato, esa é a realidade e, polo tanto, vostede seguramente o que ten é un sentimento de culpabilidade porque, cando vostedes estaban no bipartito, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego autorizou a explotación de seis parques con máis de 177 megavatios en espazos de especial protección que foron parque de Rede Natura. Ese é o seu cu-



rrículo, ese é o seu historial e, insisto, non debería utilizar este Parlamento para lavar a súa conciencia, que neste caso é unha mala conciencia.

Eu lamento que unha vez máis o medio ambiente sexa utilizado polo Bloque Nacionalista Galego como unha escusa para paralizar calquera oportunidade de desenvolvemento económico e de desenvolvemento eólico en Galicia, antes incluso de avaliar e de determinar a posible viabilidade ou compatibilidade co marco normativo de calquera tipo de proxecto. O verdadeiro motivo, señor Bará, da súa cruzada é que pretenden pechar a industria, e que lle queren pechar as posibilidades de desenvolvemento de creación de emprego do propio sector eólico das enerxías renovables. Eu lamento que iso siga sendo así, e que vostedes lle estean negando a Galicia esas posibilidades de desenvolvemento. Deberían, seguramente, reflexionar sobre a súa posición e, dende logo, nós temos un modelo claro e un modelo transparente: compatibilidade da actividade económica con protección do medio ambiente e do noso patrimonio cultural.

Creo que ese é o camiño e dende logo estamos desenvolvendo un traballo absolutamente garantista, cun desenvolvemento do sector eólico ordenado e marcando esa prioridade que é a protección do medio ambiente e a súa compatibilidade coa actividade económica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moita grazas, señor vicepresidente.

...señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, vostedes pretenden facer pasar 130 dromedarios polo ollo dunha agulla e iso é materialmente imposible. Non, non e non. Non llelo imos permitir, e non llelo vai permitir a xente, e non llelo van permitir os seus concellos. ¿Quere que lle lea o acordo plenario do Concello de Lalín, que é un auténtico varapau á política eólica da Xunta de Galiza? Podo pasarllo se o necesita.

Mire, di vostede que é un modelo garantista, ordenado, que queremos criminalizar. Voulle explicar o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sobre a política da Xunta de Galiza, para que non pense que é o BNG, é o TSX, mire, di: «A pesar del tiempo de desarrollo normativo y siendo Galicia una comunidad pionera en el aprovechamiento eléctrico de la energía eólica, sigue existiendo un gran vacío legal en materia ambiental en la que se amparan las empresas energéticas para llevar adelante sus proyectos, situación que se agrava cuando la sociedad no tiene canales para la participación en el desarrollo de las renovables, quedando relegados a un papel pasivo de afectados, frente a un papel activo de agresores y beneficiarios de las empresas o de la Administración». É dicir, que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza lles chama a vostedes e ás empresas agresores. ¿Que máis temos que dicir? É que o di o Tribunal Superior, non somos nós. A ver se lles queda claro. Están vulnerando toda a normativa comunitaria habida e por haber, todas as directivas. Por iso están obrigando a xente a moverse, a facer cursos intensivos de aprendizaxe de enxeñaría, de dereito administrativo, de bioloxía, de todo, para poder facerlle fronte a estes proxectos, que ademais son absolutamente faltos de transparencia. Porque vostedes déronlles todo, todo o



poder ás empresas e converteron isto nun dereito de pernada e nunha especie de *far west*, de salvaxe oeste, onde as empresas utilizan todo tipo de abusos e prepotencia para pasar por riba da xente.

E, claro, o problema é que temos un plan eólico absolutamente obsoleto, que é do ano 2001 na última versión, e a tecnoloxía cambiou, as dimensións dos aeroxeradores cambiaron, non ten nada que ver, é case o triplo da que tiña naqueles momentos. Polo tanto, unha distancia de 500 metros a núcleos habitados non ten razón de ser neste momento, e vostedes seguen erre que erre nese tipo de políticas.

E, miren, ampliación da Rede Natura, hai ata 35 parques eólicos previstos na ampliación da Rede Natura de 2012. Teño aquí un estudo feito polo colectivo Rebinxe, cos seus propios medios, porque a Administración non o fai. E voulle falar ademais do que é o quilómetro cero nesta materia, que é a serra do Suído, hai once parques eólicos en tramitación na zona que debía estar protexida baixo unha Rede Natura na serra do Suído, e vostedes facéndose o avión, mirando para outro lado e protexendo os intereses das grandes empresas. Esta é a realidade. E quen prohibiu, impediu o desenvolvemento de parques eólicos na Rede Natura foi o Goberno do BNG no bipartito no ano 2007, no decreto do ano 2007. É a primeira vez que aparece recollido isto.

Pero, claro, daquela había un plan eólico que respondía aos intereses do país e que protexía o medio ambiente, e protexía a xente. E por iso vostedes fixeron a campaña máis sucia, unha campaña de acoso e derribo contra ese Goberno, utilizando todo o poder, o enorme poder desas grandes empresas que viñeron aquí, ademais a darlle un abrazo ao señor Feixoo o señor Sánchez Galán cando tomou posesión. ¿Ou que? ¿A que veu aquí, a que colleu un avión?

E ademais vostedes fixeron algo que é infame, indecente e ruín, que foi unha campaña de linchamento persoal e político do conselleiro de Industria, de Fernando Blanco, e agora viñeron os tribunais a poñelos no seu sitio. (*Aplausos.*) E aínda falta o día que pidan perdón por esa campaña infame.

Eu quero desde aquí defender a honestidade, a capacidade de traballo de Fernando Blanco e de todo o seu equipo na Consellería de Industria, que marcaron un antes e un despois na defensa dos intereses do país. (*Aplausos.*)

Miren, o problema é o que lle dixeran, é a irrelevancia absoluta, política e orzamentaria da Consellería de Medio Ambiente, que é un mero apéndice da súa consellería, da Dirección Xeral da Enerxía e Recursos Naturais; claro, xa lle puxeron recursos naturais, para acabar con eles, para arrasalos, para espolialos. Así xa os controlan desde a Consellería de Industria e de Enerxía.

E o BNG, que o teñan claro, somos un grupo de oposición e faremos unha oposición frontal en todos os ámbitos, e tamén un grupo de proposición, e faremos as propostas no próximo Pleno mediante unha moción, non me dá tempo a desenvolvesas aquí, pero son propostas claras, clariñas en defensa do territorio do medio, da xente e do país.



E tamén estaremos en todas as mobilizacións, e a próxima vai ser o día 5 en Compostela, coincidindo co día do medio ambiente. Vai ser a expresión dese enorme clamor, enorme, masivo clamor de rexeitamento deste modelo deste plan eólico do Partido Popular, onde hai moita xente tamén do Partido Popular, dos concellos do Partido Popular, de traballadores e traballadoras do Partido Popular que viven en todos os concellos agredidos por estes proxectos. E vostedes, ademais, están conseguindo algo que é pernicioso, que é moi negativo, que é que a xente se estea poñendo maioritariamente en contra das enerxías renovábeis, cando non debería ser así, por esta política errada, falida e criticada ata polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Polo tanto, fronte aos abusos, fronte á chantaxe, fronte á extorsión, fronte á prepotencia, fronte ao espolio dos nosos recursos e do noso país, estaremos...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...miles e miles de persoas defendendo a terra, defendendo a vida, defendendo a natureza, defendendo a auga e defendendo un futuro diferente para este país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peché da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, pódeme dicir, dos parques que vostede nomeou, ¿cantos están aprobados? Con téstolle eu, ningún. *(Aplausos.)* Señor Bará, fai vostede a peor política, que é a política da mala fe, vindo ao Parlamento intentando confundir o que é unha obriga dun Goberno de tramitar un proxecto a diferenza de ter aprobado ese proxecto. Non se pode enganar a xente, e vostedes, lamentablemente, están enganando a xente.

Porque, se vostede me fala de modelos, evidentemente, temos un modelo totalmente distinto. O seu xa foi anulado, señor Bará, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por favor. Vén presumir aquí, ¿de que? ¿De todas as ilegalidades que pretendían facer dende o bipartito? Eu recórdolle como o seu propio socio de Goberno o acusou de querer facer unha adxudicación directa do concurso, o seu propio socio de Goberno. Pero si, o noso modelo é distinto. Nós cremos na empresa, señor Bará, claro que si, cremos na capacidade da empresa de xerar emprego e, sobre todo, na colaboración público-privada. Vostedes rexéitan permanentemente, rexeitan permanentemente a empresa. Seguramente porque vostedes o que prefiren é o servilismo político e non a liberdade. Pero ese é un modelo distinto, igual que o noso modelo permite que calquera promotor, independentemente do tamaño, poida desenvolver un parque eólico en Galicia, e tamén os promotores galegos, señor Bará, tamén os promotores galegos.



O noso modelo, señor Bará, permite que se poidan garantir as medidas necesarias de protección ambiental e que se poida compatibilizar o desenvolvemento da enerxía eólica con actividades do sector primario e do rural. Non enganen a xente.

O noso modelo, señor Bará, permite ese desenvolvemento ordenado, e por iso na Lei de reactivación estamos garantindo que non se pode desenvolver ningún proxecto fóra dos plans sectoriais eólicos; 35 parques que foron denegados por este Goberno a través da propia normativa do sector eólico. Señor Bará, non engane a xente.

Ou se está a favor de que Galicia avance na súa transición enerxética ou se está en contra. Ou se está a favor da recuperación económica cara a un modelo sostible aproveitando as oportunidades que abre a industria renovable ou se está en contra.

Vostedes veñen aquí a repetir os mantras de sempre, os de sempre. Seguen instalados no boicot a Galicia, o boicot a Galicia, señor Bará, e iso dende logo nós non o imos permitir.

Non é certo que o sector eólico estea ao servizo das grandes multinacionais, sábeo perfectamente; talvez o motivo está, señoría, na gran contía dos investimentos, porque sabe que cada megavatio ten un investimento de 1 millón de euros.

Non é certo que o sector eólico incumpra con todas as garantías de protección medioambiental. Non enganen a xente. Todos os proxectos eólicos sométense a avaliación de impacto ambiental ordinario, que é o procedemento máis garantista e completo regulado pola Lei 21/2013 do Estado.

¿Por que di que non cumprimos as directivas comunitarias? Pero, por favor, un pouco de rigor e de respecto a este Parlamento, porque se respecta este Parlamento estará tamén respectando os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Señoría, coas pancartas en contra de calquera actividade económica non van responder ás necesidades que teñen os galegos. Eu, señor Bará, lamento profundamente o seu discurso independentista. *(Risos.)* O único que quere o Bloque Nacionalista Galego é desconectar Galicia do resto do mundo. Ese é o seu obxectivo dende o punto de vista económico. Un illamento económico e social que o único que provocaría —e os galegos sábeno, e así o levan ratificado— sería o peche de empresas e o incremento do paro. Agora que precisamente Europa avoga por esa transición ecolóxica, a transformación dixital e a cohesión social, temos un Bloque Nacionalista Galego que di non ás enerxías renovables, non ao sector eólico e sorprendentemente votan en contra na eólica mariña do que din fóra, e iso é hipocrisía política, señor Bará, hipocrisía política do Bloque Nacionalista Galego.

Lamento profundamente esa actitude hipócrita, politicamente falando, do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Interpelación de D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia e tres deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego respecto da paridade na composición dos órganos de toma de decisión do Consello de Administración da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia

Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Certamente eu hoxe dubidaba se sería vostede a persoa a que interpelaría, ou sería a conselleira de Emprego e Igualdade; teño que recoñecer que esa dúbida tívena e ata esta mañá non saín de dúbidas. Prefería que fose vostede, señor Conde, prefería que fose vostede, así que llo agradezo. Sobre todo para evitarlle o papelón que tiña hoxe que xogar, se non, a conselleira de Igualdade, porque, claro, crean unha Consellería de Igualdade, ¿para que? ¿Para que crean esa consellería?

Entendo ademais que, ao participar vostede nesta interpelación, debeu de haber algo de debate no seo do grupo de Goberno e con bo xuízo a conselleira non quixo hoxe, como digo, asumir o mal trago que sería para ela. Porque estou convencida de que a miña, a nosa, a das mulleres, a indignación é tamén a súa.

Bueno, a comezos deste mes soubemos da constitución da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia, que, participada pola Xunta de Galicia co 40 % do capital —non pouco—, dicían vostedes que contribuirá a madurar as iniciativas da candidatura galega aos fondos Next Generation, agrupadas ao redor do polo para a transformación de Galicia.

¡Nin máis nin menos! Dito doutro xeito, este ente público-privado, por certo, nun novo acto de escurantismo político, porque o resto dos grupos políticos nos enteramos pola prensa, e digo que este ente público-privado vai decidir cales son os proxectos máis axeitados para situar o noso país na senda da recuperación. Volvo repetir, nin máis nin menos.

Por suposto ese día, o día que coñecemos a sociedade, coñecemos tamén os integrantes do seu Consello de Administración, e aquí están. Esta é a foto, hai máis, eh, teño outras fotos, pode ver vostede, aquí vense algúns deles, e esta é xa a foto onde están situados e ben colocados xa para comezar a traballar. Esta foto, a foto quizais que mellor reflicte aquel momento é esta fotografía. Quedoulles ben bonita, eh, quedoulles ben bonita. Entre as persoas integrantes, por certo, por se non o poden ver, está, ademais de vostede, que é quen preside este Consello de Administración, están tamén os conselleiros de Facenda e do Medio Rural. Nesta fotografía, neste Consello de Administración.

Naquel momento, explicaba o Goberno galego que ese polo se ía centrar en iniciativas cun alto impacto sobre a produtividade, o emprego —o emprego— e o territorio, e que xerarán un efecto arrastre sobre todo o tecido produtivo.



Pero, claro, a cuestión é que de todo isto as mulleres non sabemos. Mellor quedamos na casa coidando dos nosos e atentas ás tarefas do fogar, que xa veñen os homes a decidir o que vai ser o mellor para o noso país e, por suposto, para todas nós. (*Aplausos.*) Porque isto, señores do Partido Popular, señores do Goberno, señor Conde, é o que transcende desta vergoñenta fotografía, isto é o que transcende, que di moito do que o Partido Popular e o Goberno galego pensan da nosa capacidade, da capacidade das mulleres. Puro machismo. E non esperen que entren no discurso de que as mulleres estamos o suficientemente preparadas, etc., etc., porque ese será o seu discurso, pero xa non é o meu, e non vou entrar en absoluto en auténticas xustificacións e obviedades, en cuestións obvias non vou entrar.

Novamente, do que se trata aquí é de que só homes, só homes pretenden decidir o futuro do noso país, ou o que é o mesmo, a metade da poboación vai decidir o futuro da outra metade da poboación. (*Aplausos.*) E, por certo, e, por certo, a outra metade, que como ben saben ou se non o saben deberían sabelo, esa outra metade — nós — fomos as que sufrimos as peores consecuencias desta crise da pandemia.

Non sei, a verdade é que non sei que pensará a señora Lorenzana, que ademais de responsabilidades en materia de igualdade tamén as ten en materia de emprego, co problema que temos no noso país, sobre todo co emprego xuvenil, e que se supón que será un dos eixos desta nova sociedade. Pero é que tampouco, como xa dixo onte a miña compañeira Marina Ortega, contaron coa conselleira de Política Social cando a pandemia puxo de manifesto as moitísimas debilidades que temos no noso país nesa materia; ou mesmo a de Mar, como sector estratéxico que debiera ser para vostedes; ou a de Medio Ambiente e Territorio, un dos eixos nos que tamén traballará a nova sociedade. Ningún problema coa xente que aquí aparece, ¿pero onde están as mulleres?, ¿onde están as mulleres? (*Aplausos.*)

Eu dende logo dígolle, señor Conde, que non me sinto en absoluto representada nesta fotografía e moito menos nos resultados aos que cheguen. Serán os seus pero non serán os meus, porque nin eu nin ningunha muller podemos sentirnos representadas nesta fotografía, nin nesta sociedade que acaban de conformar.

Afortunadamente tamén nos consta que moitos homes tampouco se senten representados. ¿Pero que pensan as conselleiras? Non sei se falou vostede con elas. ¿Que pensan as mulleres do Partido Popular? Este machismo exacerbado, estes escenarios constantemente masculinizados nos que ningunean as mulleres ¿parécenlles aceptables?, ¿parécenlles aceptables? ¿Séntense vostedes representadas? Dígoo porque aínda é hoxe o día que non vin nin unha soa crítica ou denuncia a esta inaceptable foto, nin unha, por parte das mulleres do Partido Popular.

Miren, o primeiro principio de actuación de comunidade autónoma que se recolle no Decreto lexislativo 2/2015 en materia de igualdade fala da busca e eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, etc., etc. E este grupo parlamentario pregúntase sobre o cumprimento do Goberno galego das súas propias leis, pero é que ademais ese decreto tamén fala e ten un artigo específico falando do fomento, do equilibrio, ou das mulleres nos consellos de administración. A vostedes todo isto é papel mollado, ¿non? Todo isto é papel mollado.



Tamén podemos falar, por certo, da lexislación estatal, que xa fala dun equilibrio 40-60, ou mesmo das recomendacións europeas. É igual, a vostedes isto tanto lles ten, tanto lles ten.

En definitiva, o Goberno galego é culpable de discriminar as mulleres, xa que nos tratan de maneira desfavorable con respecto aos homes nunha situación idéntica, ¿ou o problema será que non nos ven nunha idéntica situación? Será que entenden que as mulleres precisamos de protección e por iso as cousas importantes quedan para que as pensen eles, que nós ao noso, que tamén é importante, tamén é importante. Pero as cousas de negocios e de cartos, mellor para eles. ¿É iso? ¿É iso realmente o que pensan?

A inexistencia de mulleres nos órganos de toma de decisións resulta hoxe a todas luces inadmisíble, e máis cando estamos a falar dun organismo que decidirá os proxectos que axudarán a recuperar o noso país tras a crise.

A reactivación do noso país non pode facerse excluindo a metade da sociedade galega, que ten moito que dicir e que decidir. (*Aplausos.*) Esa visión patriarcal e machista é máis propia doutros séculos, dende logo non do noso.

Ademais, hai que lembrar tamén que o pasado 9 de marzo o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha moción socialista para instar o Goberno galego a asegurar que a perspectiva de xénero estivese presente neses proxectos que optan aos fondos Next Generation. Claro, nós presentabamos esta moción desconfiando do compromiso real do Partido Popular e do Goberno galego para coa igualdade, e pouco tempo tivemos para comprender e comprobar que, lamentablemente, tiñamos razón, tiñamos razón. ¿Como pensaban que ían cumprir ese requirimento sen contar con nós xa nos propios órganos de decisión?

Xa se tratou aquí tamén a cuestión dos teitos de cristal, escoitamos as señorías moitas veces do Partido Popular asumir a necesidade de procurar os medios para rachar con eses teitos. ¿Pero como pretenden rachar con eses teitos se quen debe tomar as medidas é o primeiro que incumpre? Porque, en efecto, de exemplaridade este Goberno vai algo escaso. E vou aos datos, e vou aos datos.

De 11 carteiras e mais a Presidencia, ou sexa, 12, só 5 son mulleres. Os 4 delegados territoriais son iso, delegados, ningunha muller. De 65 altos cargos, só 22 son mulleres. E, se facemos —que a fixemos— a análise entre as persoas que ocupan os cargos de director ou directora xeral, ou de secretario ou secretaria xeral, atopámonos que de 42 só 17 son mulleres. E eses son os datos. Por certo, feliciten tamén dende aquí os conselleiros de Cultura, de Medio Rural e Facenda, eh, que non teñen nin unha soa muller como secretaria ou como directora xeral. Dende aquí os nosos parabéns. (*Aplausos.*)

Eu a verdade é que despois disto non sei que terá que dicirnos, señor Conde, porque xa lle adianto que non lle vai resultar doado xustificar o que estamos poñendo de manifesto.

Diante —e agora xa remato— desta discriminación e co convencemento, co convencemento de que as mulleres formaremos parte de todos os centros de decisión no futuro, a base, lamentablemente, lamentablemente de denunciar situacións como a de hoxe, preguntámoslle



se considera admisible que no Consello de Administración da recién creada Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia, participada pola Xunta de Galicia cun 40 %, non haxa ningunha muller. Queremos saber como xustifica vostede, como representante aquí do Goberno galego, esta ausencia total de mulleres nunha sociedade chamada a decidir o futuro do noso país, e o futuro do noso país é tamén o futuro das mulleres galegas.

De momento nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Díaz, agradézolle a oportunidade de poder debater con vostede sobre os fondos europeos e sobre a política de igualdade da Xunta de Galicia, porque entendo que ese é o obxectivo da súa pregunta.

Levamos, efectivamente, moitos anos, señoría, defendendo a plena integración da muller en todos os ámbitos, e sábeo. Comezando pola súa presenza na propia organización da Administración autonómica, como a través do deseño de programas baseados en criterios de igualdade que contribúan a acadar este obxectivo. De feito, xa o temos falado nesta Cámara, contamos co VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020. O primeiro aprobouse, como sabe, a comezos do ano 90, período 92-94, e estamos a perfilar o VIII Plan estratéxico.

Tamén co Plan de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. De feito, somos unha das administracións públicas con maior equiparación nas baixas de maternidade, 22 semanas, e paternidade, 16 semanas. Tamén co protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo. E ademais estamos a traballar nun plan de igualdade específico para a propia Administración galega. Permítame que lle refira algún dato. Hoxe hai 186 mulleres que participan nas sociedades, entes e fundacións da Administración galega, e elas representan o 40 % sobre o total.

E fálame vostede da sociedade de Impulsa que vimos de constituír. Lamento que fale vostede de opacidade; deberían seguramente seguir os consellos da Xunta onde se adoptan os acordos que teñen incidencia tanto orzamentaria como de constitución de sociedades e alí verá na orde do día do Consello da Xunta —non nos medios de comunicación, señoría— a aprobación desta sociedade, da participación da Xunta nesta sociedade.

E, como sabe, o Consello de Administración da Sociedade Impulsora —porque xa o temos trasladado dende o Goberno— é un consello de administración que non está pechado, e, como se ten indicado na propia constitución hai uns días, contará —como non pode ser dou-



tro xeito— coa presenza de mulleres. Pero, señora Díaz, non só no consello de administración, tamén o cadro directivo desta sociedade estará integrado por mulleres; e, de feito, a directora xeral da sociedade será unha excelente profesional que ademais é muller. Eu o único que lle agradecería dende o Goberno é que respecte a prudencia que estamos tendo, igual que nós estamos respectando a confidencialidade das candidatas.

Señora Díaz, lamento que pretendan vostedes xerar polémica onde non a hai. A Administración é a primeira que quere dar exemplo en materia de igualdade, estámolo facendo e seguirémolo facendo, e non teña ningunha dúbida. Por iso seguramente o que vostede está intentando é non falar de igualdade e de fondos europeos. Seguramente, señora Díaz, axudaría máis ás mulleres galegas, á mocidade galega, ás persoas con dificultade de inclusión laboral que se preocupasen de apoiar a petición de cogobernanza, de equidade e de legalidade institucional feita pola Xunta de Galicia ao Goberno central para maximizar a grande oportunidade que representan os fondos europeos para a recuperación de Galicia. E axudaría máis que apoiasen a petición de que o Goberno central deixe de penalizar Galicia con criterios de repartición diferentes que sempre nos prexudican, polos que galegas e galegos deixamos de percibir máis de 600 millóns de euros.

Seguramente a súa intención real, señora Díaz, de falar da composición do consello de administración é sinxelamente porque non queren falar dos verdadeiros problemas que ten Galicia cos fondos Next Generation. O Goberno está pedíndolle ás comunidades autónomas un acto de fe, de confianza cega nas súas decisións, sen contar previamente con elas para nada, repartindo os fondos ao seu antollo e obviando os criterios de cohesión social e territorial que marca Galicia. Debería seguramente deixar de ser portavoz de Ferraz e ser portavoz da defensa dos intereses dos galegos e das galegas.

O tecido empresarial e produtivo, señoría, os centros de coñecemento, os axentes económicos e sociais e o Goberno galego estamos preparados efectivamente para construír a Galicia da vindeira década. E gustaríanos que o Partido Socialista de Galicia se sumara a unha Galicia máis verde, unha Galicia máis dixital, unha Galicia cohesionada, unha Galicia inclusiva e, por suposto, unha Galicia máis igualitaria. Contamos para iso, como sabe, cunha candidatura que neste momento abrangue 355 iniciativas que mobilizan un investimento de 20.000 millóns de euros como resultado, señoría, dun amplo proceso de diálogo e de consenso con todos aqueles que quixeron participar; e tamén, por suposto, coas mulleres.

Señoría, neste contexto a Sociedade Impulsora nace cun obxectivo claro, que é contribuír á maduración dos proxectos tractores da candidatura galega que están agrupados, efectivamente, ao redor do polo para a transformación de Galicia. Un proxecto de proxectos que vai mobilizar máis de 3.000 millóns de euros nos próximos tres anos e que, ao noso modo de ver, encaixa perfectamente na definición de PERTE, con 8 iniciativas que nos poden permitir non só empezar a producir hidróxeno verde, dispoñer dunha planta para converter a celulosa en fibras téxtiles, poñer en funcionamento un centro de xeración de biogás a partir do tratamento de residuos, expandir as enerxías renovables e impulsar a dixitalización industrial. E pódolle garantir, señora Díaz, que en todos estes proxectos que se van impulsar por parte da Sociedade Impulsora, igual que todos os proxectos nos que está traballando a Xunta de Galicia, terá considerada a perspectiva de xénero en todos e cada un dos proxectos nos que está traballando a Xunta de Galicia.



Teño que incidir, en definitiva, na importancia que ten esta sociedade e na importancia que terá non só a perspectiva de xénero, senón a propia participación das mulleres na mesma. E, polo tanto, Galicia dótese nestes momentos dun instrumento para que os fondos europeos poidan permitir esa transformación económica e dixital de Galicia que estamos perseguindo e que loxicamente dende o Goberno galego pretendemos impulsar coa constitución desta sociedade.

Polo tanto, señora Díaz, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes non é propiedade de ningún, nin súa nin do Partido Socialista, de ningún; é sinxelamente, señora Díaz, unha obriga para todos. Así o entendemos, dende logo, dende a Xunta de Galicia, e somos conscientes de que debemos esforzarnos para que, ante esta crise que está afectando con maior forza a sectores onde a presenza das traballadoras é maior —como a hostalaría ou o comercio—, poidamos dar un resultado e unha resposta para atender as súas necesidades. Tamén somos conscientes da necesidade de impulsar unha participación paritaria na economía e na sociedade non só por xustiza legal ou moral, senón, señoría, tamén, ¿como non?, por competitividade, porque así é dende o punto de vista da aportación das mulleres no mercado laboral.

Pediríalle, señora Díaz, que nos axude a seguir nesta liña, que propoñan tamén medidas para avanzar na igualdade, que interveñan nesta Cámara buscando o mellor para Galicia, que utilicen a Comisión de reactivación para facer propostas tamén no eido da perspectiva de xénero, e que, en definitiva, poidan colaborar con este Goberno para entre todos reforzar unha Galicia en feminino.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señora Díaz.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Menuda decepción, señor Conde. ¡Menuda decepción coa súa resposta, de verdade! E teño que dicirlle que ademais é dunha desfachatez increíble. Agora si que lle digo que pensei que ía ser bastante máis produtivo debater con vostede, pero penso que non; agora si que é cando boto de menos a conselleira de Igualdade, (*Aplausos.*) que ao mellor me tiña que contar algunha cousa acerca de igualdade. Porque, mire, dígolle que, se quixese falar dos fondos Next Generation, seguramente non sería nin esta deputada a que estaría falando aquí. Eu hoxe vin aquí falar de equilibrio nos órganos de decisión; equilibrio entre mulleres e homes, claro, porque ao mellor vostede tampouco entende ben, non comprende o que é o concepto de equilibrio. Eu entendo o seu papelón, de verdade que o entendo, pero quedo absolutamente abraiada coa súa resposta. Claro, que ¿que vai dicir?, ¿que vai dicir?

E, por certo —unha puntualización—, esta crise non afectou a sectores onde haxa máis mulleres traballadoras, esta crise afectou en maior medida ás mulleres, (*Aplausos.*) ás que tra-



ballan e ás que non traballan. (*Aplausos.*) Ao mellor tamén aí lle fai falta a vostede algo máis de información. (*Aplausos.*)

Miren, a participación equilibrada de mulleres e homes —e, por favor, escoite ben agora o que lle vou dicir porque isto é importantísimo— na toma de decisións é vital para a igualdade, e voulle explicar por que. É case o primeiro chanzo; entre outras cuestións, porque o feito de non facelo —tal e como vimos nesta foto da sociedade que hoxe denunciámos— supón unha exhibición do poder conformado só polos homes. Ou sexa, está trasladando a mensaxe de que poder = home. ¿Como imos entón desterrar eses tópicos que nos sitúan a nós, ás mulleres, na parte máis emocional, na dos coidados, e a eles na das decisións importantes? ¿Como imos desterrar eses tópicos? ¿Non se dan conta de que tampouco lle están a facer ningún ben á violencia machista, cuxas causas radican precisamente niso, na crenza de que un —e digo un e non unha— ten maior poder sobre outra? E isto é o importante e ao que ao mellor teñen que darlle unha volta e reflexionar acerca deste tema.

E, non, non nos intente convencer de que xa tiñan pensado incluír mulleres. Sinceramente, ¡non nos tomen por parvas! Non sigan por aí. As declaracións do presidente da Xunta dicindo o mesmo que vostede —e fago miñas as palabras da presidenta da Deputación de Pontevedra— son «unha xustificación titubeante e absurda do presidente da Xunta». Se houbese vontade, pediría desculpas e rectificaría de inmediato. O contrario é reafirmar ese discurso machista, como acaba vostede, por certo, de facer hoxe aquí tamén. (*Aplausos.*)

Miren, esta disfuncionalidade xerada pola ausencia de mulleres contradí ademais a filosofía deses fondos dos que vostede non parou de falar, que teñen a igualdade do xénero como un dos seus grandes eixos. Pero, nada, xa se encargarán os homes de aplicar esa perspectiva, que para iso son vostedes os máis feministas, ¡xa se encargarán! ¿Entenden agora por que dende o feminismo sempre insistimos nunha idea, que é na necesidade de aplicar a transversalidade da igualdade na acción política? Para evitar isto hai que aplicar a igualdade. A igualdade ten que ser un valor transversal en toda acción política para evitar precisamente isto. Estamos fartas; de verdade, estamos fartas de tantos escenarios masculinizados como o desta foto, que dan mostra dun machismo exacerbado que ademais é insoportable, aínda que para vostedes sexan só anécdotas sen importancia. (*Aplausos.*) ¡Estamos fartas! (*Aplausos.*)

E, por certo, tamén estamos fartas de que vostedes sexan os que xa saen ao campo a xogar e que nós teñamos que ser as que estamos no banquillo ou que sexamos as candidatas. Esa directora xeral... si, claro, pero os que coñecemos son estes 9 homes, ¿vale? A cuestión é que non é unha anécdota —como dicía—, non o é, son instantáneas que finalmente quedan no imaxinario colectivo que axudan a asentar modelos que queremos combater. Esta foto reproduce un modelo patriarcal no que o macho é o forte e o poderoso; por certo, que veñen vostedes salvar as mulleres máis febles e que estamos ademais necesitadas de protección —como dicía antes— porque nós non sabemos. De verdade, ¿é isto o que pretenden? ¿É de verdade isto o que pretenden?

Mire, eu, de verdade, comínoos desde aquí, e perdoen o meu ton tan vehemente pero de verdade que me indigna, e indígname sobre todo a súa resposta, de verdade que me indignou sobre todo a súa resposta, pensei que ía chegar aquí con bastante máis humildade.



Pídolles que reflexionen, non podemos reproducir os modelos do patriarcado, que é o que están vostedes facendo aquí, non nolo podemos permitir xa; non, non podemos permitírnos ese retroceso.

Estou dende logo case segura que de que as cinco conselleiras non sabían nada da composición deste consello de administración, estou practicamente segura, nese consello no que ningunha figura. E esa é unha proba máis de que as mulleres non estamos nos centros de toma de decisión en Galicia, polo menos non dos poderes públicos. E todo pese a —repito— aprobar por unanimidade que a perspectiva de xénero tería que estar presente nos seus proxectos que aspiran aos fondos europeos.

Miren, e xa remato, non hai escusa, non a teñen, e dende o PSdeG esixímoslles que se deixen de discursos baleiros sobre igualdade e que se comprometan verdadeiramente con ela, verdadeiramente, asegurando unha presenza equilibrada de mulleres en todos os centros de xestión, sobre todo nos centros de xestión da pandemia e as tomas de decisión acerca da saída desta crise. Só así poderemos garantir unha visión feminista e a inclusión da perspectiva de xénero nas accións de recuperación e reactivación que se leven a cabo.

Por favor, señor Conde, fagan seu o discurso feminista, que lles lembro, por se fixese falta, que o único que busca é a igualdade entre homes e mulleres. Dende logo, mellor nos iría a todas, sen lugar a dúbidas, a todas as mulleres galegas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Díaz, efectivamente, Galicia debe facer fronte a importantes retos de futuro, como a igualdade efectiva entre homes e mulleres. E creo que podemos estar de acordo en que o relevante son os feitos e, polo tanto, cal é a situación que ten hoxe Galicia comparada con anos atrás.

E hoxe, señora Díaz, en Galicia hai máis mulleres traballando que hai doce anos e menos buscando un emprego. Esa é a realidade. De feito, son 485.650 mulleres as que están cotizando á Seguridade Social na comunidade autónoma, é dicir, 22.172 máis que en abril do ano 2009, e representan case a metade do total. *(Murmurios.)*

Ademais, o mercado laboral galego presenta mellores resultados para as mulleres que no conxunto de España. Segundo a EPA, temos menor taxa de paro, case 4 puntos menos en



Galicia que en España; maior taxa de emprego entre as mulleres de 16 a 64 anos, 2,2 puntos máis que España; e temos, señora Díaz, menores taxas de temporalidade e de parcialidade.

¿Parécelle que estes datos son unha casualidade? Pois seguramente non e seguramente detrás hai unha política de defensa efectiva da igualdade entre homes e mulleres, dunha política de igualdade por parte da Xunta de Galicia e seguiremos traballando nesa dirección, porque este Goberno, efectivamente, fala en feminino, e fala en feminino porque cre na aportación (*Murmurios.*) que a muller está desenvolvendo no mercado laboral.

¿É suficiente? Non, non é suficiente, señora Díaz. Hai que continuar traballando nesta liña porque é certo que quedan cousas que mellorar, entre elas a fenda salarial, a conciliación e o teito de cristal, bastante relacionadas entre si.

Pero seguramente non revisou a EPA antes desta pregunta e en Galicia hai 13.000 mulleres en postos de dirección e xerencia. (*Murmurios.*) Supoñen máis do 35 % das persoas ocupadas nesta posición, que é unha porcentaxe maior que no conxunto de España.

Un colectivo, señoría, no que estarán tamén as mulleres que se van incorporar aos órganos de decisión e xestión da Sociedade Impulso constituída pola Xunta de Galicia. Témosllo trasladado e así será non só nos órganos de decisión, no consello de administración, senón, como lle trasladaba, no cadro directivo. Unha directora xeral que terá oportunidade de impulsar non só os proxectos europeos, senón de incluír a perspectiva de xénero en todos eles, que é o reto que estamos trasladando dende o punto de vista desa sociedade.

Reitérolle esa solicitude de prudencia a este Goberno coas súas cualificacións, que están fóra de lugar, por suposto, e que respecte que neste caso nós tamén temos que respectar a confidencialidade das candidatas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En definitiva, señoría, creo que non debería patrimonializar o que non é seu, nin seu nin do Partido Socialista de Galicia. A igualdade entre homes e mulleres é un patrimonio de todos e, polo tanto, é unha responsabilidade na que temos que seguir traballando porque así estamos traballando entre todos. Está vostede intentando descontextualizar unha realidade de Galicia que loxicamente nós seguiremos impulsando esa igualdade de xénero e que estará presente a través de todas as medidas transversais que estamos incorporando nos diferentes proxectos europeos que estamos traballando no contexto Next Generation.

Están medidas orientadas a elevar a taxa de emprego feminino, a reducir as fendas, a adecuar competencias cara a certos sectores e postos, especialmente, señora Díaz, no ámbito de I+D+i e das vocacións vinculadas no eido científico, e tamén mellorar recursos de coidado.

Ademais, xa temos incluídos 8 proxectos que son específicos no eido da igualdade para ofrecer información e orientación ás mulleres no ámbito local, para reactivar o emprego e o emprendemento feminino, fomentar a conciliación e a corresponsabilidade, loitar contra a violencia de xénero ou atender as mulleres en situación de especial vulnerabilidade e promover a súa inserción, un exemplo claro de como este Goberno está traballando por unha Galicia en feminino e está traballando para que os proxectos europeos tamén inclúan a perspectiva de xénero.



Confiamos, loxicamente, en seguir impulsando proxectos; o Partido Socialista non presentou ningunha proposta, e si precisamos dende logo o apoio do Goberno central para que, xunto coas comunidades autónomas, poidamos seguir avanzando nunha Galicia en feminino, nunha España en feminino.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de enerxía eólica en Galicia

Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Espero que lle sexa máis cómoda esta interpelación, señor Conde, despois do espectáculo tan lamentable que acaba de dar agora na anterior interpelación, (*Aplausos.*) defendendo a indefendible foto de, como din as mulleres agora, todo pirolas que nos regalou o Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Mire, vicepresidente Conde, pese a que as mobilizacións medran por todo o territorio, dende Laxe ata Baiona, dende Laza ata O Courel, pese a que cada día son máis os alcaldes do seu partido que lles piden cambios, seguimos sen ver que admitan a necesidade dun debate profundo e consensuar cambios regulatorios que corrixan as eivas que existen no actual modelo de implantación de enerxía eólica en Galicia.

Dende o Grupo Socialista pedímoslles unha vez máis encarecidamente que abran ese debate. Creo que non é moito pedir. Que non queden de brazos cruzados ante o malestar existente, que fagan algo por demostrarlle á cidadanía que o Goberno galego está ao seu lado nas cuestións que afectan aos seus intereses. Se vostedes actuaran, se planificaran, se promoveran a participación e a transparencia, estou seguro de que este proceso de implantación de enerxía eólica contaría cun apoio decidido da maioría de todos ou practicamente todos os cidadáns galegos.

Na súa man está cambiar esa percepción que teñen cada día máis galegos e galegas de que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia traballa para beneficiar os intereses das grandes compañías enerxéticas deste país, señor Conde.

Dende o Partido Socialista queremos dicirlle que somos firmes defensores da implantación da enerxía eólica e a loita contra o cambio climático. Créame se lle digo que os socialistas non somos os que se opoñen contra calquera iniciativa de implantación de enerxía eólica que xorde no noso país, e non son os nosos concelleiros nin os nosos militantes os que forman unha plataforma para estar en contra de toda implantación eólica sen antes analizar o



que supón cada parque eólico no noso territorio. Dende o noso partido analizamos caso a caso con responsabilidade.

Pero cómpre pedirllas que fagan un esforzo por modificar o modelo actual para darlle seguridade á cidadanía de que a instalación de novos parques eólicos vai respectar o noso territorio, a calidade de vida dos cidadáns do noso rural, a viabilidade das explotacións agrarias tan importantes para a economía do noso país, o respecto ao noso patrimonio cultural, ao noso medio ambiente e á nosa paisaxe.

Dende o noso grupo sabemos que o sector eólico é importante en Galicia, xa o dicía onte, que representa case o 1% do PIB galego e unha aportación de preto de 600 millóns de euros. Sabemos que aporta miles de postos de traballo asociados ao dito sector. Así mesmo, a través das tributacións fiscais, tanto as autonómicas como as locais, achega á nosa economía galega uns 60 millóns de euros e uns 58 máis de gravames a nivel estatal.

Doutra banda, a enerxía eólica xerada en Galicia en substitución de enerxías convencionais ten impacto na loita contra o cambio climático, permitindo reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera, e entre o 2015 e o 2019 evitou a emisión de 33 millóns de toneladas de CO₂, que en termos económicos se traduce tamén nun aforro de 153 millóns de euros en 2019 en dereitos de emisión.

Dito isto e posto en valor para que non diga o contrario un sector que hai que defender e potenciar, entendemos que Galicia ten nestes momentos unha forte implantación xa de enerxía eólica, moita máis que na maioría das autonomías do noso país, e que, polo tanto, todo proxecto de enerxía eólica que chega a Galicia deba ser analizado con moita mesura e moito sentidío.

Señor Conde, está na súa man traballar en comunión cos concellos e comunidades do noso rural, ou seguir vendo como día tras día aparecen novos colectivos e alcaldes incluso do seu partido que teñen medo de que se leven a cabo proxectos eólicos moi agresivos, que vostede e eu ademais sabemos que non teñen futuro en moitos dos casos, pero que o seu modelo, o modelo actual da Xunta de Galicia, permite que xeren incerteza.

Só lle pedimos que abran un proceso de negociación para chegar a un novo plan sectorial eólico, que o plan actual non responde á realidade e non foi sometido a un estudo de impacto ambiental estratéxico.

Debemos estudar a situación de Galicia en conxunto, establecer onde deben situarse as novas infraestruturas eólicas; cales son as zonas que debemos preservar do impacto destes parques; que límites debemos ter nesta implantación; e, por suposto, que regulación debemos poñer enriba da mesa ante unhas infraestruturas eólicas que mudaron moito dende o inicio da instalación de parques en Galicia, xa que nada teñen que ver aqueles muíños que se instalaban nos anos noventa cos actuais, que poden chegar aos 200 metros de altura, señor Conde. Mire a foto do que significa a Torre de Hércules da Coruña ao lado dun destes muíños eólicos.



Señor Conde, podemos e debemos facer cambios. Entendemos que vostedes fixeran cambios na Lei de simplificación para facilitar a implantación de enerxía eólica, aínda que a propia EGA recoñece que non lles axuda en nada de nada.

Pero poderían tamén abrir os cambios para protexer a nosa cidadanía. Fíxese, vostede hai ben pouco fixo posible que se implante enerxía eólica fóra das áreas de desenrolo eólico. Tamén permitiron que o Servizo de Inspección Ambiental o poidan desenrolar empresas privadas. Pero son incapaces de modificar esa planificación para aumentar a distancia mínima á que se teñen que situar os muíños das vivendas, e sabe que aquí é de 500 metros a núcleo rural, a metade que hai en Asturias ou Valencia. Podemos cambialo. Deberan estudar o que está a suceder coa aparición de grandes superficies poligonais dos parques eólicos que causan unha afección sobre as propiedades que se sitúan no interior, unhas poligonais que están a xerar cargas en moitas propiedades de galegos que non reciben absolutamente nada pola dita afección, pero ven limitadas as súas posibilidades e diminuído o valor das súas propiedades, señor Conde.

Deberan protexer as zonas de ampliación de Rede Natura, unha ampliación que dende o seu grupo admitiron votando a favor dunha proposta do noso grupo para que se finalice xa, algo que xa quedou proxectado polo Goberno de Touriño e que bloquearon dez anos, teñan en conta ademais que temos a metade da media estatal da dita rede.

Por outra banda, protexan as valiosas zonas de humedais de Galicia, incluídas as turbeiras presentes en moitos lugares onde se están a proxectar estes parques eólicos, que apenas están sendo contempladas nos estudos de impacto ambiental, dado que coa excepción das cinco zonas húmidas protexidas de Galicia, estas turbeiras nin tan sequera están incluídas no inventario das zonas húmidas previsto pola normativa autonómica dende hai unha década, un inventario que nunca foi realizado.

O curioso é ver a contestación que lle dan dende a Xunta a aqueles como o Colectivo do Quijote de Outes, que piden a catalogación de novos humedais e reciben a seguinte resposta da Xunta, de que este rexistro só está a nivel estatístico e, polo tanto, non implica protección. Esta é a resposta que lle dá a un colectivo que desexa protexer algo esencial no futuro como é a auga. As brañas e turbeiras do seu territorio, un tipo de humedal que xa recibe un alto grao de protección segundo a Unión Europea e a Directiva marco da auga, coa importancia que teñen estes humedais para combater o cambio climático por ser acumuladores naturais de CO₂.

Señor Conde, trouxemos esta interpelación despois de ver a súa posición contraria e inamovible en relación cunha serie de propostas que non implican a paralización de implantación da enerxía eólica en Galicia con cuestións que non ían contra a normativa estatal europea. Fíxese cal era a primeira proposta da nosa moción en decembro de 2020: creación dunha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental para concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento da actividade eólica no seu territorio.

Curioso ver que vostede, que votou en contra desta proposta no mes de decembro, anuncie este mes en reunión con alcaldes da provincia de Pontevedra a creación dunha rede de in-



formación provincial para que os concellos poidan coñecer os futuros proxectos eólicos que se vaian desenrolar na comunidade antes de iniciar a súa tramitación. Algo cambiou, polo que vexo.

Entendemos que lles custe admitir as eivas do sistema actual, e que vaian pouco a pouco variando a súa posición. Pero igual que antes admitiu a creación desta oficina, que antes negaba, no mes de decembro, voulle propoñer outras cuestións. Poña medidas para mellorar as rendas que chegan aos propietarios, equilibrando as negociacións entre promotores e propietarios, coa publicación tantas veces dita dun contrato tipo para que a cidadanía teña como base para negociar coas promotoras. Cree unha base pública de información de prezos alcanzados nas negociacións, non é nada complexo o que estamos pedindo. Mude o marco regulador para volver a conseguir que, para chegar á declaración de utilidade pública dun terreo e que un promotor consiga acceder a unha expropiación, sexa necesario xustificar a existencia dunha negociación e a imposibilidade de chegar a acordos, algo que vostedes modificaron.

Pedimos que a implantación de eólicos teña unha maior repercusión nos concellos e comunidades do rural, modificando a regulación actual para que o canon eólico sexa establecido pola potencia instalada nos parques e non polo muíño, neste momento no que se instalan menos muíños pero son de maior tamaño e potencia. E poden mudar o reparto do fondo de compensación ambiental, un fondo que se reparte de forma opaca e que deberían facelo con criterios obxectivos actuando directamente nas comunidades afectadas pola instalación dos ditos parques eólicos. No caso de parques eólicos situados nos terreos das comunidades de montes veciñais, propoñémoslle que, igual que o fai o Principado de Asturias, o canon ou renda non pode ou non deba ser inferior ao 3 % do valor dos beneficios obtidos pola promotora, está na súa lei de montes, na lei de montes asturiana. E eliminen a prevalencia xenérica de interese social e utilidade pública...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...—acabo xa— en relación cos montes veciñais de mancomún, que deba ser estudada caso a caso.

Pedímoslle tamén que protexan os núcleos rurais e as actividades agrarias, que é un dos piares básicos do noso rural, que non poden estar en risco pola implantación desta actividade. Señor Conde, ¿admite vostede que deben abrir o debate sobre o modelo eólico e introducir cambios ou prefiren seguir de brazos cruzados?

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Seco.

Ten a palabra o vicepresidente segundo, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.



Señor Seco, ¿que dúbida ten o Partido Socialista de Galicia sobre as garantías dende o punto de vista cultural, medioambiental, urbanístico na tramitación dos parques eólicos en Galicia? Gustaríame sabelo. ¿Hai algunha dúbida por parte do Partido Socialista de Galicia de que cada un dos proxectos se estuda caso a caso por cada un dos departamentos que se ven afectados? ¿Que tipo de dúbidas quere vostede trasladar na súa intervención?

Mire, o refraneiro galego di: «Palabras sen obras, guitarra sen cordas». E describe perfectamente cal é a posición do Grupo Socialista ante calquera desafío que ten Galicia e nomeadamente o desafío do desenvolvemento das enerxías renovables. Este sábado falaban vostedes de cooperación e de defender un modelo eólico respectuoso co medio ambiente e o sector primario que xire retornos para a nosa sociedade nun intento de desmarcarse da radicalidade do Bloque Nacionalista Galego e das súas plataformas. E hoxe, catro días despois, neste Pleno volven a situarse ao lado dos que se opoñen a todo. Votan non ao desenvolvemento do sector eólico xunto co Bloque Nacionalista Galego na PNL que se debateu esta mañá, e volven a repetir o mesmo discurso de ciencia ficción coas mesmas falacias, as mesmas verdades e co mesmo sentido do voto. Non a Galicia. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Próncianse palabras que non se perciben.)*

O rural galego, señor Seco, non precisa de falsos salvadores. Precisa de servidores públicos que antepoñan o interese xeral fronte ao seu interese político. Estamos ante unha enerxía limpa, sostible, con 25 anos de historia e convivencia na nosa comunidade, 25 anos, señoría, 25 anos onde os diferentes gobernos estamos traballando por esa convivencia e por esa compatibilidade do desenvolvemento eólico e o respecto e a defensa do medio ambiente. Unha enerxía que ten evolucionado moito tecnoloxicamente para poder ser máis eficiente e para buscar un menor impacto medioambiental que vostede obvia. Unha enerxía que evita as emisións do CO₂, principal causante do cambio climático que ameaza irreversiblemente os ecosistemas naturais e a biodiversidade e que, por suposto, unha enerxía que contribúe á mellora das zonas onde se implantan os diferentes proxectos do conxunto de Galicia. Un sector que sabe e xera postos de traballo, contrata autónomos, pequenas empresas, paga impostos e rendas polos terreos, e achega o 0,9 % de todo o produto interior bruto en Galicia.

Pero, señoría, ademais, do seu impacto económico, a Xunta de Galicia non ten outra prioridade que traballar para seguir procurando o necesario equilibrio entre o desenvolvemento industrial e o respecto ao medio ambiente. A tramitación administrativa que se realiza no procedemento de autorización dun parque eólico que dependa desta Administración conta, como ben sabe, con todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais correspondentes, seguindo a normativa sectorial, neste caso a Lei do aproveitamento eólico, e tamén a normativa ambiental, neste caso a Lei de avaliación ambiental, que exige, como sabe, que se contemplen todas e cada unha das posibles repercusións no lugar, incluídos os efectos acumulativos e sinérxicos do proxecto.

Todos os parques, señor Seco, teñen que afrontar unha declaración de impacto ambiental ordinaria, que é a garantía de que en Galicia non se pode fragmentar ningún parque eólico escudándose nesa declaración de impacto ambiental, legalidade que cumpre con todos os requisitos establecidos polo Estado para todo o territorio nacional e que incluso se reforzan. Sabe que dende o ano 2009 en Galicia non se permite a autorización de proxectos eólicos nos



espazos declarados como zonas de especial protección, dos valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000 salvo os casos de repotenciación. Unha prohibición que foi referendada no ano 2014 coa aprobación do Plan director da Rede Natura 2000, sinalando expresamente como actividade prohibida a implantación de novos parques eólicos nestas zonas.

Polo tanto, somos conscientes dende a Xunta de Galicia dos valores naturais a protexer na nosa comunidade, así o viñemos facendo e así o seguiremos facendo de cara a futuro. De feito en Galicia, señor Seco, todos os lugares de importancia comunitaria da Rede Natura son espazos protexidos, ao 100 %; son 59 zonas que foron declaradas de especial protección, ás que se suman o Parque Nacional das Illas Atlánticas, seis parques naturais, cinco humidaes protexidos, oito monumentos naturais, dúas paisaxes protexidas e 16 zonas de especial protección para as aves.

E nestes momentos, como dixen na interpelación anterior, a Xunta de Galicia está a elaborar unha nova proposta técnica de declaración de novos parques de importancia comunitaria para os hábitats de turbeira que poderán abranger ata 30.000 hectáreas.

En definitiva, señor Seco, non hai outro compromiso que o desenvolvemento eólico ordenado. É por este motivo que a Lei de reactivación económica de Galicia, que vostede hoxe parece querer defender, pero que votaron en contra, como sempre, que sabe que aprobamos no mes de febreiro, impedirá implantar parques fóra das áreas incluídas no plan sectorial de Galicia, a excepción daqueles proxectos que efectivamente teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora no territorio.

E con este instrumento normativo, no cal vostedes votaron en contra, xa informamos negativamente 35 proxectos que tramita o Goberno central na comunidade autónoma que suman unha potencia total de 2.632 megavatios e que afectan a un de cada cinco concellos. Todos os parques, señoría, con informe negativo da Xunta de Galicia e, polo tanto, non se poderán desenvolver no noso territorio.

A pregunta que eu lle traslado é por que esta teima do Partido Socialista de Galicia de xerar dúbidas sobre o desenvolvemento eólico en Galicia e as enerxías renovables; deixen de enganar a xente. O rexistro dun proxecto é o inicio da tramitación administrativa e non asegura, como saben, ningunha viabilidade e tampouco asegura a súa aprobación. Todos os parques teñen que superar unha regulación normativa en materia eólica, urbanística, paisaxística, patrimonial, de conservación da natureza, e sábeno perfectamente, o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, sábeno, pero simplemente pretenden sacar réditos políticos enganando a xente; é a peor política posible.

O marco legal actual é extraordinariamente garantista en Galicia e en España, e sábeno, e saben que ningún proxecto pode saír adiante sen os informes favorables dos órganos afectados. E, polo tanto, a súa política é simplemente unha política irresponsable.

Aclaro isto, saiba que temos unha terceira prioridade e un terceiro compromiso, que é actuar coa máxima transparencia e seguridade xurídica. Efectivamente, señor Seco, vimos de crear



unha rede de información provincial a modo de nova canle de comunicación entre a Administración autonómica e a Administración local. Non sei por que non se centra precisamente en poñer en valor esta iniciativa, porque vai permitir que, antes de proceder á preceptiva exposición pública dos proxectos, a Administración vai trasladar toda a información de primeira man aos concellos onde se teñan previsto implantar estes proxectos; por suposto, sen prexuízo das alegacións que este organismo, así como calquera outra persoa ou entidade da zona poida presentar no trámite de exposición pública ordinario. Recórdolle, señor Seco, que a exposición pública é o inicio da tramitación dun parque eólico. Seguramente o Bloque Nacionalista Galego o sabe pero non o recoñece, e gustaríame, cando menos, que dende o Partido Socialista de Galicia actuaran cun pouco máis de rigor.

Sinceramente creo que son medidas suficientes que amosan un claro compromiso da Xunta de Galicia por actuar con planificación, con transparencia e con consenso. Temos potencial abondo para compatibilizar a oportunidade de reactivación económica e de emprego que representan as enerxías renovables coa protección do noso patrimonio natural. Ese é o noso obxectivo e a súa materialización só depende dun verdadeiro compromiso político co futuro de Galicia por parte da oposición, que implique abandonar esta campaña de desprestixio e acoso ao sector eólico na que están vostedes inmersos, pero na que este Goberno, este grupo parlamentario e os galegos e as galegas, dende logo, non imos participar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Xa lle dicía antes o do papelón, e o do papelón debeuno deixar un pouco desubicado, porque está ben que cando un parlamentario presenta unha interpelación polo menos vostede veña a debater, non a dicir o que lle mandou dicir algún tipo de asesor e estar informado de que o Partido Socialista votou a favor da iniciativa do Partido Popular para a implantación da enerxía eólica. *(Aplausos.)* Hoxe, *(Risos.)* Señor Conde, non sei se vostede estaba aquí ou non se enterou, porque debería levantar a vista dos papeis, pero o Partido Socialista, ademais o Partido Popular aceptou unha emenda do Partido Socialista que se engadiu á proposición presentada polo Partido Popular, que está a favor da implantación da enerxía eólica, sempre *off shore*, sempre ligada tamén ao respecto ao mar e ás actividades pesqueiras.

Pero, mire, vostede dicía o mesmo en decembro, en decembro tampouco vía necesaria a implantación deste tipo de oficinas de asesoramento técnico administrativo medioambiental a concellos e comunidades locais. Vostede dicía exactamente o mesmo que di hoxe doutro tipo de cuestións, pero despois curiosamente é vostede quen o propón. Iso si, uns meses despois. Porque non se está dando conta de que o que realmente está xerando o problema na sociedade galega, esa incerteza que está xerando na sociedade galega é vostede e a súa consellería,



señor Conde, é vostede, porque non está sendo transparente e non está sendo participativo. Vostede non está informando a sociedade galega do que vai pasar e do que pode pasar, non están sendo cómplices coa sociedade galega do que está a pasar.

Mire, sabe o que dicía Manuel Pazo, o presidente da Asociación Eólica de Galicia, supoño que ninguén sospeitoso de estar contra a eólica. Dicía: «*Esto es la selva*». Saía hoxe nun medio de comunicación, dicía que isto é a selva.

Fala de proxectos para engordar a carteira de activos para facerse con dereitos sobre puntos de conexión durante cinco anos. Eles mesmos están preocupadísimos, señor Conde, pola súa falta de iniciativa para planificar e legislar neste tema.

Fíxese, no ano 2020 só houbo 6 declaracións ambientais e 4 autorizacións en Galicia, só iso. E no ano 2021, que case vai a metade do ano, vai unha declaración ambiental só e ningunha autorización, señor Conde. Ese é o seu éxito, ese é o seu éxito e a súa falla de planificación.

É curioso que durante o bipartito se deran máis do dobre de parques eólicos que vostedes en 12 anos; polo tanto, vostede debera, polo menos, abrir a posibilidade, que é o que lle estamos pedindo. Abra a posibilidade de debater, falemos sobre un novo plan sectorial eólico, que cambiaron a situación, cambiou as infraestruturas do sector eólico. Podemos falar de distancias, ¿por que non imos admitir falar de distancias? ¿Por que non admiten falar de protexer as zonas de ampliación de Rede Natura? ¿Quizais por iso a tiveron parada durante 10 anos esta ampliación, señor Conde? (*Aplausos.*)

Ou podemos falar da protección de turbeiras, de brañas e humedais, que vai ser unha das cuestións básicas en Galicia e no resto do mundo durante os próximos anos, e vostedes contéstalle a un colectivo cando presenta unha iniciativa para pedirlle á Xunta de Galicia que inclúa certos humedais dentro do inventario, contéstalle que iso non importa, que non o poden facer eles, que iso o fai por iniciativa propia a Xunta de Galicia, pero que está nada máis que a modo anecdótico, para ter simplemente como se fose algo no que consultar. Non, señor Conde, hai que protexer tamén as zonas húmidas tendo en conta o que vai significar a auga e o que empeza a significar a auga no noso futuro.

Mire, vostede deixa moitas preguntas sen contestar; fainas, di que se nós estamos a favor. Nós estamos a favor da implantación do sector eólico, ¿está vostede a favor das cuestións que lle plantexamos? ¿De equilibrar a negociación? ¿De poñer en marcha sistemas para equilibrar a negociación dos propietarios e dos promotores? ¿Está vostede de acordo? Porque pode facelo, pode facelo cando queira. Pode sacar un contrato tipo, pode facer esa listaxe dos acordos que se van tomando en Galicia con respecto a promotores..., pode cambiar a lexislación para non acudir tan facilmente á expropiación. Pode facer multitude de cousas, poden modificar o retorno que ten económico ás comunidades e aos concellos. Pero non fan absolutamente nada de nada, prefiren seguir mirando para outro lado, igual que facían cando nós lles dicíamos que había que crear un sistema de asesoramento aos nosos veciños, aos nosos concellos e a todos aqueles que quixesen saber algo sobre a implantación de enerxía eólica, e agora son vostedes os que o denuncian, cando realmente lles están pisando os talóns a cidadanía galega, que non entende como o seu Goberno non está a facer os deberes e prefire estar de brazos cruzados, simplemente vendo o que pasa.

Nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Peché da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, é difícil, ¿non?, é difícil cando un partido político quere facer oposición con todo. Eu enténdoo perfectamente, e cando quere facer oposición neste caso co desenvolvemento dun sector económico, e cando lle quere facer unha emenda á totalidade a un sector.

Eu agradézolle que efectivamente hoxe apoiasen a proposición de lei aprobada esta mañá para explorar as oportunidades de Galicia na eólica mariña. O Bloque Nacionalista Galego non quere nin analizar, nin estudar, seguramente xa teñen feito todos os seus estudos; pero recórdolle que hoxe tamén, señor Seco, vostedes apoiaron, intentaron apoiar a negativa do Bloque Nacionalista Galego á eólica terrestre, que foi votada favorablemente por este grupo parlamentario, e polo tanto vostede sempre que se fala de eólica terrestre, (*Murmurios*.) señor Seco, sempre que se fala de eólica terrestre vostedes votan non. Esa é a realidade e, polo tanto, remítome simplemente aos feitos.

Eu, entendo que efectivamente vostede vén tratar aquí un discurso, pero eu contesteille claramente sobre a posición da Xunta de Galicia dende o punto de vista da protección medioambiental do territorio na tramitación dos parques eólicos. Dixen con toda claridade que en Galicia non se desenvolve ningún parque eólico novo dende o ano 2009 en Rede Natura, con toda claridade. E dixen tamén con toda claridade que todos, o cen por cen dos lugares de importancia comunitaria da Rede Natura son espazos protexidos en Galicia. E dixen tamén, señor Seco, que a Xunta de Galicia está a elaborar unha nova proposta técnica de declaración de novos lugares de importancia comunitaria para os hábitats de turbeira. Díxeno claramente. Polo tanto, este Goberno non só está aplicando a normativa e defendendo o medio natural, senón que está traballando en incrementar a protección vinculada á Rede Natura.

Polo tanto, señoría, creo que está claro cal é o compromiso deste Goberno coa protección do medio ambiente e está claro cal é o compromiso deste Goberno coa compatibilidade da actividade económica co medio ambiente.

Señoría, a Xunta de Galicia vai seguir traballando polo desenvolvemento eólico, sempre e cando se faga de xeito ordenado e cumprindo con todas as normativas medioambientais, urbanísticas, culturais e patrimoniais. Pero lamento que o Partido Socialista galego prefira negar a maior, faino permanentemente, e manter ese alegato contrario á industria eólica e á industria auxiliar, e en contra tamén dos profesionais que traballan na Administración galega, e iso non é propio, é máis ben impropio, do Partido Socialista.

Hai que ter en conta ademais que o marco que nos ofrecen os fondos europeos, nese sentido é unha oportunidade para impulsar a enerxía renovable, que nós imos intentar impulsar dende o Goberno, e non só co desenvolvemento de nova potencia renovable, senón tamén



vinculando a esta nova potencia renovable o autoconsumo industrial, e polo tanto garantindo non só o desenvolvemento do sector eólico, senón tamén a competitividade dende o punto de vista de prezo industrial do noso territorio e das nosas empresas.

Sabe que a política eólica do Goberno ten repercusións positivas sobre o territorio, non só garantindo esa protección medioambiental, senón tamén cun impacto económico a través do canon eólico que reverte directamente nos concellos, e polo tanto seguiremos apoiando ese impacto positivo.

En definitiva, señoría, a Xunta de Galicia cre que o desenvolvemento eólico é perfectamente compatible no contexto actual normativo co medio ambiente e co resto de actividades económicas do noso medio rural. E estamos convencidos de que é unha oportunidade para acadar unha Galicia máis verde, con máis industria e con máis emprego, de aí que seguiremos traballando para que os proxectos se desenvolvan con todas as garantías e con toda a sensibilidade que sexa necesaria para a cidadanía, e tamén para seguir defendendo con toda a intensidade o noso patrimonio, patrimonio cultural, patrimonio urbanístico e patrimonio medioambiental.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis corenta e cinco.

Suspéndese a sesión ás tres e retómase ás catro e cincuenta e sete minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os motivos da Xunta de Galicia para efectuar as convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos *Next Generation* despois de remitirse a Bruxelas o Plan nacional de recuperación e resiliencia

Cando queira.

O señor FRANCISCO RIVERA: Boa tarde.

Señor Conde, boa tarde.

O pasado 7 de outubro aprobábase o Plan nacional de recuperación e resiliencia a nivel estatal, e o pasado 30 de abril remataba o prazo para a remisión dese plan a Bruxelas. Plan nacional —como vostede coñece— ou a folla de ruta que marca o inicio da modernización, da transformación, do crecemento e do impulso da actividade económica, especialmente despois desta pandemia. E ademais un plan que pivota sobre 4 eixos e 10 políticas panca que vostede coñece perfectamente.



Para os efectos de identificar os proxectos, o Goberno do Estado lanzou distintas convocatorias de manifestación de interese antes do día 30 de abril, loxicamente antes da remisión dese plan a Bruxelas. O Ministerio de Industria, por exemplo, lanzou unha convocatoria para coñecer os proxectos vinculados a ese ministerio susceptibles de ser financiados con fondos europeos que remataba o 20 de xaneiro; o Ministerio de Transición Ecolóxica fixo o mesmo con prazo de remate o 29 de xaneiro; e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital fixo exactamente o mesmo, lanzar convocatoria de manifestación de interese para coñecer os proxectos en materia, por exemplo, de conectividade dixital, despregamento da banda 5G e en cuestións de ciberseguridade tamén antes da data do 30 de abril.

Ben, a Xunta de Galicia remitiu —segundo nos anunciou vostede mesmo aquí no Pleno— 354 proxectos para a súa incorporación ao Plan nacional de recuperación e resiliencia: 247 públicos e 107 privados, que, segundo vostedes, van mobilizar algo así como 19.000–20.000 millóns de euros, o cal, evidentemente, non deixa de ser unha auténtica ensoñación —como xa lle dixeran nalgún momento neste Pleno—.

Ben, esta candidatura galega conformouse sen que a Xunta de Galicia testase —polo menos, de xeito público— e lanzase a convocatoria de manifestación de interese para coñecer cales eran os proxectos que as empresas ou a sociedade galega, o tecido económico e produtivo galego tiña por conveniente incorporar a ese Plan nacional de recuperación e resiliencia, eses proxectos galegos que vostedes logo remitiron a Madrid.

Por esa cuestión, a pregunta que lle facemos é basicamente ¿que razóns asisten a Xunta de Galicia para lanzar convocatorias de interese unha vez que xa a propia Xunta de Galicia ten remitidos os proxectos, 354, ao Plan nacional de recuperación e resiliencia precisamente cando xa está rematado este prazo? Se nos contesta, pois agradecemosllo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivera, desde o máximo respecto, a verdade é que lle teño que trasladar que é difícil de entender a posición que o Grupo Socialista está tendo aquí en Galicia con respecto aos fondos europeos. Parece que a única preocupación do seu grupo é evitar que desde Galicia se poida tomar a iniciativa, que se poidan identificar, seleccionar proxectos, fortalecer os proxectos estratéxicos que integran a candidatura galega, e, nese contexto, sorpréndeme a súa posición.

Como vostede sabe perfectamente, o propio plan nacional está sometido nestes momentos a avaliación por parte da Comisión Europea. A Comisión Europea estalle facendo requirimentos de información ao propio Goberno, e o Goberno nestes momentos está avaliando



esas manifestacións de interese e está avaliando cales van ser as convocatorias que se van publicar. E nese contexto, como sabe, Galicia está actuando con responsabilidade, está traballando xunto co tecido produtivo dende o primeiro momento, porque o tecido produtivo presentou as súas candidaturas, igual que a propia Xunta de Galicia, a esas manifestacións de interese. Polo tanto, houbo un contacto directo co propio tecido produtivo que estaba presentando esas manifestacións de interese, moitas delas apoiadas pola propia Xunta de Galicia. E, a partir de aí, sabe que nestes momentos se está abrindo un período no cal todas as comunidades autónomas estamos intentando consolidar, madurar, fortalecer os propios proxectos para que se poidan presentar coas maiores garantías posibles a esas convocatorias que vai presentar o Goberno.

Polo tanto, a candidatura que temos conformada e que remitimos ao propio Goberno de España, con eses 355 proxectos, dende o primeiro momento foi unha candidatura aberta, unha candidatura na que seguimos traballando, fortalecendo eses proxectos, na que seguimos traballando para poder identificar novas iniciativas. E nese contexto é onde a Xunta de Galicia está desenvolvendo diferentes manifestacións de interese precisamente para poder fortalecer e para poder consolidar iniciativas dentro de aspectos que consideramos relevantes. O hidróxeno verde e os usos e as demandas que se poden desenvolver vinculadas á xeración de hidróxeno verde parécenos un aspecto fundamental, igual que nos parece un aspecto fundamental o fortalecemento de iniciativas no eido do medio rural ou no propio desenvolvemento de centros de I+D. Polo tanto, son iniciativas, señor Rivera, que van vinculadas precisamente a ese fortalecemento, a esa maduración e a conformar e a consolidar a candidatura.

Polo tanto, eu creo que nese contexto estamos actuando con moita responsabilidade, vinculado de forma coordinada nas actuacións que está facendo o Goberno. E creo que estamos traballando precisamente para a candidatura... *(O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Grazas.

Réplica, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si. Grazas, señor Conde.

Non tome a pregunta como unha crítica, senón como unha manifestación de interese pola parte deste deputado en relación con saber que é o que move a Xunta a facer convocatoria de manifestación de interese unha vez que a Xunta mesmo remitiu xa ao Plan nacional os 354 proxectos. Nós entendemos que esa convocatoria de manifestación de interese se debían ter feito antes pola propia Xunta de Galicia para dar tempo ao tecido produtivo, efectivamente, a incorporar un conxunto de proxectos que logo valesen á candidatura galega. Iso non aconteceu, señor Conde, está acontecendo agora.

En todo caso, xa que vostedes, en fin, lanzan as manifestacións de interese agora, unha vez pasado o 30 de abril, a nós gustaríanos coñecer se efectivamente vostedes están tendo en



conta nesas solicitudes de manifestación de intereses os proxectos con carácter territorializado. É dicir, se efectivamente están tendo en conta que os proxectos que van vinculados aos fondos europeos teñen que cohesionar o territorio do país e non só ir nunha liña ou nun lado, ou favorecendo unha parte do país, neste caso a parte máis desenvolvida, a parte atlántica.

Nisto dos fondos, señor Conde, nós levamos reclamado diálogo coa consellería, diálogo coa Xunta, levamos reclamado a constitución dunha ponencia neste Parlamento, levamos reclamado insistentemente que se se dese voz aos axentes sociais, aos axentes políticos, e vostedes pois nada, absolutamente, de nada.

E unha última cuestión en relación cos fondos europeos: vostedes acaban de constituír unha sociedade público-privada, da que se falou xa á mañá aquí, e simplemente lle caeu unha sociedade masculinizada ademais. Simplemente lle quería facer unha última pregunta: nesa sociedade onde están entidades financeiras e empresas privadas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ... ¿quen vai decidir...?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señor Francisco Rivera.

(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivera, creo honestamente que debe revisar cal é a política que está desenvolvendo o Partido Socialista en Madrid, co apoio do Bloque Nacionalista Galego, en materia dos fondos europeos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que debería revisala. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O Goberno está centralizando toda a xestión dos fondos europeos en materia de política industrial. As comunidades autónomas que temos as competencias en materia de política in-



dustrial non imos ter territorializado nin un só euro para desenvolver as nosas políticas industriais. E debería explicarnos a ministra de Industria por que anuncia un PERTE vinculado ao coche eléctrico en Cataluña, iso seguramente si o debería explicar, e por que non se está trasladando con transparencia ao conxunto dos produtores de automóviles en España cales van ser as condicións polas cales se vai desenvolver ese PERTE vinculado coa batería. Polo tanto, sorpréndeme que vostede fale de territorialización, cando é o propio Goberno —o seu Goberno— en Madrid o que está centralizando todos os fondos en materia de política industrial. É algo, señoría, inédito que as comunidades autónomas que temos as competencias en materia de política industrial non teñamos territorializados os fondos para dinamizar a nosa industria. A pregunta é ¿cal é a posición que ten neste caso o Partido Socialista de Galicia? E, polo tanto, se o Partido Socialista de Galicia está apoiando a Xunta de Galicia e o tecido industrial galego, que se encontra cunha posición de falta de diálogo, de falta de cogobernanza e de falta de sensibilidade sobre o territorio en Galicia en materia de política industrial cunha serie de fondos que veñen precisamente orientados a fortalecer o tecido produtivo.

Con respecto á manifestación de interese, señor Rivera, estamos traballando, estamos desenvolvendo os propios proxectos que se nos presentaron. A manifestación de interese no eido do hidróxeno no caso do Goberno vai vinculado directamente á xeración de hidróxeno. Nós estamos facendo unha manifestación de interese precisamente para identificar posibles usos ou demandas vinculados á propia industria, ao propio transporte, para identificar proxectos tecnolóxicos que poidamos desenvolver cos fondos europeos Next Generation ou ben cos fondos FEDER 2021-2027. Temos que traballar co tecido produtivo, temos unha manifestación de interese para identificar se hai interese por parte do tecido para crear centros de I+D en Galicia. E, se é así, dedicaremos fondos ben dos fondos Next Generation, ben dos fondos FEDER da propia comunidade autónoma.

Creo de verdade, señor Rivera, agradeceríamos moito que o Partido Socialista de Galicia deixe de ser portavoz do Goberno en España e que empece a defender os intereses do noso tecido produtivo en materia de fondos europeos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e 4 deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Boas tardes.

Boas tardes, conselleira.

Un dos sectores que máis está a sufrir en Galicia a crise económica provocada pola Covid-19, xunto co turismo e hostalaría, é o téxtil. Ademais do goteo incesante de peches de pequenos comercios no último ano e a perda de emprego que isto provoca tanto en



traballadores por conta allea como por conta propia, no mes de abril presenciabamos distintos anuncios de inicio do período de consultas de ERE; un deles producíase na compañía H&M, un intento da cadea téxtil de rebaixar os custos salariais e de precarizar as condicións de traballo das empregadas e implantar un traballo *low cost* que afectaba ao peche de tres tendas en Galicia, concretamente en Vigo, en Ourense e en Ferrol, e, así mesmo, modificacións substanciais doutros tres centros de traballo. En Ourense, concretamente, o drástico ERE ía afectar a case 20 postos de traballo na cidade, a pesar de que é unha das tendas máis rendibles do territorio español. En Ferrol, outros tantos.

O pasado venres eramos coñecedores de que os sindicatos e a empresa chegaron a un preacordo que foi ratificado onte nos termos seguintes: readscricións voluntarias, reducións de xornadas para evitar despedimentos, maiores contías indemnizatorias, etc. A tenda de Ourense permanecerá aberta e a de Vigo trasladarase, pero non así a de Ferrol, que vai pechar a persiana. As traballadoras mantiveron unha loita titánica para conseguir un acordo con axudas das centrais sindicais que planificaron unha escalada de mobilizacións. O seguimento, como sabe, foi masivo. E non podo deixar de mostrarlles a admiración deste grupo parlamentario, tanto ás traballadoras e traballadores como ás súas familias e aos sindicatos, que os acompañaron e os acompañan na loita.

Así mesmo, a sociedade de Adolfo Domínguez no mesmo mes puxo enriba da mesa outro ERE por causas organizativas, produtivas e económicas cunha pretensión inicial de incluír un terzo da súa plantilla, que despois da negociación preceptiva, rebaixou á frioleira de 204 despedidos e 55 prexubilacións. Empresa e sindicatos —UGT, Comisións e CIG— alcanzaron un acordo que supón a perda de case un centenar de empregos na provincia de Ourense, 95 concretamente da factoría central ubicada no polígono de San Cibrao.

Este grupo parlamentario instouna, señora conselleira, a que se reunira co comité de empresa, a que elaborara un plan de acción e non fixeron nada. A pandemia, como sabe, está a apagar o comercio galego, non negamos que este sexa un problema de todo o país, pero en Galicia é tanta a crise do sector que incluso están a afectar ás chamadas millas de ouro, que están quedando con 125 locais nas 7 grandes cidades baleiras.

En Galicia no ano 2020 os factores indicadores levaron por diante 1.384 negocios emprendidos por traballadores por conta propia, dos cales 309 corresponden a peches de comercios a por menor.

Ante esta situación, ¿conta o Goberno galego cun plan de actuación concreto ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Boas tardes.

Moitas grazas, señor presidente.



A recuperación de emprego en Galicia atópase fundamentalmente no sector da construción e no sector de servizos. Galicia é a comunidade que rexistra a maior baixada de paro intermensual e interanual tanto en termos absolutos como relativos, e consegue reducir o número de parados por cuarto mes consecutivo. Aumenta a contratación e aumenta fundamentalmente a contratación en tempo completo en termos de contratos indefinidos. E aumentan as afiliacións. Temos agora mesmo 27.223 cotizantes máis que ao principio da crise e, como lle digo, a recuperación é fundamentalmente dentro do sector máis afectado, que é o sector dos servizos.

O comercio galego está evolucionando mellor que a media do Estado segundo os índices do comercio ao por menor publicados polo Instituto Nacional de Estatística para o conxunto do ano 2020, mentres que, e tendo en conta que todas as comunidades diminuíron as súas vendas, o fixo o Estado en termo medio nun -6,8 % e, sen embargo, a taxa negativa en Galicia é de -2,5 %.

Temos tamén unha mellor evolución no que vai do ano 2021; de feito, os últimos datos publicados, que son os do mes de marzo, reflicten que en Galicia as vendas comerciais polo miúdo están crescendo de media un 0,7 %, mentres que no conxunto do Estado están caendo un 1,8 %.

Para Galicia por suposto que o comercio xeral e o comercio polo miúdo, o comercio de proximidade moi en particular, é unha peza esencial da nosa economía e do noso emprego; e por iso, e a pesar de que, efectivamente, a nosa comunidade está reaccionando, está resistindo mellor a crise da Covid, como digo, no sector dos servizos, sen embargo, hoxe estamos tendo actuacións, programas concretos para dar axudas ao sector do comercio, tanto axudas directas que fomenten o consumo, como axudas directas aos autónomos, aos pequenos comerciantes, como axudas para modernizar e dixitalizar o sector do comercio.

O Bono Activa Comercio, con 10 millóns de euros para impulsar vendas no sector por valor de 55 millóns de euros e chegar a 330.000 clientes en toda Galicia, unha iniciativa posta en marcha en colaboración coa Federación Galega de Comercio que xa conta con 5.000 comercios adheridos.

Fixemos campañas de dinamización nos centros comerciais abertos e para asociacións de vendedores en prazas de abastos por valor de 2 millóns de euros.

Axudas para impulsar a transformación dixital por valor de 9 millóns de euros entre o ano 2020 e o ano 2021.

O Bono de Enerxía Peme e Comercio, 3 millóns de euros neste sentido.

E tamén bono para as persoas traballadoras autónomas, 5 millóns de euros para 2.000 persoas que se beneficiaron deste bono.

Así mesmo, un ciclo de formación de talleres para acompañar o comercio de proximidade galego na necesidade de abordar o salto dixital; e a Plataforma de Comercio Seguro posta en



marcha en colaboración co ISGA con guías e *displays* con recomendacións sanitarias, facilitando aos autónomos e pemes do sector que puidesen autoavaliar os requisitos de obrigado cumprimento en canto a todas as medidas de prevención, limpeza e hixiene, etc., contra a Covid-19.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Polo momento máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleira, a diagnose non é boa, o sector téxtil galego atravesa un momento moi delicado e os datos falan por si mesmos: cada día pérdense arredor de 8 empregos relacionados directamente con esta industria na nosa comunidade autónoma. E non o digo eu, dío a patronal Fedecom.

Dende decembro de 2019 á actualidade, perdéronse 7.993 afiliados á Seguridade Social no sector da industria e do comercio téxtil. En Galicia cóntase na actualidade con 550 empresas de confección téxtil que empregan 21.800 traballadores, dos cales o 85 % son mulleres. E, sen embargo, as asociacións critican o insuficiente apoio financeiro que recibe o sector e apuntan a que, se non se fai nada ao respecto, entre o 20 % e o 25 % de todos os negocios téxtiles desaparecerán en Galicia. ¿Cre vostede que isto se arranxa cun bono desconto que, por suposto, non dicimos que non sexa necesario, porque incentivar o consumo o é?, ¿ou cun paseo do presidente Feijóo por Pontevedra visitando o comercio local? Non. Necesitamos que a Xunta de Galicia actúe e o faga rápido cun plan de acción que evite, ou polo menos reduza, a perda continuada de postos de traballo neste sector. É unha situación difícil que necesita de medidas rápidas que logren manter todos os postos de traballo que se poidan, que evite o peche de centros e dos comercios ao por menor.

Necesitan programas de renovación xeracional, necesitan axudas directas ligadas ao mantemento do emprego e ademais facendo uso das súas competencias establece medidas de formación e reciclaxe para todos aqueles que están a engrosar as listas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

O Goberno do Estado xa ingresou, transferiu 234 millóns de euros para este sector; e quería dicirlle que nos contestara, se pode, cando pensan utilizar eses fondos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peche da pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.



Penso que as medidas que estamos tomando son medidas, como digo, conxuntas de axudas para os distintos sectores entre os cales están moi en concreto as axudas que lle acabo de mencionar para o sector do comercio. Pero tamén me gustaría mencionar todos os apoios que se están facendo a través do Igape; a través de préstamos de liñas de financiamento, en concreto xa se beneficiaron no ano pasado de liñas de financiamento ao dispor precisamente de empresas do sector do comercio 2.300 empresas avaladas por 150 millóns de euros. A liña Reactiva Comercio, que apoiou a adecuación dos espazos comerciais aos requisitos que lle sinalaba. E tamén as iniciativas de axuda á dixitalización 4.0, que son axudas cunha intensidade xeral dun 50 %, pero no caso do téxtil, dun 70 %.

Ademais de todo isto están os plans de rescate. O plan de rescate primeiro e segundo da Xunta por máis de 180 millóns de euros, do que o sector dos comerciantes foi o segundo despois da hostalaría máis beneficiado por estes plans. En concreto, do primeiro plan de rescate houbo 1.100 autónomos e microempresas do comercio cun investimento de máis de 2,5 millóns de euros a favor destes.

No segundo plan de rescate queda aínda por pagar un 10 % do importe total, pero xa levamos aprobadas 1.211 axudas a favor de comerciantes e avogados, 2.578.000 euros ao sector do comercio en Galicia.

Efectivamente o terceiro plan de rescate, con eses 238 millóns de euros, está a punto de ser finalizada a redacción da orde de convocatoria, polo cal lle podo confirmar que na primeira quincena de xuño sairá a convocatoria destas axudas.

E gustárame tamén completar a intervención en relación coa formación que, efectivamente, tamén estamos dando para apoiar o sector dos autónomos e, moi en concreto, o sector do comercio de proximidade, cun paquete de formación dixital de accións encamiñadas á adquisición de coñecementos en novas tecnoloxías e en habilidades necesarias na esfera laboral co programa Autónomos Dixitais, co que formaremos en comercio electrónico ata finais de xuño de xeito gratuíto 1.200 traballadores e traballadoras por conta propia. E ademais o Programa Formación para o Camiño, que está dirixido a facilitar ás persoas traballadoras e autónomas en sectores de actividade económica propios do Camiño, como pode ser o pequeno comercio, con coñecementos dixitais, coñecementos de xestión, habilidades brandas e+ coñecementos de idiomas. Son 4 millóns de euros co que pretendemos chegar a 1.500 autónomos.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances producidos respecto da dotación de novas tecnoloxías destinadas á diagnose e á mellora tecnolóxica dos bloques cirúrxicos no Sistema Galego de Saúde

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.



Señor conselleiro, cada día a tecnoloxía vólvese máis fundamental en moitos aspectos da vida e, se falamos de saúde, vólvese imprescindible. Cada ano hai máis innovacións e avances neste sector. A tecnoloxía na medicina é capaz de simplificar moitos procesos e que se obteñan máis e mellores resultados positivos. A tecnoloxía salva vidas, mellora a nosa saúde e, en moitos casos, contribúe a unha sanidade sostible.

Son unha serie de vantaxes e beneficios que veñen con ela e é necesario aproveitar. Por pór un exemplo, a tecnoloxía médica foi capaz de reducir a estancia hospitalaria nunha media dun 13 %. A dixitalización tamén foi un dos piares fundamentais na mellora da asistencia sanitaria que ten experimentado Galicia nos últimos anos.

É evidente que a tecnoloxía está aquí para quedar e incorporarse á nosa vida dun xeito definitivo e, por suposto, tamén forma parte de moitos procesos dentro do ámbito sanitario, especialmente no referido á diagnose e ás intervencións cirúrxicas.

Sabemos ademais da necesidade de contar con novos equipamentos de diagnose a través de imaxes para mellorar a capacidade diagnóstica do Sergas de cara a unha mellora da calidade da vida dos pacientes e a unha maior precisión nas intervencións.

A pesar de todas as vantaxes e todas as melloras que supoñen os avances tecnolóxicos, a oposición segue sen velas ou non valoralas. E curiosamente no mes de novembro do ano pasado apróbase, coa abstención dos partidos da oposición, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular para mellorar a dotación de tecnoloxía na sanidade pública galega.

Queremos e vemos fundamental mellorar os equipos tecnolóxicos, tanto os destinados a diagnoses como os quirófanos, en concreto para poder ampliar o uso de técnicas pouco invasivas.

A comezos deste mesmo mes no que estamos, o presidente anunciou no Consello da Xunta a compra por parte da Xunta de Galicia de 7 novos sistemas cirúrxicos robotizados, os coñecidos como Da Vinci, para todo o sistema sanitario galego.

Por iso hoxe, señor conselleiro, os deputados do Partido Popular interesámonos por saber que avances se teñen producido respecto á dotación no Sistema Galego de Saúde de novas tecnoloxías destinadas á diagnose e á mellora tecnolóxica nos bloque cirúrxicos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidente e señorías.

Señora Amigo, como avanzaba vostede, o presidente da Xunta de Galicia, a comezos deste mes, no Consello da Xunta anunciou a compra por parte da Xunta deses 7 equipos, deses 7



sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci para todo o sistema sanitario galego. E digo para todo o sistema sanitario galego porque é un por cada área sanitaria.

A adquisición destes robots supón un investimento de 20,5 millóns de euros e o obxectivo fundamental é facilitar a abordaxe de determinadas patoloxías que sen esta tecnoloxía serían en moitos casos imposibles de tratar.

Estamos ante un novo avance na sanidade pública galega que incorpora deste xeito unha tecnoloxía punteira e, repito, en todas as áreas sanitarias, xa que se tratará ademais do último modelo deste tipo de robot cun importante investimento non só na compra, senón tamén no mantemento.

Este tipo de sistemas facilitan fundamentalmente a visión, xa que permiten ver en máis de 2 dimensións, en 3, e tamén facilitan unha mellor posición para o cirurxián. Van supoñer un importante avance para todo o sistema sanitario e vai repercutir na mellora en primeiro lugar dos recursos, xa que a maior precisión evita perdas de sangue e, polo tanto, reduce o número de transfusións e consumo do banco de sangue. E supón, sobre todo, unha menor estadia dos pacientes.

En segundo lugar, no relativo aos profesionais que permiten accesos a zonas complexas, unha redución do tempo das intervencións, maior precisión nos movementos e, en definitiva, diminuír a dificultade ao ter unha maior capacidade de visión.

Tanto estas melloras sobre a xestión dos recursos como as que afectan aos profesionais redundan nun beneficio, por suposto, do paciente, xa que, ademais da mellora asistencial que supón, poderán abordar operacións máis complexas e reducir, polo tanto, a morbilidade, a dor ou, sobre todo, os días de hospitalización. E ademais tamén unha importante redución dos tempos postoperatorios.

Este novo sistema vaise aplicar a todas as especialidades onde teña cabida, fundamentalmente uroloxía, cirurxía xeral, xinecoloxía, cirurxía torácica probablemente, cirurxía pediátrica ou otorrinolaringoloxía.

Precisamente levamos cos xefes de servizo dalgunhas destas especialidades reunións estas últimas semanas traballando para a coordinación e maior optimización deste tipo de equipos.

Para tal efecto vaise constituír unha comisión central para o desenvolvemento da cirurxía robótica, con compañeiros da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e tamén de Recursos Económicos e, sobre todo, un representante de cada unha destas especialidades nesta comisión. E en paralelo haberá subcomisións específicas por cada unha destas especialidades. Deste xeito trátase de definir a programación máis axeitada deste tipo de equipos para que a súa utilización sexa homoxénea en todo o sistema sanitario e para sacarlle o máximo rendemento posible.

Ademais imos traballar evidentemente na formación deste profesionais na parte de coñecemento do equipo e tamén nos indicadores de uso axeitado e —repito— en todas as áreas sanitarias.



Este salto cualitativo na dotación de recursos humanos profesionais acredita a aposta en tecnoloxía que está facendo o Sergas e que permitirá que Galicia siga estando na vangarda sanitaria do noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro pola súa resposta.

O compromiso da Xunta é firme, a sanidade galega está en boas mans e avanzamos cos tempos na mellora da nosa sanidade e a vangarda da medicina.

Comprácenos saber que esta iniciativa que presentamos desde o Partido Popular na Comisión 5.^a, volvo lembrar, coa abstención dos partidos da oposición, parece que a tecnoloxía non vai con eles, estase a cumprir. Estase a facer realidade. Esta falta de compromiso por parte da oposición tampouco nos estraña, tampouco apoiaron os presupostos, a pesar dese forte compromiso por parte da Xunta de Galicia coa sanidade e de poñer ao servizo da sanidade pública galega o orzamento máis elevado dos últimos anos. A pesar de todo, a pesar da oposición, direi, incluso, hoxe os galegos podemos contar con grandes avances na nosa sanidade. Grazas aos avances tecnolóxicos, realizáronse importantes estudos que permitiron que científicos e investigadores fosen quen de analizar con máis profundidade acerca de diferentes enfermidades. E recentemente tamén vimos como no Hospital Clínico de Santiago se iniciaba o tratamento co ultrasón focal de alta intensidade, unha tecnoloxía avanzada para o tratamento do párkinson e dos tremores primarios. Un ámbito no que Galicia é pioneira, xa que temos o primeiro hospital público de toda España en contar con esta tecnoloxía.

É imprescindible contar con novos equipamentos de diagnose a través da imaxe para mellorar a capacidade diagnóstica do Sergas en diferentes especialidades, o que, unido a unha mellora tecnolóxica no ámbito cirúrxico, van permitir unha mellora da calidade de vida do paciente e unha mellor precisión das intervencións. Diso se trata.

E, por iso, señor conselleiro, gustaríanos que nesta segunda quenda nos amplíe a información sobre esa compra tecnolóxica.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora amigo.

Peché desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Efectivamente, señora Amigo, nesta aposta pola tecnoloxía temos que sumar os sete equipos que comentaba anteriormente, robots cirúrxicos, a recente incorporación no Sergas do cha-



mado HIFU, implantado no hospital de Santiago e que posibilita o tratamento de momento dos tremores esenciais en pacientes que ben sen pasar polo quirófano poden asumir ou abordar esa intervención que, por suposto, lles cambia a vida en cuestión de minutos. Todos podemos comprobar a través dos medios de comunicación cales foron os resultados do uso desta tecnoloxía da que dispoñemos agora mesmo en Galicia e, como ben vostede dicía, a única comunidade autónoma que o posibilita. Por iso o Sergas levou a cabo un investimento de 2,4 millóns de euros, grazas aos que mañá mesmo atenderemos o sétimo paciente da historia deste equipo.

Seguimos renovando tamén outros equipos, neste caso radiocirúrxicos asociados a cirurxía tamén e que anunciou o presidente a comezos do mes de marzo. Estes equipos contarán coa tecnoloxía incorporando o detector dixital e licitáronse por 4,3 millóns de euros.

Son 37 equipos que acaban de ser xa adxudicados nestes días, a semana pasada concretamente, e que, unha vez formalizado o contrato coas empresas, se incorporarán aos hospitais. Tres deles van ser destinados a cirurxía vascular, especialmente para técnicas complexas, como a reparación endovascular tanto de bases arteriais como periféricos en membros inferiores, sistema carotideo, enfermidade dexenerativa da aorta torácica e abdominal, tanto oclusiva como aneurismática. É dicir, procesos complexos, dicía en cirurxía vascular. E os equipos estarán destinados a Ourense, Lugo e Santiago. E os 34 equipos restantes están destinados á renovación de equipos radiocirúrxicos de uso habitual nos quirófanos e que permitirán o seguimento e control de intervencións de cirurxía xeral, traumatoloxía, ortopedia, uroloxía, etc.

Os equipos permiten unha mellor calidade da imaxe, por suposto, maior capacidade de integración desta imaxe cos sistema de información, ademais de, por suposto, poder empregar doses máis baixas.

Deste xeito, seguimos avanzando na renovación tecnolóxica do equipamento do Sergas cunha maior precisión e seguridade no tratamento e nas intervencións dos pacientes. Tanto o HIFU como os radiocirúrxicos dan continuidade ao que está posto en marcha no Plan de renovación de equipamento sanitario previsto para este ano 2021, que cumpre, ademais, co mandato deste parlamento a que a Xunta destinará 60 millóns de euros, dos cales 28,9 xa están explicados nestes equipamentos e tamén 28,6 serán destinados á renovación de equipos de alta tecnoloxía para diagnóstico. Estamos a falar de resonancias magnéticas, de TAC, de PET, radioloxía dixital, hemodinámica, electrofisioloxía, radioloxía vascular,... que permitirá a mellora no diagnóstico.

Ademais, hoxe mesmo sae a licitación o equipamento dos servizos de farmacia de Monforte, Hospital Naval, Hospital de Valdeorras e Hospital de Santiago, cun investimento de 3,1 millóns de euros. Este contrato, ademais, contempla as obras de reforma e ampliación que se están levando a cabo nestes hospitais.

En definitiva, dicía, seguimos traballando na mellora non soamente do bloque cirúrxico con eses equipos robóticos, senón con outros aspectos tamén importantes na tecnoloxía dos hospitais.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras realizadas nas infraestruturas sanitarias e os servizos implantados nos centros hospitalarios da provincia de Lugo desde o ano 2010

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo, señor conselleiro.

Este ano en Lugo estamos celebrando o aniversario do HULA, dez anos de funcionamento do Hospital Universitario Lucus Augusti. Cúmprense con éxito dez anos desde que se puxo en marcha o hospital, o que supuxo un punto de inflexión na sanidade galega e, por suposto, na sanidade lucense.

E digo isto porque nas últimas semanas celebráronse diferentes actos no hospital ao fío deste aniversario, onde quedaron patentes por parte dos profesionais que alí traballan, que traballamos alí, as melloras que se viñeron producindo tanto nos servizos existentes ata ese momento na cidade como nos novos servizos que se puxeron en marcha vinculados ao hospital.

Os profesionais que traballan no hospital son o gran valor que posúe este centro hospitalario, todo isto, á marxe das vantaxes que supón contar desde o punto de vista arquitectónico cun centro moderno e vangardista. Este gran capital humano púxose de manifesto nos encontros celebrados co gallo do aniversario do propio centro nestas pasadas semanas, máis en concreto púxose en valor ese sentido de pertenza que mostraban os profesionais do hospital, ese orgullo de traballar no HULA quedou patente en todas e cada unha das exposicións.

Tamén quero poñer en valor o que se transmite desde os diferentes servizos do hospital, o que din os profesionais que traballan e que atenden os pacientes a diario. Falo do que eles din, do que din eses profesionais. Eles coinciden en poñer en valor a excelente sanidade e os servizos dos que os lucenses dispoñemos, e tamén todos coinciden en dicir que nesta pandemia que estamos atravesando se pasaron momentos duros, momentos moi difíciles, momentos de impotencia, pero nunca tiveron en falta nada. A coordinación entre servizos foi excelente. O que si pon en valor é que contamos cun sistema sanitario que, se non fora así, non se tería sorteado a crise pandémica desta maneira.

Nada que ver coa sanidade tan catastrófica que nos pinta a oposición e que escoitamos a diario nesta Cámara. Non hai dúbida de que o Hospital Lucus Augusti forma parte dos grandes hospitais españois e, mesmo podo dicir, un dos grandes centros hospitalarios europeos. E disto dan testemuña distintos recoñecementos que se fan ao HULA aos diferentes servizos, como os de cardioloxía, medicina interna ou oncoloxía.

Pero a aposta do Goberno da Xunta de Galicia, do Goberno Feijóo co proceso de renovación integral do Servizo Galego de Saúde transcende do acontecido na cidade de Lugo; de feito, tamén quedou reflectida en toda a provincia, ademais de no HULA, que se equipou e se mellorou de maneira constante nestes dez últimos anos. Foron moitas as melloras experimen-



tadas na sanidade en Galicia, pero hoxe, señor conselleiro, eu quixera poñer voz aos deputados de Lugo para preguntarlle que melloras nas estruturas sanitarias se realizaron nos últimos dez anos nos centros hospitalarios de Lugo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora Amigo, efectivamente, a principios do mes de maio celebrabamos —eu puíden estar alí— o décimo aniversario do hospital de Lugo, puíden notar, sentir ese sentimento de orgullo, de pertenza de todos os profesionais, de todas as categorías. E quero aproveitar para facer publicamente aquí un recoñecemento no Parlamento dese alto compromiso dos profesionais do Hospital de Lugo e dese gran hospital. *(Aplausos.)*

Un hospital que, como vostede ben di, é unha referencia en toda Europa e, por suposto, en todo o Estado español. Onte mesmo recibía o enésimo premio da Sociedade Española de Medicina Interna. Un hospital que foi posto en marcha baixo o Goberno do presidente Feijóo, que ademais foi quen rematou as obras e sobre todo dotou de equipamento inicial, eses máis de 25,8 millóns de euros que houbo que poñer para poñelo en marcha.

Ademais, fóronse incrementando os servizos prestados neste centro. Dende xaneiro de 2014 funciona xa a sala de hemodinámica e foi no ano 19 cando os pacientes puíden contar con ese servizo as 24 horas ao día; e xa se atenderon nese ano 1.600 pacientes. Tamén no 16 se puxo en marcha a oncoloxía radioterápica, chegando nese ano a tratar 1.000 pacientes con 17.000 sesións, ou ese mesmo tamén a medicina nuclear, con máis de 1.800 probas nese mesmo ano.

Ademais, tamén se fixeron actuacións na zona de neuroloxía, pasando a dispoñer de garda de 24 horas para atención do ictus, iso foi este mesmo ano, en febreiro de 2020. E tamén se levaron a cabo actuacións importantes nas urxencias e nas unidades de críticos, individualizando os boxes, cuestión tan demanda e necesaria nun contexto como o da pandemia.

No ano 19 tamén se incorporou unha sala de electrofisioloxía cardíaca e unha nova sala de tratamento para a rehabilitación cardíaca.

Comezamos o ano 2020 coa renovación do hospital oncohematolóxico, onde se puxo en marcha unha nova sala de tratamento con doce salas; e tamén isto permitiu reestruturar toda a actividade do hospital de día oncohematolóxico e dar resposta nun menor tempo posible a diferentes tratamentos e tipos de ciclos oncolóxicos en mellores condicións de confortabilidade para os pacientes e para os profesionais.

Ademais, tamén isto permitiu un incremento da seguridade para pacientes e traballadores en todo o hospital de día. Ademais, dende o ano 2009 leváronse a cabo investimentos de xeito xeral por 6,1 millóns de euros en alta tecnoloxía destinada á mellor atención dos doentes.

Así mesmo, igual que no resto dos centros hospitalarios de Galicia, levamos a cabo unha serie de melloras de humanización dos espazos con intervencións nas salas de espera, pro-



gramas de participación cidadán, programas de voluntariado, creouse por exemplo, o Horto Solidario, e tamén participaron asociacións de pacientes.

E no marco de dotación do Plan renovación de equipamento diagnóstico do Sergas do que falaba na miña pregunta anterior, tamén se tomou a decisión de incorporar un tomógrafo PET para o servizo de medicina nuclear, completando a gammacámara e o TAC que alí están instaladas.

Polo tanto, avanzamos na mellora das estruturas do equipamento dos servizos á disposición de todos os cidadáns da provincia de Lugo e que este ano poden celebrar o décimo aniversario dese hospital sabendo que a Consellería de Sanidade segue apostando e incorporando tecnoloxía.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.

Os lucenses saben que contan cun Goberno que está comprometido coa súa sanidade, que aposta pola cidade, e que tamén aposta pola provincia. Falounos das melloras do HULA.

E nesta segunda parte quixeramos que nos falara do resto dos hospitais da provincia. Eses hospitais que a oposición leva anos pechando, pero que, en vez de pechalos, a Xunta aposta por dotalos de máis e mellores servizos, acercando os especialistas ao paciente, crecendo en melloras tanto estruturais como en servizos. Así, por exemplo, na área de oncoloxía, unha patoloxía moi sensible para toda a poboación, levouse unha oncoloxía superespecializada e cun oncólogo de referencia aos dous hospitais de Lugo, tanto ao hospital da Mariña como ao hospital de Monforte; ambos os dous contan cos mesmos especialistas en oncoloxía que ten o hospital da cidade, o Lucus Augusti.

E, se falamos de infraestruturas, señor conselleiro, no hospital da Mariña, en Burela, rematouse unha primeira ampliación e acábanse de licitar proxectos nas seguintes fases.

E tamén o Hospital de Monforte na zona sur está en obras, estase a traballar na obra do hospital de día oncohematolóxico, polo que sabemos, un primeiro paso dese plan director que xa tamén está aprobado.

E por iso nesta segunda parte gustaríanos que nos falase sobre as melloras que ten previstas a sanidade nestes dous centros hospitalarios da provincia de Lugo que tantas críticas recibiron por parte da oposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Peché da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señora Amigo.

Señor presidente.

No relativo, efectivamente, ao Hospital de Monforte, queríamos destacar que xa se iniciaron a finais do mes de marzo as obras da reforma do hospital de día oncohematolóxico. Eu quixera sumarme tamén ao seu recoñecemento ao servizo de oncoloxía médica do Hospital Lucus Augusti porque, ademais de medrar en dous especialistas de oncoloxía médica, estes dous especialistas en lugar de estar destinados exclusivamente en Monforte ou no hospital de Burela, móvense de xeito, como vostede dicía, especialízanse e o mesmo oncólogo médico que leva un cancro de pulmón en Monforte lévao en Lugo e lévao en Burela.

Sobre esta base, que non é nada sinxela de conseguir, fixéronse, precisamente, obras de reforma do hospital de día polivalente, ademais dos traballos consecuentes no servizo de farmacia.

Actuacións no hospital de Monforte por 1,4 millóns de euros. Estas obras van permitir ampliar os espazos no caso do hospital de día oncolóxico e do polivalente, que tamén vai incrementar os postos de tratamento.

No relativo ao servizo de farmacia ligado á oncoloxía médica, tamén se vai ampliar con novos e modernos espazos, con dous despachos de dispensación externa e tamén unha serie de actuacións na farmacia que ademais van permitir a robotizala con dous [...]

Este equipamento de farmacia sae hoxe mesmo a licitación para poder contar con el unha vez que rematen as obras e poder poñelo á disposición dos profesionais e pacientes o antes posible. Con esta reforma, o hospital gaña en funcionalidade e unha mellor atención e asistencia ao paciente, ao dotalo de persoal de administracións e medios.

Avanzamos tamén no plan director, que conta con 15 millóns de euros, e suporá sen dúbida unha reforma integral de todo o hospital. A previsión é reordenar, reformar e modernizar uns 10.000 metros cadrados. Eses primeiros pasos déronse acometendo esas primeiras obras, e a creación dunha área de 10 novas consultas nas que figuran, entre outras, unha unidade de hospitalización a domicilio, coidados paliativos, saúde laboral ou medicina preventiva. Os seguintes pasos serán a reforma das áreas de hospitalización, iniciándose pola planta de xinecología e pediatría.

No caso do hospital da Mariña, temos falado recentemente neste Pleno, a Xunta segue avanzando na mellora de todas as súas instalacións. Rematamos xa as fases 0 e 1A, coa execución dun novo edificio para consultas externas e de hospitalización, así como nun novo aparcadoiro; a fase 1B, na que se executou a reforma do edificio existente, rematada a finais de 2019. O seguinte paso é executar as fases 2 e 3 coa construción dun novo edificio anexo.



Tamén se reformarán varias áreas do edificio existente, ampliaremos a zona de urxencias, reformaremos a área de cirurxía ambulatoria, a reforma da URPA e a unidade de críticos. O proxecto básico de execución e da dirección facultativa destas dúas fases atópase agora mesmo en licitación e xa rematou a fase de presentación das ofertas ás que se presentaron tres empresas.

Polo tanto, seguimos traballando na mellora das infraestruturas, que non son unicamente formigón, senón que sempre levan aparellados novos espazos, novos servizos e novas prestacións, especialmente, como queda claro, no relativo aos hospitais comarcais, polos que seguimos apostando coa súa renovación e equipamento. E, por suposto, atenderemos as necesidades desde ese Hospital Lucus Augusti, un hospital punteiro á disposición de todos os lucenses.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dunha unidade de desordes alimentarias en Vigo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Hai uns días coñeciamos a historia dunha rapaza en Vigo de 15 anos que padece un trastorno de conduta alimentaria que a conduciu a reducir drasticamente a inxesta de alimentos, e o primeiro que fixo esta rapaza e a súa familia foi acudir á sanidade pública para procurar un tratamento. E o que comprobaron é que o sistema público non responde. Primeiro, porque este tipo de trastornos é fundamental que se traten de forma rápida e intensiva, e a realidade que atoparon é que entre as citas médicas pasaban semanas, porque faltan profesionais e especialmente no eido da saúde mental.

En segundo lugar, porque este tipo de trastorno require unha intervención coordinada por parte dun equipo de distintos especialistas: endocrinólogos, psicólogos, psiquiátricos. Pero, en lugar de recibir esa abordaxe conxunta, obrígaselle a pasar por unha auténtica carreira de obstáculos dun en un cada especialista, nun proceso que se dilata meses. E as consecuencias de ter que agardar tanto é que mentres tanto esa rapaza no comía e que mentres tanto a saúde desta rapaza se agravaba.

Por tanto, creo que é evidente que existe unha pésima dotación e organización dos recursos para abordar este tipo de trastornos, e esa é tamén a razón de que as consultas privadas estean cheas de casos coma este e de que moitos casos que poderían evolucionar favorablemente cun tratamento rápido se agraven.

Por iso, agardo que cando menos comparta este diagnóstico, de que o sistema público no ámbito da prevención e do tratamento temperará destes trastornos falla, e tamén falla cando a enfermidade se agrava. E aquí retomo o exemplo deste caso en concreto, porque, cando



se decide o ingreso hospitalario desta rapaza, o Sergas manda ingresala na Unidade de Psiquiatría Xeral do Hospital Álvaro Cunqueiro en lugar de ingresala onde tiña que estar, que é na Unidade de Desordes Alimentarias. ¿E por que non se lle ingresa nesa unidade? Pois moi ben, porque non hai prazas, porque en Galiza só hai unha única unidade de desordes alimentarios en Santiago, que tan só ten 3 camas na área de hospitalización aguda, 5 na área de hospitalización prolongada e un espazo para 8 pacientes na área do hospital de día.

E o que revela este caso é que unha única unidade de desordes alimentarias para todo o país é insuficiente, e que hai dúcias de persoas na mesma situación que esta rapaza que quedan excluídas dun tratamento que é vital, e dígoos así, que é vital porque del depende a súa propia vida.

Por iso dende o BNG lle reclamamos que se poña en marcha dunha vez por todas esa Unidade de Desordes Alimentarias en Vigo, que non só propomos dende o Bloque Nacionalista Galego, senón que o propio presidente desta Cámara xa propuña no ano 2015 e que segue sen poñerse en marcha.

Pedímoslles que dean pasos decididos para que esa unidade conte cando menos coas mesmas áreas das que dispón a unidade de Santiago, co persoal suficiente para asegurar que eses pacientes reciben un tratamento intensivo, continuado e por parte dun equipo multidisciplinario.

Por iso lle pregunto se ten previsto poñer en marcha dunha vez por todas esa unidade e para cando (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Fernández.

En primeiro lugar teño que dicir que me sorprende que mantivesen esta pregunta na orde do día, xa que a semana pasada puidemos por fin executar o primeiro paso para que esa Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil destinada a cubrir as necesidades do sur de Galicia sexa unha realidade, tal como me comprometín neste Pleno hai poucas semanas.

O mércores pasado publicábase a licitación do proxecto desta unidade por un importe de 70.000 euros. Unha vez que contemos co proxecto, poderemos licitar a execución das obras, que están incluídas dentro dunha partida de 2,7 millóns de euros destinada a facer obras de reforma no Hospital Álvaro Cunqueiro.



Por isto, non será necesario unicamente a execución destas actuacións, senón que ademais imos dotalas de persoal, o persoal necesario para atendela, neste caso 2 psiquiatras, 1 psicólogo, 1 terapeuta ocupacional, 1 celador e un amplo equipo de enfermaría especializada en saúde mental.

Este tipo de unidades fanse necesarias cando se esgotaron todas as opcións de tratamento ambulatorio e se require dun tratamento específico cun elevado grao de especialización dos coidados e dun ingreso hospitalario.

Polo momento, como vostede ben di, só contamos con este recurso no Hospital de Santiago e, coa nova unidade de Vigo, cumpriremos o compromiso de dotar tamén o sur da nosa comunidade.

A Unidade Infanto-Xuvenil de Vigo ocupará un espazo de algo máis de 600 metros cadrados, e segundo o seu plan, e sobre o que se basea a licitación do proxecto, contará cunha zona asistencial con 6 habitacións, reconvertibles a dobres —o mesmo que as que ten agora mesmo Santiago, que tamén ten 6—, e tamén zonas específicas para o traballo dos profesionais. Ademais, contará con zona de xogos, escola, despacho para profesores e tamén, por suposto, sala de espera para acompañantes e zona de aseo para estes.

Hai que ter en conta que esta unidade estará especialmente adaptada a este tipo de doentes, neste caso pediátricos, co obxectivo de garantir a súa seguridade, algo tan importante nas unidades deste tipo.

Repito que para a Xunta de Galicia a saúde mental neste contexto de pandemia, e tamén no da pospandemia, é unha prioridade. Por iso continuamos traballando en executar os compromisos do Plan de saúde mental, como este mesmo; en completar neste ano a contratación dos 120 profesionais comprometidos para os anos 2020 e 2021; e en poñer en marcha novas unidades ambulatorias de saúde mental, como é a de adultos que entrará a funcionar nas vindeiras semanas en Tui ou a Infanto-Xuvenil que se porá en marcha no Hospital Nicolás Peña, unha vez que se remate o proceso de contratación do persoal, ademais do Hospital de Día Infanto-Xuvenil en Vigo.

Polo tanto, nós seguiremos dando os pasos previstos no Plan de saúde mental para completar os recursos á disposición dos galegos neste ámbito asistencial.

Máis nada. Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: É certo, señor conselleiro, que vostedes son moi áxiles en saír con notas de prensa cando as cuestións saen aos medios públicos, pero a realidade é que nin se resolveu o caso concreto desta rapaza; a pesar de que vostedes saíron ao día seguinte cunha nota de prensa, esa rapaza nunca chegou a ir á Unidade de Desordes Alimen-



tarias. Vostedes anuncian as cousas moi rápido en prensa, e tamén é certo que iso que prometen, ese novo hospital de día cun programa específico para as desordes alimentarias tampouco vai resolver o problema. Por dúas cuestións ben fáciles: primeiro, porque non é un fenómeno exclusivo da infancia e da xuventude, hai moita xente adulta que ten este problema e cada vez máis, e por tanto vostedes só van cubrir unha parte pequena das persoas que padecen este trastorno; e, en segundo lugar, porque non contempla a hospitalización prolongada nin a hospitalización aguda cando a Unidade de Desordes Alimentarias de Santiago está colapsada e hai moita xente que non está podendo acceder. Por tanto, vostedes non van resolver parte do problema que existe.

Tamén cremos que a esas promesas lles faltan tamén recursos humanos. Segundo os anuncios, hoxe vostede xa eleva o número de profesionais que haberá nese hospital de día respecto do que anunciaron na nota de prensa, pero en todo caso é menor do que hai na Unidade de Desordes Alimentarias de Santiago. E é fundamental que esas unidades se poñan en marcha con profesionais suficientes.

En todo caso, cremos que é necesario abordar aínda así esa Unidade de Desordes Alimentarias completa, igual que a que ten Santiago, porque este é un problema que vai cada vez a máis. En 2015 o señor presidente desta Cámara dicía que isto era unha necesidade porque estas enfermidades son frecuentes e que teñen unha taxa de mortalidade superior á de calquera outro trastorno psiquiátrico. Pois ben, os especialistas nesta materia están alertando dun aumento de casos moi preocupante; polo tanto, se en 2015 era necesaria esa unidade, en 2021 é aínda máis necesaria. Volvemos a insistir, ¿cando vai poñer esa unidade... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Peché da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Bueno, señora Fernández, eu, como dicía, anuncieino aquí no Parlamento nunha comparecencia hai semanas, dixeron que esa unidade se ía dotar, que íamos facer o proxecto, e a semana pasada licitouse, non en prensa, no DOG licitouse o proxecto. Non sei que máis lle podo dicir. Licitouse por 70.000 euros, e aquí comprometínme antes e volvo a comprometerme agora en que haberá 2 psiquiatras, 1 psicólogo, 1 terapeuta ocupacional, 1 celador e un amplo equipo de enfermaría especializada en saúde mental.

Agora vostede dirame que iso non chega; bueno, seguramente haberá que seguir facendo esforzos, porque, por desgraza, aí coincido con vostede en que esta patoloxía poderá seguir crescendo e teremos que seguir adaptándonos.

Non estou de acordo con vostede en que non temos resolto o problema nos adultos. Aí creo que ten que vostede revisar e falar cos psiquiatras e darse conta de que, efectivamente, por moi desgraciada que sexa esta enfermidade, na patoloxía dos adultos creo que está perfectamente resolta con especialistas de primeira liña. Evidentemente todo é mellorable.



Se vostede me insiste ¿cando vai estar a unidade?, pois, como vostede ben sabe, os proxectos teñen un prazo de execución, o espazo está destinado, dicía que son 600 metros cadrados, está consensuado cos profesionais, cousa que custou bastante xa dende un principio, e esta unidade enmárcase dentro dun proxecto moito máis amplo, que é o Plan de saúde mental, que estamos comprometidos a dotalo economicamente cos millóns necesarios para estruturas como neste caso e tamén con persoal. Xa estamos contratando o persoal, hai xa contratados 14 psiquiatras por exemplo, 7 de enlace en primaria, 7 en hospital. Púxose en marcha en Ordes recentemente unha unidade de saúde mental; vaise poñer en marcha en Tui; hai prevista unha unidade máis en Oleiros e outra neste caso en Pontearreas. Estamos traballando nos hospitais de día infanto-xuvenís, tamén nas unidades ambulatorias. É dicir, todo o que está contemplado no Plan de saúde mental, especialmente no ámbito infanto-xuvenil, estamos a poñelo en marcha.

Confiamos na experiencia e no coñecemento dos profesionais que agora mesmo están levando este tipo de patoloxías, que eu creo que o están facendo con moitísima dignidade. É certo que a unidade de Santiago non dá para cubrir todas as necesidades. Tamén teño que dicir que o caso desta rapaza —da que non vou dar máis detalles obviamente, tampouco vostede o fixo— está agora mesmo pendente de entrar nesta unidade. Era o número 3 por prioridade, segundo a priorización que fai o propio servizo en base a un criterio eminentemente clínico, e cando o servizo de aquí de Santiago entenda que ten que ingresar, pois farao. Nese sentido, repito que cremos que hai que mellorar esa atención e aí están os feitos, un proxecto licitado e unha obra que, en canto teñamos o proxecto, empezaremos a construír, non lle podo dicir máis nin menos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para a reforma lexislativa que evite a incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia co ingreso mínimo vital

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, e boa tarde conselleira.

Hoxe desde o BNG preguntámoslle algo claro, directo e conciso, que é ¿cando vai rematar a Xunta de Galiza coa incompatibilidade que existe hoxe entre a Risga e outras prestacións, nomeadamente o ingreso mínimo vital? Porque esa incompatibilidade que está recollida na Lei de inclusión social de Galiza está a carrexar enormes problemas a persoas que, se mo permiten, todas as súas señorías xa teñen abondos. Persoas que se están a endebedar, extremadamente vulnerables, para poder devolver as contías percibidas pola Risga, que agora a Xunta de Galiza lles reclama. 10 meses de contías percibidas pola Risga e que agora o Goberno galego lle reclama porque decidiron vostedes non reformar a Lei de inclusión social de Galiza, nin aprobar unha normativa excepcional ante a situación na que nos atopamos e de urxencia, como fixeron outros territorios e outras comunidades autónomas, que eximise



de pagar a unha poboación que non ten culpa da incapacidade dos gobernos. Non teñen culpa estas persoas da incapacidade do Goberno español para tramitar en tempo e forma o ingreso mínimo vital, para axilizar e facilitar a tramitación desa prestación que se está a demorar moitos meses; pero tampouco teñen a culpa da incapacidade da Xunta para evitar o evitable. Porque isto non é algo que deba sorprender a ninguén, o feito de que sexa incompatible a Risga con outras prestacións, como o ingreso mínimo vital, porque, insisto, isto é algo que xa se sabía, porque está recollido na Lei de inclusión social de Galiza de 2013, non é algo sobrevindo. Falamos de persoas que ingresan 400 € —ou un pouquiño máis— ao mes, a maioría mulleres que agora deben enfrontar reclamacións de até 5.000 euros polas contías percibidas. E vostedes, diante desta situación, conselleira, en vez de solucionar o problema, decidiron parchealo, decidiron permitir o aprazamento do pagamento, certo é, durante un máximo de 30 meses; pero, claro, unha pregúntase que é o que lle propoñen á xente. ¿Que se poña a aforrar o ingreso mínimo vital cando é o único ingreso que teñen para poder pagarlles a vostedes as contías da Risga? (*Aplausos.*) Isto poderá mitigar —non dicimos que non— nalgúns casos o problema, pero non resolve o problema.

No BNG hoxe facémoslles dúas propostas para acabar con esta situación. Dúas propostas que son complementarias, que se poden adoptar as dúas: en primeiro lugar, que a Xunta aprobe con carácter de urxencia —como fixo en outubro de 2020 o Goberno canario— unha medida que permita a compatibilidade das dúas prestacións para evitar que se teña que proceder a esas devolucións por parte de persoas extremadamente vulnerables. E, a segunda, que traian decontado, canto antes, a proposta de reforma da Lei de inclusión para que sexa compatible a Risga con outras prestacións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Rodil, ía dicir e queríalle dar as grazas hoxe polo enfoque da súa pregunta, porque cando a lin creo que era unha pregunta que estaba escrita con seriedade, con mesura e co rigor que merecía unha cuestión coma esta. Aínda que hoxe pois non sei que lle pasou que se comezou a endurecer moitísimo.

A verdade é que eu comparto con vostede que as políticas de inclusión social de Galicia son o último salvavidas das persoas que peor o están a pasar, pero tamén son un salvavidas que estas persoas necesitan para saír adiante e para retomar o seu propio proxecto de vida. Por iso que, aínda que consideramos que o ingreso mínimo vital é unha prestación necesaria, dende o principio advertimos que o seu deseño e as súas maneiras coas que o Goberno central manexou esta aprobación eran completamente inapropiadas.

Desde que no pasado mes de abril se comezou a falar desta axuda, avisamos todo o Goberno central, avisamos o ministro Escrivá, avisamos o exvicepresidente Pablo Iglesias, avisamos incluso o propio presidente Sánchez das eivas que presentaba esta axuda.



En primeiro lugar, alertamos de que a Seguridade Social non tiña a capacidade para xestionar esta axuda e que habería grandes demoras.

En segundo lugar, avisamos tamén de que existirían desaxustes entre a nova prestación e as rendas autonómicas, que levan existindo décadas.

E, en terceiro lugar, anticipamos que habería solapamentos, que habería duplicidades e solicitamos ao Goberno central que tomase todas as medidas necesarias para evitalo. ¿E sabe que? Que non nos escoitaron.

E o tempo deunos a razón. Pero, sinceramente, nun asunto tan delicado coma este ter ou non ter a razón a verdade é que é o que menos importa, porque o que realmente nos preocupa é resolver esta situación provocada polas présas e provocada pola improvisación do Goberno central.

Levamos moitos meses traballando coas entidades de loita contra a pobreza nas liñas mestras da reforma da Lei de inclusión social. Estamos recollendo e estamos valorando todas as súas ideas, que sempre son apegadas á realidade social. Por iso a Xunta de Galicia comezará no vindeiro trimestre a tramitación da reforma da Lei de inclusión social, pero para iso é imprescindible que a normativa do ingreso mínimo vital á que nos imos adaptar sexa por fin unha normativa estable, porque o real decreto lei que crea esta prestación xa debe de ser o texto legal máis modificado da historia de España; en menos de 12 meses xa se viu modificada en máis dunha ducia de cambios. Modificouse no Real decreto lei de medidas urxentes de reactivación económica, no Real decreto lei de traballo a distancia; unha semana despois no Real decreto lei de medidas sociais en defensa do emprego, nunha resolución da intervención xeral do Estado; catro días despois volveuse modificar no Real decreto lei de medidas urxentes; tamén nun Real decreto lei para a redución da fenda de xénero.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): E agora os novos... *(A señora García Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Mire, eu non sei se son máis ou menos dura no papel que na versión oral, son a mesma persoa, o mesmo proxecto político e dicímoslle o mesmo por escrito que agora *(Aplausos.)*, que é



que hai que reformar a Lei de inclusión social de Galiza. Eu serei predicible —non digo que non— vostede tampouco defrauda, nin se move unha liña do guión, conselleira. *(Aplausos.)*

E permítame que lle diga algo: o Goberno de España terá moita culpa, España terá moita culpa de todo, pero reformar a Lei de inclusión social depende desta Cámara, do seu Goberno e deste Parlamento. *(Aplausos.)* Nin Pablo Iglesias, nin Pedro Sánchez, nin o Congreso, nin o Goberno de España; depende das persoas que estamos aquí agora e das que están fóra que non poden estar aquí dentro pero que fan parte desta Cámara. Por iso lle dicimos desde o BNG que que a Risga era incompatible con calquera outra prestación de idéntica natureza, con calquera outra, non esta en concreto, tamén esta pero non só o ingreso mínimo vital, sabíámolo desde 2013 porque aparece recollido así na lei. Vostede agora mesmo, eu escoitándoa, cantas veces lles advertiron era porque sabían que é a lexislación galega a que fai incompatible a nosa prestación autonómica con calquera outra de idéntica natureza.

Entón, volvo repetir, as propostas que facemos desde o BNG no inmediato, como fixeron outros gobernos, nada ilegal, o Goberno canario. O Goberno canario aprobou unha medida urxente para evitar isto que está pasando agora, que as persoas que perciben apenas 400–450 euros ao mes se lles estea pedindo que devolvan cantidades que ascenden a 5.000 euros. É unha auténtica barbaridade pedirilles 5.000 euros de devolución en axudas a persoas que non teñen máis ingresos que esas prestacións sociais porque, se non, non as percibirían. Pedímoslles —e poden facelo no próximo Consello da Xunta— que se aprobe precisamente iso, que entre tanto non se reforme a Lei de inclusión social se evite o que se está producindo agora, que son esas reclamacións. E, despois, que se traia de contado —como xa pediu este grupo en decembro de 2020— esa proposta de reforma da Lei de inclusión. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grazas.

Peche da pregunta. Conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Rodil, créame, eu preferiría non ter que pedirilles a todas as persoas que cobraron a Risga e mais cobraron o ingreso mínimo vital que normalicen a súa situación, porque a todas estas persoas as sostivemos coa renda autonómica mentres estaban meses, meses e meses esperando pola prestación estatal. E agora, cando meses despois se comprobou que percibiron ambas as prestacións, estamos obrigados a actuar así, porque legalmente non temos ningunha outra opción. É un mal trago que está a pasar Galicia, pero tamén o están a pasar outras moitas comunidades autónomas que actuaron da mesma forma que Galicia, e entendemos que é a forma máis axeitada.

E, para paliar as consecuencias desta obriga legal, estamos a conceder todas as facilidades para que esta situación volva á normalidade. O plan A, establecer unha ponte entre o Goberno central e Galicia para compensar os pagamentos sen ter que molestar todas estas familias; o ministerio xa nos dixo que non. Plan B, un prazo de 30 meses, que son dous anos e medio,



para devolver estas contías. E plan C, para as familias especialmente vulnerables e con menores a cargo pódese analizar a condonación da débeda de ata 3.400 euros. O obxectivo a curto prazo está claro, que é amortecer as consecuencias desta crónica dunha desgraza anunciada. A medio prazo e con vocación de permanencia, a nosa meta está ben clara, que é a reforma da Lei de inclusión social de Galicia para adaptala á nova situación. Para ese momento gustaríame de verdade, señora Rodil, pedirlle que o Bloque Nacionalista Galego non sexa o partido que lle dixo non á Lei de impulso demográfico. Créame de verdade, señora deputada, que é máis útil —e non para min, senón que é máis útil para Galicia— cando o Bloque Nacionalista Galego é o partido que apoia a Xunta de Galicia na reivindicación da xestión do ingreso mínimo vital. Porque así, señora deputada, estou convencida de que nos poderemos atopar e que seremos capaces de lograr cousas moi importantes.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas de actuación do Goberno galego en relación coa fixación do prezo do leite

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, o ano pasado a empresa Reny Picot ofreceu e asinou contratos de tres meses a explotacións lácteas galegas temendo unha baixada de prezos. Esa era a súa desculpa, porque nesa altura, en pleno estado de alarma, a demanda de leite incrementárase seriamente, e, segundo as leis de mercado, a maior demanda maior prezo. ¿Ou?

Lactalis Puleva, a industria que máis leite recolle en Galicia, arredor dun 20 %, revisou os seus contratos tamén no pasado ano a primeiros do verán, contratos que levaban só uns meses de vixencia e son teoricamente anuais, disque para se adaptaren a non sabemos que novo decreto. Mais o colmo destas habituais prácticas [mafiosas] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.*) ás que vostedes dan cobertura e chaman libre mercado, pois o colmo xorde cando varias destas industrias presentan contratos nos que se obriga os produtores a asinar uns prezos por baixo do custo de produción dicindo que si, que cobren os custos de produción, todo isto baixo a ameaza de lles deixar de recoller o leite en caso de non asinaren. Algunhas destas industrias, nun exercicio supremo de cinismo propio de La Cosa Nostra, introducen cláusulas de confidencialidade para que isto non se saiba e non poida ser denunciado formalmente. Claro que a lei da cadea alimentaria di que os custos de produción teñen que ser a base da negociación dos contratos escritos e obrígase a incluír nos contratos alimentarios a indicación de que o prezo pactado cobre o custo efectivo da produción. ¿E quen é o encargado de fixar ese prezo dun xeito obxectivo que non permita variacións interesadas e facilite unha negociación equilibrada? ¿Quen debe arbitrar esta negociación atendendo a que non se produzan abusos da parte máis forte sobre a parte máis feble, neste caso o produtor primario?



Mire, a ausencia dun referente obxectivo de custo de produción que marque o tope mínimo a negociar, a ausencia dun estudo real destes custos e a falla dun mecanismo de arbitraje por parte da Administración galega fai que o sector estea á vontade da industria da distribución, dos seus antollos. Existe, pois, unha extorsión continuada ao sector leiteiro galego cando a industria polo mesmo produto e coas mesmas calidades paga menos deste lado do río Navia, chegando a diferenza a 4 céntimos. E vostedes a velas vir.

Miren, ao BNG preocúpalle a pasividade da súa consellería diante destes feitos que consideramos gravísimos, que non só acontecen cos produtores lácteos, pero que neste caso ceden máis cando estas industrias son agasalladas periodicamente con subvencións millonarias con cartos de todos e todas —aqueles que non temos activos nas illas Caimán—, subvencións por conceptos tales como a xeración de valor engadido, cando o que se fai é unicamente, por exemplo, transformar o leite líquido en leite en po.

Señor conselleiro, ¿cando van facer algo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas.

Moi boas tardes a todos e a todas.

En todo caso, hoxe estamos en 2021 e vimos falando dunha situación en 2020 que ademais era nun momento —creo que todos o recordan— de máxima pandemia mundial. Digo que era bo, igual, actualizar os datos ao respecto.

Pero a min gustaríame trasladar, dentro desta vontade que temos sempre de informar, evidentemente, e entendendo que estamos a falar dun dos principais sectores do ámbito primario e galego, o sector lácteo —estamos entre as 10 primeiras rexións europeas no que se refire á produción de leite—. Obviamente, nós queremos ter claro cal é o desenvolvemento de cada un deses sectores e afrontamos a elaboración dunha estratexia do sector lácteo; unha estratexia, señor Rivas, que ten 5 obxectivos xerais, 15 obxectivos específicos, 39 medidas e 125 accións. Eu estou seguro, como voceiro que é de Medio Rural, que ten lido esta estratexia, pero eu penso que reflicte claramente cal é a posición da Xunta de Galicia de cara a traballar nese apoio aos nosos gandeiros.

E a min gustaríame trasladar que, ademais desta Estratexia do sector lácteo, tamén imos presentar proximamente a Estratexia do sector vitivinícola, xa está feita e vaise presentar, e estase licitando nestes momentos a Estratexia do sector cárnico. Planificación para poder axudar ao desenvolvemento dun maior valor engadido dos nosos sectores principais.



E voulle contestar no traballo, dentro da Estratexia do sector lácteo, falando primeiro dos custos de produción, e na quenda de resposta falarei tamén do que estamos facendo para valorizar o prezo do leite.

En canto aos custos de produción, hai dúas accións que xa se están levando a cabo de xeito específico. En primeiro lugar, señor Rivas, estamos desenvolvendo unha aplicación informática moi sinxela —e que teremos ocasión de presentarlle tamén a todos os grupos parlamentarios— de cálculo de custos de produción, co obxectivo de que o gandeiro sexa capaz de poder obxectivar ese custo de produción para logo negociar coa industria. E, polo tanto, queremos tamén que iso nos sirva —de acordo coa Lei da cadea alimentaria que vostede referenciaba que, por certo, é unha lei estatal— que nos sirva para garantir que o mínimo polo que se poida negociar o prezo do leite sexa ese custo de produción e mais a marxe de beneficio que lle corresponde ao gandeiro.

E outra cuestión importantísima, señorías, dende o punto de vista dos gandeiros, que teñen que ser concibidos como empresarios, que é o que son, é a súa formación. E nós apostamos por unha formación de carácter empresarial, e teño que dicir que mañá eu vou clausurar o primeiro curso desa formación empresarial produto desta estratexia tamén; e o bo resultado, a boa aceptación que está tendo polos nosos gandeiros ese tipo de formación vai dar ou traer consigo que proximamente teñamos que facer dúas formacións máis en Ribadeo e tamén outra vez en Sergude.

Polo tanto, repítolle, dende o punto de vista dos custos de produción, agora mesmo traballando nesa aplicación informática que nos vai permitir ou vai permitir aos nosos gandeiros defender os seus contratos fronte á industria, nunha liña precisamente de ter ese coñecemento dos custos de produción e, por suposto, tamén a formación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, vostede remíteme a que é do ano pasado. Non, é constante, levan, desde o 2009 estamos nesta situación, ou sexa que non é do ano pasado.

Segundo, di que estamos entre as 10 primeiras rexións lácteas de Europa. Non se nota, somos as que peores prezos temos, e seguimos.

E, en canto á Estratexia láctea, si claro que a lin, tamén lin que vostedes lle deron 3 millóns de euros a Oviganic por valor engadido e resulta que transforma leite que importa todo, todo ese leite, toda a cantidade de leite impórtao desde Castela e León, porque é leite de ovino, e transforma soamente para leite en po. Se esa é a Estratexia do sector lácteo, pois veña Deus e o vexa.

En canto á APP, certamente lévannos prometido unha APP, pero, mire, un que é can vello e que sabe aquelas cousas do mercado libre e desas cousas que estudou doutra maneira do que



se di hoxe, pero que segue sendo a mesma maneira, ¿quere vostede dicirme que con esa APP 3 explotacións que teñen diferentes custos de produción, a mesma industria vailles pagar prezos distintos? ¿Ese é o libre mercado do que vostedes falan do mundo libre, da competición libre? ¿Esa APP vai poder facer iso? ¿Diferentes industrias van pagar distintos prezos polo mesmo leite máis ou menos a unha explotación que consegue o leite máis barato e a outra que o consegue máis caro, porque, por exemplo xestiona diferente ou xestiona mal?

Realmente iso sería o cumprimento da bolxevización da Lei de recuperación da terra agraria. Vaia, do que vostedes entenden por bolxevismo. Pero, mire, no BNG sómoslle xente seria e formal. Nós propoñémoslle unha categorización das explotacións por varios factores, como o número de cabezas, base territorial, hectáreas de forraxe, pasto permanente, a declaración da PAC e, a partir de aí, vostedes actúen de árbitro nunha mesa do leite, que era o que se viña facendo, pero cando vostede entraron tiveron que rebentalo todo de novo.

Claro, fágano ben e ademais utilicen esas subvencións que dan,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas, grazas...

O señor RIVAS CRUZ: ...ás veces alegremente, para condicionar as industrias...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, señor Rivas. Grazas. *(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleiro de Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor Rivas, eu pediríalle que algunha vez deixara de lado as cuestións ideolóxicas e debateramos a fondo do que realmente lles interesa aos gandeiros.

Cando fala de Oviganic, está falando dunha empresa que, efectivamente, seca leite que non hai en Galicia, porque é de cabra e de ovella, pero non está dicindo que Oviganic acaba de comprar unha queixaría e acaba de meter no accionariado desa queixaría gandeiros galegos de leite. Polo tanto, penso que hai que poñer enriba da mesa todo o que se fai.

Tamén no corpo da súa pregunta fala de Inleit; Inleit, que é unha empresa que está comprando xa a máis de 300 gandeiros galegos e practicamente 200 millóns de litros de leite.

Se quere tamén botamos para fóra esas industrias, porque son multinacionais e non deixan aquí valor engadido, *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* e non están axudando aos gandeiros galegos, non están traballando cos gandeiros galegos para que, efectivamente, poidan vender o seu produto e ter a rendibilidade necesaria.

Pero, mire, díciolle antes que falabamos no primeiro turno de resposta do que estamos a facer no ámbito dos custos de produción, e si é certo que esa aplicación vai permitir calcular os custos de produción, evidentemente por rango de explotacións. Polo tanto, aí estaríamos moi cerca na determinación.



Pero, falando do prezo, en primeiro lugar hai que valorizar o leite pola súa orixe. Hai que defender, e nós potenciamos —tamén se di na estratexia— a marca Galega 100 % dentro dunha marca agroalimentaria galega de calidade que se vai presentar este mesmo ano. Pero, en todo caso, dentro desa marca estará Galega 100 % defendendo a orixe galega como un referente de calidade. Penso que ao Bloque isto non lle debería parecer moi mal.

En segundo lugar, temos que apoiar a diversificación dos nosos gandeiros cara a produtos de maior valor engadido: leite de pastoreo. Señorías, a Xunta de Galicia é a primeira comunidade autónoma de España que vai regular de xeito oficial o leite de pastoreo para previr fraudes. Estou seguro de que en Galicia haberá moi pouco pero, en todo caso, imos defender a calidade e impulsar o pastoreo pola definición dunha marca propia.

Por certo, a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ten como un dos obxectivos fundamentais dotar de base territorial as nosas explotacións gandeiras para poder ter logo ese pastoreo que imos estar promovendo no leite de pastoreo. Aínda que só sexa porque, home, estaríamos totalmente equivocados se estamos promovendo unha marca e despois non somos capaces de darlle base territorial aos nosos gandeiros para que fagan ese pastoreo.

E hai outra cuestión, señorías, que a min me interesa especialmente. Máis aló de que os gandeiros se teñan que converter en industria de transformación, o que trae consigo a estratexia é o apoio de que eses gandeiros formen parte accionarialmente desas industrias de transformación. E dicíalle antes que Oviganic e Leite Noso é un bo exemplo do que está a impulsar a Xunta de Galicia.

Nós imos apoiar financeiramente as nosas gandarías para que poidan entrar no accionariado de empresas de transformación para que pola vía da distribución de dividendos poidan ter ese maior valor engadido.

En definitiva, traballamos a prol dos nosos gandeiros, traballamos a prol do noso sector primario e traballamos para que Galicia continúe medrando desde o interior, desde o rural. Seguimos facendo Galicia rural.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Gustaríame, señor Rivas, se podemos quero retirar unha expresión que utilizou vostede na súa pregunta.

(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, non... «Conduas mafiosas que vostedes amparan». Vou pedir se iso... Eu pido que se retire. ¿Non o retira? *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pois eu pido que se retire, retírese iso e, consecuentemente, teño que chamalo á orde. Esa é a cuestión.



E agora quería, para rematar, quería darlles as grazas en nome do Centro de Transfusións e da Unidade de Doazón, que estiveron aquí, queríalles dar as grazas a todos os deputados e deputadas, e aos traballadores desta casa, primeiro polas doazóns e segundo tamén porque, en palabras da directora do Centro de Transfusións, con estas medidas axudan a que a xente se conciencie da importancia da doazóns. E polo tanto eu isto quéro llelo agradecer. Isto é o que me transmitiu a directora do Centro de Transfusións, e eu transmítollelo a todos vos-tes e aos traballadores.

E nada máis, suspendemos a sesión. Ben, rematou aquí o Pleno.


Remata a sesión ás seis e dez da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

